

teima
REVISTA GALEGA DE INFORMACION XERAL

Fernando Arrabal
escribe pra TEIMA



Celulosa que non cesa

Vimianzo e a mina de caolín

Mallar nos probes

Mesa redonda

O longo conflito dos «penenes»

Millóns de nenos condenados a morte. Indúlteos.

Neste intre, a única saída
pra 900 millóns de nenos é morrer.
900 millóns de nenos están condenados
pola fame, as doenzas
e a falla total de cultura.



Na súa man está o indulto.
Unicef sóio conta con diñeiro dos seus socios.
Fágase socio de Unicef.
Nunca terá empregado millor
un pouco de diñeiro.

unicef

Fondo das Nacións Unidas prá Infancia

Apartado 12021
MADRID

Rogo me remitan maior información sobor de Unicef.

Nome

Dirección

Cidade Distrito

Teléfono

EDITADA POLA
Sociedade Galega de Publicacións, S.A.

DIRECTOR
Anxel Vence Lois

REDACCION E COLABORACION
Luis Alvarez Pousa, Víctor Fernández Freixanes, X. M. Palmeiro, Antón López Mariño, Xavier Navaza Blanco, Manuel Rivas Barrós, Margarita Ledo Andión, Perfecto Conde Muruais, Guillermo Campos, Xosé Platero Paz, Alfonso Sánchez Izquierdo, Xulio Xiz, Xosé R. Vilamor.

ASESORES
Carlos Casarás, Salvador García Bodaño, Xosé Manteiga (Cultura)
Enrique Aller, Fernando M. Randulfe (Dereito Laboral)
Ramón Barral, Xan L. Facal, X. M. Beiras, Xoan Rous, Xesús Vega (Economía)
Valentin Arias, Xurxo Torres, X. M. Espino (Ensino)
Aldexandre P. Camacho, Xoan X. González, Xosé M. Cabanas (Ecología)
Francisco Carballo, Xosé M. Santalla, Alfonso Magariños, X. Chao Rego (Igrexa)
Xosé Marpa, X. M. López Nogueira, Santiago Lamas, F. X. Yuste (Medicina)
Equipo Trasmallo, Domingo Quiroga (Pesca)
Mario Orxales, Xan Bouzada, Xosé P. Vilariño, Daniel Pino, Ricardo Palmás (Socioloxía)
César Portela, X. L. Martínez, X. Bar Boo (Arquitectura-Urbanismo)
Ceferino Díaz, Claudio L. Garrido, A. Pousa Antelo (Campo)

AXENCIAS
Europa Press (Madrid), Zardoya (Barcelona), Keystone (París), Prensa Latina (Habana)

CORRESPONSAIS
Arturo Ruibal, Rafael L. Torre (Madrid)
Carlos Porto (Lisboa)
Xavier Costa Clavell, Ramón Clemente (Cataluña)
Gregorio Gálvez (Euzkadi)
A. Ramos Espejo (Andalucía)
Equipo Andalan (Aragón)
Vicent Ventura (País Valenciá)
Equipo Cort (Baleares)
Ramón Luis Chao (París)
F. Pérez-Barreiro (Londres)
Domingo Fernández (Buenos Aires)
Emilia Vázquez (Santiago de Chile)
Baldomero Cores (Puerto Rico)
Fernando Pereira (Montevideo)

DEPARTAMENTO GRAFICO
Manuel Yáñez (fotografía)
Siro López, Xaquín Marín, Xosé Loquis (dibuxo)
Mario L. Rico (cartografía)

DIAGRAMACION E CONFECCION
X. M. Gómez Vilasó
SUPERVISION LINGUISTICA
Rosario Alvarez Blanco, Francisco Fernández Rey (I.L.G.)

XERENCIA:
Carlos Vázquez
PUBLICIDADE:
Xosé M. Rodríguez Iglesias

IMPRIME:
La Voz de Galicia, S.A./Prelo Comercial
Concepción Arenal, 9-13
A Coruña (Galicia)
Depósito Legal: C-649-1976

DISTRIBUE:
Sendeiro
Fontiña dos Concheiros, 86-88
Teléfono 597500
Santiago de Compostela
REDACCION E ADMINISTRACION:
Rúa do Hórreo, 94, entrecán D.
Apartado de Correos 448
Teléfono 596741 (981)
Santiago de Compostela.

Teima non se fai solidaria das opinións expresadas polos seus colaboradores.

Autorízase a reprodución total ou parcial de textos e grabados, sempre que se cite a procedencia.

Industrializar Galicia, erguer Galicia

Están xa moi lonxe aquelas palabras de Rosalía que se referían ós labradores galegos como única xente do traballo na nosa terra. Pasaron moitas cousas en Europa dente entón, e choveu moito en Galicia dende aquela.

Hoxe podemos afirmar que Galicia posee unha grande, anque desorganizada e espallada, clase obreira. Non nos referimos maiormente ás folgas do Ferrol e Vigo que puxeron a proba a forza e solidariedade dun proletariado galego xa adulto, falamos sobre todo dos milleiros de traballadores galegos, onte labregos, que inzan as barriadas obreiras de Suiza, Alemania, Inglaterra, Francia...

Un feito aparece ben claro: en Galicia estamos a asistir a un proceso de transformación de labregos en obreiros asalariados, de campesiñado en proletariado industrial ou de servizos, pro a transformación prodúcese fóra; o labrego galego convírtese en obreiro europeo, algunhas veces tamén español, nunca, ou case nunca, en obreiro galego.

Este é o resultado da falta de poder propio (político, económico) de Galicia, no seu papel de tolleito de pedir nesta romería dos miragres que é o capitalismo europeo: miragre europeo, miragre alemán, miragre español.

Todo isto é ben sabido e ten un nome resumo do asoballamento do noso pobo: emigración.

Compre, urxe recuperar ós nosos traballadores espallados «e que xa ninguén saia».

Editorial

O labor que encaramos é o de facer un país capaz de dar traballo e manter ós seus fillos, e esto quer decir axeita-las condicións de vida e traballo no noso campo, e, por riba de todo, crear industria.

Pro nin a industria o é todo (como coidan os que pensan que as patacas nacen no supermercado), nin somentes é industria a que traballa no ferro (tamén é a dos queixos e a dos chicharos en conserva), nin toda industria serve ós propósitos de erguer Galicia.

O noso pobo sabe moito desto. Un día é a Celulosa de Pontevedra, que segue sen cumprilas medidas anticontaminantes esixidas pola licenza municipal, outro día e outro, e outro, son os grupos papeleiros españoles que descubren a un tempo que Galicia ten auga e madeira e máis rías pra todos; outro día o noso pobo entérase de que, anque Galicia cede enerxía ó exterior, é urxente producir enerxía nuclear en Xove.

A nosa xente, todos nós, estamos empezando a comprender-la diferenza que hai entre a industrialización que esixe o noso pobo e a que lle convén ós grupos monopolistas que andan a sortea-lo país. E que ninguén nos veña coa falsa disxuntiva: ou industria (calquera industria, en calquera sitio, a calquera precio) ou emigración, porque é falsa.

Industrializar no derradeiro cuarto do século vinte de algo ha de servir.

O NOSO PAÍS

- 4 Sete Días.
- 8 Os Eidos. Economía, Igrexa, Sesualidade, Lingua.
- 10 Informe. Celulosa que non cesa.
- 14 Vimianzo: mina de caolín. Mollar nos probes.
- 16 Coruña: sanitarios unidos...
- 17 Ramón Chao entrevista ó lingüista francés L. Jean Calvet Lingua e colonialismo.
- 18 Conversa. O conflito dos «penenes».

pobos ibéricos

- 20 Euskadi, Andalucía, Madrid.



RESTO DO MUNDO

- 23 Panamá: outro conflito colonial.
- 24 A XENTE. Morrer en Galicia.
- 26 POLITICA. O sistema de elección proporcional.
E as habituais seccións de Fia-deiro, Vieiros, Cultura e Cartas á Dirección.

Portada de VILASO

Maruxa Rey:

Mordiscos en tempo de veda

Das palabras reivindicativas, da espontaneidade de quen loita polo seu e polos seus, ás páxinas de sucesos, ás crónicas do «Caso»... O mordisco de Maruxa Rey, mariscadora, a unha compañeira, muller do presidente da Agrupación de Mariscadores, mereceu a primeira páxina na prensa. Os dentes de Maruxa arrincaron o dedo maimiño de María Trigo... Pro, ¿quén é Maruxa Rey?, ¿está escrita a verdadeira historia das mariscadoras do Pasaxe?

Cando a maior parte da ría do Pasaxe estaba en mans privadas, tódolos anos aparecían na prensa pequenas noticias que falaban de multas, incidentes, e algunhas detencións... As veces aparecía o calificativo de «furtivos». Outros mariscaban en pequenos areáis. Eran, en cásese tódolos casos, xente que dende sempre vivía na ría, do berberecho, da ameixa, que vivía dunha praia que consideraban súa.

Pro con esta última parte da ría quixéronse facer tamén as mans privadas. Foi sobor do ano 74. Coma un lóstrego, xurdiu a resposta dos mariscadores e máilo berro definitivo de que as praias son pra quen as traballa. Caíron os cartéis de «propiedad privada» e «prohibido mariscar», houbo manifestacións, protestas enérxicas... As mariscadoras contaron co apoio da poboación: a razón e máilo corazón estaban con elas. Eran, tamén, un vento de liberdade, un vento que saía dos barrios esquencidos, das chabolas, da super-esplotación. Foron defendidas por xitanos e moínantes, polos eternos eventuais, polos marxinaos... A xente que os ilustrados que entenden desto chaman «lumpen».

A VOZ MAIS FORTE

Maruxa xurdiu no primeiro intre como a voz máis forte, animando á xente a loitar, decidida a deixa-lo derradeiro alento, cantando as corenta cando facía falla, pateando oficinas e redaccións coas verbas sinxelas do que pide xusticia. ¿A quén pedirle contas do que pasou logo? No seu millor tempo, Maruxa chegou a falar en nome de Comisións Mariñeiras (xerme de sindicato irmán de CC.OO. e vencellado ó Partido Comunista) nunha manifestación autorizada que tivo lugar en Vilagarcía.

A loita do Pasaxe, polas súas características, por ser un movemento virxe, interesou ós grupos da esquerda. Ben con asesoramento xurídico, ben con apoio directo nalgunhas mostradas de protesta que tiveron lugar na ría,

estas forzas participaron dalgún xeito. Coma sempre, houbo diferencias sobor do camiño que tiña de leva-la loita e do radicalismo nos medios.

Foi o tempo no que se escomenzou a utiliza-la verba «líder», no que Maruxa foi entrevistada por toda prensa europea, no que o seu nome e foto apareceu no «Le Monde», «Le Figaro», en Suecia, Suiza, Alemaña... A súa voz na BBC.

As mariscadoras, tiña de ser así, conseguiron o recoñecemento dalgunhas reivindicacións. A loita foi esmorecendo. Maruxa saíu eleixida vicepresidente da Agrupación de Mariscadores. Os contactos co sindicato vertical son cada vez máis frecuentes...

A DENTADA

O desastre do «Urquiola», que leva a morte á ría, pon en movemento outra vez a Maruxa. Pro agora xa é recibida polas autoridades, mesmo viaxa a Madrid e fala co ministro de Relacións Sindicais, acompaña a Víctor Moro cando este visita a ría... Maruxa xa calza zapatos de tacón alto, xa non viste como as súas compañeiras, leva algunhas xoias, fala mal dalguns xornalistas que lle botaran unha man; antigas compañeiras críticana porque, ó parecer, esixe, en concepto de comisións, parte das indemnizacións que se entregan polo mal do petróleo.

Unha das últimas aparicións públicas foi nunha conferencia do Cantarero del Castillo onde atacou a algúns sindicatos de esquerda. Están esquencidas xa as CC.MM. Maruxa chega a apoiar con cartas ó delegado de Sindicatos, Almazán, cando todos estaban pedindo o seu cese.

O asunto da dentada e do dedo maimiño, que apareceu detrás dunha cortina, é cecais un dos últimos chanzos no desprestixio. Maruxa e María Trigo xa se enfrentaran na anterior entrega de indemnizacións. Esta vez a cousa escomenzou con acenos, cortes de manga; despois, as palabras e os alcumes con referencias a cuestións sesuais; logo os empuxóns e dentada... A Asturiana, outra coñecida mariscadora atoparía o dedo desprendido, que xa non poderá voltar á man de María. A Maruxa lévaa a policía e é denunciada. A xente, na ría, fala do asunto con frivolidade: ¿cánto hai que pagar por un dedo? Maruxa denuncia, á súa vez, ameazas de morte. Triste remate...

O
NOSO
PAÍS

Os gandeiros lugueses protestan

X. XIZ.

O día catro de febreiro reuníronse representantes das agrupacións de criadores e recriadores de gando vacuno do Sindicato de Gandeiría e representantes da comisión xestora provincial da Asociación Xeral de Gandeiros. O remate da súa reunión fixeron pública a seguinte declaración:

«Ao observar a depresión de precios do gando vacuno en Galicia, sentímonos na obriga de facer públicos os seguinte FEITOS:

—1.º A diminución de precios do vacuno está circunscrita a Galicia, xa que os mercados gandeiros nacionais sosteñen precios moi superiores i aínda amosan tendencia alcista. A títido ilustrativo é de sinalar que os anunciados o derradeito domingo na prensa polos matadeiros galegos prás becerras é equivalente ó precio que rixe no resto de España pró «añojo» superior a 250 kilos.

Certamente os precios que de feito pagan os matadeiros son en ocasións un pouco superiores ós que fan anunciar nos medios de comunicación, ou o que é o mesmo: Os precios anunciados son máis baixos que os reais, i esta corruptela merece tamén a nosa radical desaprobación, por dous motivos: Un, que o anuncio de precios falsamente baixos aítua como factor de depreciación, i outro, que ise marxen económico entre o pubricado i o real favorece aituacións sorpresivas i enganosas neste mundo obscuro da contratación có produtor.

—2.º En consecuencia, hai que denunciar que alguén está interrumpindo, a través dos circuitos comerciais de gando, á ósmosis natural de precios. Alguén está poñendo fronteiras económicas entre Galicia i o resto de España.

—3.º Os precios que está percibindo o produtor de becerras en Galicia, son os máis baixos dende fai un ano, e por contraste, no mesmo período os costes de produción espermentaron un aumento do 26,2 por cento. I en definitiva, este fenómeno rotundo de depresión prodúcese xustamente cando as fábricas anuncian unha nova elevación dos piensos, que tampouco ten xustificación. Faise tamén por esto pública protesta fronte a unha situación que compreme a actividade dos gandeiros polos dous extremos do seu ciclo económico.

—4.º Coñecemos e por medio dista declaración facemos público o grave clima de protesta e de frustración que cunde entre do campesiñado galego, escitando o seu fundado sentimento de clase desproteixida.

—5.º Agardamos que naide poida á larga manter esta situación, porque a alza dos precios fora da rexión debe levantar, denantes ou dempóis, os precios de Galicia. Esta previsión aconsella demorar a venda do gando, pra que os produtores reciban os beneficios da recuperación dos precios.

—6.º E indispensable pró gandeiría suprimir toda clase de importacións de carne e suspender o reparto de carne conxelada namentras dure ista situación agobiante.

—7.º Os declarantes emprenden xestíóns por diversos medios en defensa da gandeiría de vacuno, i en especial pró pronta posta en marcha do Mercado Rexional Gandeiro de Lugo.

Acies:

Por unha nova conciencia no ensinante galego



AGARDANDO
UNHA NOVA
ESCOLA

En 1930 as ideas de *Freinet* chegaban a un grupo de mestres leridáns. Pasarian poucas semáns pra que, entre deles, nacera a primeira *Cooperativa Española da Imprenta e da Escola*. Tres anos máis tarde tiña lugar o Congreso de Mestres da *CEIE*. Encetábase un proceso global cara á formación dunha nova escola que fa ter, 1935, unha expresión fundamental na celebración da «*Escola d'Estiu*» de Barcelona. Logo, o 36 e o fascismo arremetía coa dialéctica das pistolas namentres esmorecían os intentos progresistas pola construción dunha nova sociedade.

O MOVEMENTO FREINET

Neste contesto nace *ACIES*.

En 1965, os mestres barceloneses —nunha xuntanza na «*Escola d'Estiu*» cos mestres das *Ikastolas* de San Sebastián e cos educadores da «*Sección De Pedagogía de Lo-Rat-Penat*» de Valencia— organizan os primeiros contactos pra intercambiar correspondencia e falar das súas respectivas experiencias escolares.

En 1969, en Santander, ten lugar o primeiro encontro dos grupos que tentan de potencia-las técnicas de *Freinet*. Eran os comezos dunha serie de novos encontros hastra que, tres anos despóis, na cuarta xuntanza a nivel peninsular celebrada en Mollet (Barcelona) chégase a dúas conclusións: A primeira, referida á necesidade da adopción da *Carta da Escola Mo-*

terna e, en segundo lugar, ó plantexamento da urxencia cara á creación dunha Asociación legalizada.

Maio do 74 era o momento: Legalizábase *ACIES* e, hastra xaneiro do 75, estabelecíanse contactos con distintas persoas e grupos interesados na nova Asociación: Madrid, Barcelona, Salamanca, Palma de Mallorca, Santander e Valencia eran as principais cidades cando, finalmente, se redactou o Regulamento Interno.

Hoxe, namentres Vigo se establecía coma punto neuráxico da Asociación no noso país, *ACIES* está a se espallar. Recentes están aínda os últimos encontros, no vran teñen lugar os congresos anuais —pra poñer en común tódalas experiencias— da *Asociación prá Correspondencia e a Imprenta na Escola. ACIES*, en punta.

RACHAR CO PRESENTE

Prá sección *ACIES* en Vigo as cousas están claras en Galicia: Na actual situación da pedagogía o espírito de investigación dos rapaces desaparece, sendo substituído polo dogmatismo e polo verbalismo. E unha educación baseada —din— no autoritarismo, onde tanto os alumnos coma os pais non teñen posibilidade ningunha de participación. E unha educación competitiva e individualista onde o espírito solidario e cooperativo non existe: «As notas son o espoñente máis claro», engaden.

Logo, sulíñan: «Non tódolos rapaces poden desenrolarse por igual, xa que isto depende, nestes momentos, da súa situación económica e, no noso caso galego, do problema da lingua. Nunha palabra, totalmente selectivo». «A liberdade e o contacto co medio laboral e social non existe. Non se ten en conta a evolución do neno e as programacións tamén son feitas sen ter en conta a súa realidade persoal e social. A formación pedagóxica dos ensinantes —rematan—, tanto dos profesores de EXB coma dos licenciados, é moi deficiente».

En fin, *ACIES* de Galicia propón unha serie de técnicas pedagóxicas baseadas no *movemento Freinet* cara á consolidación dunha nova conciencia, asumida polos ensinantes, encol do seu papel na sociedade. E unha sociedade concreta: a galega.

María Mohedano presentaría denuncia contra do comisario —Waldo López Mazaira— por suposta detención ilegal.

A liberdade de Mercedes García del Real, segundo as declaracións dos familiares, víuse condicionada á presentación na comisaría do seu marido, Abilio Ville-

na, presunto dirixente da Organización Revolucionaria de Traballadores (ORT) e representante da devandita organización na Táboa Democrática de Galicia. Segundo as mesmas fontes, o interés da policía baseouse sempre na idea de —ó traveso da detención de Mercedes— chegar á localización de Villena.

Mercedes García:

Da comisaría ó hospital

Os poucos días, logo de ser detida con anterioridade, Mercedes García del Real era trasladada directamente ó Hospital Municipal de Vigo. Tiña unha hemorraxia e, sobre do asunto, non existían as máis mínimas versións oficiáis. Unha vez no Hospital, Mercedes foi materialmente pechada nunha habitación do pabellón terceiro: á entrada do edificio vixiaba un policía e, na habitación, outro namentres a señora García del Real era atendida por un xinecólogo.

Detida, xunto co compañeiro Pablo Sánchez Temprano, ás seis e media da madrugada do pasado día trinta e un de xaneiro diante das portas de entrada á factoría de Citroen, deseguida foi levada ás dependencias da Brigada Político Social pra ser interrogada como acontecera xa, outros días, con distintos políticos galegos e non galegos (nestas mesmas páxinas fábase do «affaire» Xosé María Montserrat).

Somentes os pais de Mercedes, que viñeron espresamente de Madrid pra vela, poideron acceder á habitación onde se atopaba hospitalizada. Sempre, con permiso da mesma Policía viguesa. Días despóis, ó ser posta en liberdade, o abogado madrileño José

TEIMA:

Encol do número «cero»

A vista das numerosas peticións, é a intención dos que facemos TEIMA reedita-lo número «Cero». Son moitas as cartas e chamadas telefónicas, mesmo solicitudes persoais, que teiman na cuestión. Estamos, pois, á espera dun número mínimo de peticións que fagan máis doada esta posibilidade. En canto as solicitudes cheguen a eses niveis mínimos que, de por sí, viabilicen a reedición, TEIMA sairá de novo á rúa co «Cero» xunta do correspondente edición semanal. De tódolos xeitos, graciñas, compañeiros.



Novembro. 12: UNHA FOLGA PRA VELAS VÍR.

XORNADAS SANITARIAS: curar ós que curan

Galicia-Portugal: fóra pasaportes

Se as cousas non se torcen a última hora, parece máis ca posíbel a supresión do pasaporte, dentro dos próximos meses, na fronteira que divide ós estados español e portugués. Esa é a petición fundamental feita ás autoridades correspondentes polos reunidos no I Encontro de Turismo Costa Verde-Galicia, que se celebró o pasado día cinco de febreiro na Póvoa do Varzim, norte de Portugal.

Participaron nas xornadas —que pretenden, básicamente, a intensificación das relacións turísticas entre o país galego e o norte portugués— gobernadores civís da Costa Verde e Galicia, alcaldes das sete grandes cidades galegas, delegados de turismo e comunicacións e representantes de medios informativos. Por TEI-MA acudiron Alfonso Rivas e Xosé María Rodríguez.

Amén da supresión do pasaporte, insistíuse na necesidade de axilizar ó máximo os trámites aduaneiros, ampliando o horario de apertura de fronteiras, deica chegar á apertura permanente nos períodos de maior afluencia turística, e, en todo caso, nos días feriados. Tamén foi solicitada a apertura de novos puntos de cruce fronteirizo e máila millora da infraestrutura viaria e dos transportes colectivos nas dúas zonas.

De adoptárense, as medidas solicitadas suporían a fin dunha longa serie de tensións fronteirizas que tiveron como consecuencia a supresión dos salvoconductos durante un tempo. Os comerciantes das dúas bandas, seriamente perjudicados pola pasada falta de entendemento a nivel oficial, teñen posta a súa esperanza en que as conclusións do mini-congreso vaian pra adiante.

Proposta P.S.G.: Frentes cara o Sindicato

«Coidamos necesaria e propoñemos a creación duns frentes de traballadores galegos que plantexen unha corrente de opinión e leven a tódolos traballadores galegos estas inquedanzas, pra que coa crítica, a discusión e máila participación de todos, poida artellarse este sindicato. Está a ser espallada esta proposta do Frente Obreiro do Partido Socialista Galego coa que se quere encetar un proceso pra camiñar cara a dexada unidade dos traballadores galegos. Xunto coa proposta concreta, o P.S.G. fai relación dos puntos que considera deben caracterizar ó movemento sindical galego: sindicalismos de clase, sindicato único, autonomía sindical, sindicato galego e sindicato democrático. Neste derradeiro punto díse que a asemblea será o órgano soberano do sindicato, haberá unha elexibilidade e revocabilidade dos cargos sindicais e serán recoñecidas as diversas tendencias.

Denuncias contra a policía: Por malos tratos e detención ilegal

TEI-MA puido observar, no transcurso dunha breve entrevista levada adiante nun lugar de Santiago, cómo Xosé María Montserrat Blasco —dirixente do Movemento Comunista Galego— conservaba aínda profundas huellas dos golpes que días atrás lle infrinxiran membros das forzas de Orde Público nunha comisaría de Madrid e nas dependencias da Xefatura Superior de Policía da Coruña.

Xosé María Montserrat fora detido, cando viaxaba en tren cara a Madrid, logo de se prestar voluntariamente ás investigacións que comenazaran pouco denantes encol da desaparición de catro mil pesos pertencentes a unha muller que viaxaba no mesmo compartimento do vagón-litera.

No curso da investigación foron rexistrados diversos viaxeiros. O señor Montserrat Blasco, neses intreos, os policías atopáronlle distintos panfletos e algún cartel referidos estrictamente á condena dos recentes feitos terroristas da estrema dereita na capital do Estado español. Todo eso foi dabondo prós funcionarios que, deseguida, chamaron á Brigada Central de Investigación de onde saíron varios inspectores.

Ingresado na Dirección Xeral de Seguridade, Xosé María Montserrat, segundo as súas propias declaracións, foi obxecto de golpes propinados —indistintamente— co puño pechado ou coa man aberta, así coma, con porras. Logo do traslado á Xefatura Superior de Policía na Coruña, nos primeiros momentos o trato foi semellante, sempre segundo as súas declaracións a esta Revista.

«O saír da Dirección Xeral de Seguridade —engadíu— ante os informes do forense, xa presentaba hematomas na espalda e nos brazos cando, ó entrar, meu corpo non tiña sinal ningún». O señor Montserrat, que fora detido na noite do 30 ó 31 de xaneiro, o día 10 de febreiro decía: «Os malos tratos cesaron ás sesenta e seis horas da miña detención. Dende entón, deica que fun posto en liberdade, non houbo máis golpes, se ben continuaron as vexacións e insultos... E curioso que remataran cos golpes logo da aparición da noticia da miña desaparición na Prensa».

«O forense da Coruña observóume onte e, pesía que pasaron xa oito días do cese dos golpes, aínda se aprecian ben os fortes hematomas que teño no brazo esquerdo, nos glúteos, na espalda, algún no peito e nas plantas dos pés. Diante do xuez, e figura así no sumario, espreséi a miña intención de levar adiante unha denuncia por malos tratos».

O señor Montserrat, de quen —ó non dar noticias a mesma policía— chegouse mesmo a sospeitar que fora obxecto dun secuestro, estivo detido 223 horas esactamente. Cáseque dez días. «Sempre me neguéi —dixo—, e dunha maneira sistemática, a calquera tipo de suposto referido a posibles métodos violentos utilizados pola nosa organización.

Por outra banda, os interrogatorios a que fun sometido nunca mencionaron ningún xeito de relación entre nós e os feitos da estrema de-

reita en Madrid. Limitáronse a tenta-la máxima recolleita posíbel de datos arredor do MCG».

Xosé María Montserrat, xunto coa súa muller, tramitan —no momento de redactar estas liñas— dúas denuncias cursadas por medio do abogado Enrique Aller. A primeira refírese ós supostos malos tratos de que foi obxecto e, a segunda, diante da posíbel ilegalidade da mesma detención: «Pra face-lo traslado dunha dependencia policial a outra —dixo—, de Madrid á Coruña, seica compre unha notificación ó xuez. E nunca a houbo». Entre outras cousas, o señor Montserrat salientó: «A única explicación que me cabe na cabeza é que me mantiveran cerca de dez días pra que desaparecieran os hematomas producidos polos golpes que levéi nos primeiros momentos».

Contaminar Valga: Dous anos sen licencia

O que son as cousas: un certificado coa firma do alcalde pon en claro que unha empresa instalada en 1974 no axuntamento de Valga «carece de licencia municipal pró seu funcionamento». Pro a empresa «Metalúrgica del Noroeste S.A.» segue queimando estaño coma se nada.

Dous anos de fumes, verquidos, e cheirumes, non pasaron en balde. Segundo explicaron os propios veciños, os efectos da planta de tratamento dos mineráis de estaño chegaron a afectar a árbores do tipo do piñeiro e do eucalipto. O mesmo toxo resíntese da polución, e tamén os mesmos materiais de construción da industria. Xa non digamos os produtos agrarios dos que viven moitos veciños de Valga: os viñedos, as árbores de froita, toda a derradeira colleita deste ano.

De todos estes danos ten noticia, por un informe feito o 8 do setembro do 76, a Delegación Provincial de Pontevedra do Ministerio de Agricultura. Están confirmados por outro informe feito polo Departamento de Química Analítica da Facultade de Ciencias da Universidade Galega.

Despóis de laboriosas xestións pra conseguilo, os veciños contan cun testimonio notarial expedido polo secretario do Axuntamento de Valga, onde se acredita que a empresa non ten licencia municipal pra funcionar, pois o expediente instruído segundo vixente Reglamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas aínda está sen resolver.

«Queremos destacar —decían os veciños nun escrito— que a nosa oposición á industria de mérito non obedece a capricho nin tampouco ó desexo de mante-las arcaicas estruturas agrarias que gravan, pesadamente o desenrolo do País Galego. Pro tampouco temos por qué sufrir-las consecuencias dunha actividade que, vulnerando preceptos legáis, espresos, claros e terminantes, atende única e exclusivamente, ós intereses discutibéis dos accionistas e propietarios, en perxudicio dos nosos lexítimos dereitos».

A petición feita en xaneiro deste ano era clara: que o Axuntamento ordene o peche da factoría industrial que a entidade «Metalúrgica del Noroeste, S.A.» ten en funcionamento naquel termo municipal «carecendo pra elo da pertinente licencia».

Próximos meses: música a oito

A xira de Amancio Prada este mes por Galicia é o primeiro chanzo dunha productora musical galega que comenza con gañas: «Xana». Xana, nome mitolóxico celta, é a ninfa dos vales e fragas de Bretaña. Tamén en febreiro, o día 27, dará o primeiro recital dos catro que están anunciados, ún dos máis coñecidos cantores da revolución cubana: Carlos Puebla. Os outros recitais serán en Santiago, día 1; Ferrol, día 2, no pabellón dos Deportes; e Lugo con data sen fixar.

Por se esto fora pouco, o día 13 de marzo, no Pabellón de Deportes da Coruña vai ter lugar a primeira actuación no Estado Español —é decir, antes de facelo en Madrid e Barcelona— do grupo chileno «Quilapayún».

En marzo vai voltar Lluís Llach, esta vez pra actuar en teatros e non en grandes locais. Estas son as datas: días 22 e 23, no Teatro Rosalía, na Coruña; día 24, no Teatro Jofre, en Ferrol; días 25 e 26, no «García Barbón», en Vigo.

Outros importantes proxectos da nova productora —que cos beneficios quere chegar a monta-la primeira grabadora en Galicia— son: un festival rock ó aer libre no que actuarán Dharmá, Sisa, Rondalla de la Costa, Oriol Tránvia (catalans), e Granada, Iceberg e Triana; traer películas que dificilmente se poideron ver antes aquí, e tamén obras teatraís, como «A nai» de Máximo Gorki, polo Grupo Internacional de Teatro, así coma o espectáculo de Nacha Guevara.

Algo especial, se chega a saír adiante: certo paralelo Alan Stivell e Amancio Prada.

TEIMA falou coa xente que formou Xana. Coma é normal neste país, o principal problema é económico e agora mesmo están a traballar, coma quen dí, por afición, perdendo cartos e tempo. «Pra facermos estes recitais temos de arriscalo todo». Esplican que a falla de actos culturais en xeral, e musicáis, en particular, é a principal razón pra poñeren a andar esto. Un dos obxetivos é chegaren a facer instalacións propias en Galicia pra grabar discos e produción cinematográfica.



CARLOS PUEBLA...
«Llegó Fidel»

CARLOS PUEBLA

«Y se acabó la diversión/ Y en eso llegó Fidel/ Llegó el comandante/ y mandó a parar». En base ó folklore cubano, Carlos Puebla e os seus «Tradicionales» conseguíu facer unha música que se fai escoitar e, ó mesmo tempo, tivo e ten moito que decir. Este home que hoxe ten o pelo branco escomezou a loita política ó traveso da canción aló polos anos 30 e 40. A parte de «Y en eso llegó Fidel», é «Hasta siempre», adicada ó Che Guevara, a súa canción máis coñecida. Ademais, a música de Carlos Puebla ten algo moi importante: ledicia. «Eu penso —decía nunha entrevista ó escritor Benedetti— que o socialismo non se contrúe con bágoas. Hai que tratar que a xente estea leda».

O militante comunista denunciou hai un mes ó seu potencial asesino —cando pegaba pancartas, un home botóuselle enriba co coche que conducía—, facilitando a matrícula do automóvil e máila descripción física do agresor. Despois dun mes, di Redondo Abuín, é moi extraño que non se practicara ningunha investigación encol do home que tentou de atopellalo.

Dende aquela denuncia xa van aló dez asesinatos que o dirixente obreiro non duda de atribuílos á extrema dereita. Redondo Abuín sinala que, despois destas mortes e despois da orde do goberno de detención sobor de tódolos sospeitosos de actividades políticas violentas, é un feito escandaloso a falla de indicios suficientes de que a investigación sobor da denuncia presentada por intento de asesinato na súa persoa vaia adiante.

PNNs:

Estabilidade sóio nas asambleas

A folga dos Profesores Non Numerarios (PNNs) dos centros do ensino medio e superior ten paralizada practicamente toda a actividade académica. Semá a semá as asambleas de cada ún dos dous bandos reúneuse en Santiago, nunha aula da Facultade de Económicas. A asamblea é a que marca as pautas a seguir no conflito e aproba ou rexeita propostas, logo de escoitar plantexamentos a favor ou en contra.

Son especialmente significativas as reunións dos PNNs de institutos de bacharelato e centros de formación profesional, nas que aparecen xeralmente máis de trescentos profesores. «Esto significa —dixeron a TEIMA dous PNNs— un xeito democrático de leva-la loita; por primeira vez hai unha coordinación total en Galicia. E ademais, cara ó futuro sindical é ésta unha práctica política enorme, unha potenciación importantísima. A folga non podería proseguir sen estas asambleas».

Son tres horas ou máis de discusión cada semá, nas que prevalecen as posturas duras —non entregar apuntes ós alumnos mentres non se vexan solucións, por exemplo— e trátase de buscar novas formas de continua-la folga. «Este é pra nós, dixeron, un momento de madurez, de plenitude, xa que chegamos ó cume numérico. Sabemos tamén que a xente está cansa, pro decidida a seguir».

Prós PNNs, a calidade no ensino está unida á estabilidade no emprego. Reconocen que tiveron problemas con algunhas asociacións de país e que a propaganda oficial lles gaña. Por eso queren espalla-lo seu problema e tratan de chegar hastra o Presidente do Goberno.

Ademais das cartas, notas, aclaracións e discusións públicas na prensa, esta semá coma as anteriores, as asambleas reuniránse unha vez máis en Santiago envolveitas polas primeiras protestas públicas dalgunhas asociacións de país. «Ningún grupo político, declararon os PNNs, a esta revista, está a capitaliza-la folga. Outra cousa é que úns se movan mái ca outros».

Na última asamblea, unha proposta de censura á coordinadora estatal por mor dos contactos cos grupos políticos da comisión negociadora da oposición pra abrir novas canles oficiais de contacto en Madrid, foi rexeitada por maioría case absoluta. A proposta partira dalgunhas xentes da UTEG (Unión de Traballadores do Ensino Galego), sindicato vencellado á Asamblea Nacional-Popular Galega.

A folga sigue mentres os PNNs mostran o paro o seu peso real —aínda non reconecido— no ensino. A conversa que se publica neste número de TEIMA, pode axudar a comprende-lo problema.

Ourense:

¿E vostede o asesino?

X.P.P.

Contas claras das investigacións feitas sobor dunha denuncia por presunto intento de asesinato é o que pide ós poderes públicos, nun escrito dirixido á opinión ourensá, o dirixente de Comisións Obreiras, Xesús Redondo Abuín.

A nosa realidade socio-económica e cultural está acadando, hoxendía, unha importancia cada vez máis grande, debido especialmente á progresiva toma de conciencia colectiva de Galicia como pobo. Pois ben, ante o que se está a falar e a actuar temos de afrontar-las disparidades de criterios existentes na xeneralidade de tódolos aspectos que nos configuran como galegos.

Nós ímonos referir somentes á cuestión económica porque, ademais das motivacións propiamente profesionais, esta disparidade de criterios non está resultando o positiva que debera como orixe dunha dialéctica creadora. Máis ben o que acontece é que úns fan e promoven un mero crecemento económico, e concretamente industrial, nunha actitude a prol, preferentemente, do industrialismo polo industrialismo. Pola contra, e incluso como reacción, outros defendémo-lo desenvolvemento (1) económico que promova unha industrialización racional e axeitada ás nosas necesidades.

E todo isto non é, como imos ver, un simple xogo de palabras.

O progreso dunha sociedade presenta dous aspectos: o crecemento e o desenvolvemento. O primeiro é pouco máis ca unha medra cuantitativa de certas variabeis macroeconómicas, a un ritmo superior ó aumento da poboación de xeito tal que a produción ou renda por persoa sexan cada vez meirandes. O desenvolvemento abrangue ademais unha serie de aspectos cualitativos de certas condicións de vida que se acadan ó traveso das necesarias mutacións sociais do aparello productivo en expansión. Como sinala o profesor Sampedro o desenvolvemento implica cámbio social. Cámbio que non o implica o crecemento por si só. Precisamente por elo a denominación de «social» dos chamados «Plans de Desenvolvemento Económico e Social» españois é innecesaria, pois xa está implícita na propia expresión de «desenvolvemento», a non ser que se dubide dese mesmo carácter social.

ECONOMIA

Entre o crecemento e o desenvolvemento

XOAN X. SANTAMARIA

Pra que o crecemento económico implique ou supoña un desenvolvemento da economía é preciso: 1. A millora na distribución do produto ou renda a nivel de clases sociais; 2. Redución dos desequilibrios territoriais; 3. Crecemento armónico de tódolos sectores, sen que o crecemento industrial supoña, por exemplo, a regresión económica do sector agrario, etc.

O emprego, xa que logo, indiscriminado dos conceptos crecemento e desenvolvemento económicos, como se de sinónimos se tratara, só beneficia ós interesados na industrialización de Galicia a calquera coste social, precisamente por ese confucionismo que se está a crear e promover.

Interesa destacar, pois, esta

distinción que acabamos de facer pra evitar, entre outras cousas, a xeralización en Galicia de plantas industriais perigosas pra saúde. O desenvolvemento económico de Galicia non vai por ahí, como veremos noutra ocasión. Do que se trata é de promover-lo autodespegue económico de Galicia, e non a consolidación da súa dependencia, evitando unha industrialización que non teña en conta esta necesaria dimensión social.

(1) Nós preferimos empregar a palabra «desenvolvemento» ou «desenvolvemento económico» en vez da de «desenrolo» pra espresalo que en castelán se entende por «desarrollo», porque entendemos que «desenrolo» en galego é o mesmo que «desenrolo» en castelán máis ca «desarrollo».

Chegado Xesús de Nazaret, adoptou unha sorprendente actitude liberadora con relación á muller, si temos en conta os condicionamentos sociolóxicos daquela xeira. No caso concreto do adulterio, e no medio do Sermón do Monte, o Mateo dinos: «non é lícito repudiar á muller se non é en caso de impureza» («porneia»). Pero, dacordo cos estudos máis serios, a tradución correcta é esta: «todo o que repudia á súa muller, fora do caso de concubinato, fáina cometer adulterio». Dun xeito semellante o verque a «Nueva Biblia Española».

Descúbrese a actitude liberadora se temos en conta que a Lei de Moisés contén un mandato: «o que repudia á súa muller, que lle dea o libelo de divorcio». Os rabinos discutían cales serían os motivos cando un home podería dar o tal libelo de repudio: mentras o rigorista Xammai esixiría o adulterio, pra Hillel abundaba con que a muller non fora boa cocinheira. Pro sempre era o home que manexaba o obxecto doméstico facendo: despedindo ou non.

Si San Paulo padecéu desta miopía acolléndose á imaxe do pater-familias romano na que o xefe era o xefe, cabeza da muller, Xesús de Nazaret foi moi coherente na súa teoría sobor da muller e no seu comportamento con elas; poderíamos un día falar delo. Compre agora que lembremos que dixó (Mt. 19,9) que si deica aquel intre se permitía o libelo, fora porque os homes eran uns túzaros i emposo Moisés o permitiu, pro ao comenzo non fora así.

De ahí hai que sacar dúas cousas: a primeira, que se trata dun novo enfoque do tema que non tiña precedentes e que olla á dinidade da muller, e non directamente á condena do divorcio; proba delo é a inmediata reacción da xente: «Si tal é a situación do home coa muller, non paga a pena casar». A segunda e que Xesús dí que «ao comenzo non foi así»: certamente no Libro do Xénese hai unha liña moi fonda de valoración da igualdade home-muller moi estrana pra aquela sociedade, e aínda (o que sorprende naquel contesto polígamo) a visión do matrimonio monógamo.

¿INDISOLUBEL?

Non é moi discutíbel, pois, que dende o Evanxelio non se pode sacar máis que unha cousa: a indisolubidade do matrimonio. Pouco se poderá tamén discutir do dereito que ten a Igrexa pra artellar o espírito do evanxelio en leises, sempre que se decate que o Espírito non se poda meter na gaiola: que aos xuristas non se lles vaia a mán, como adoitan facer crendo que a vida se reduce a cánones. O que xa é máis discutíbel é que neste choío se meta o pensamento greco-romano falando de lei natural e botando o pensamento hebreo a perder. Si as cousas están xa disoltas, ¿cómo é que son indisolúbeis? O concepto de lei natural xa o sostén moi pouca xente no senso que se viña facendo. Por tanto, unha lei, tamén da Igrexa, habería de ter en conta —coido eu— cada caso con-

IGREXA

O caso da adúltera (e II)

XOSE CHAO REGO

creto á hora de resolver situacións humanas, facilitando a disolución do vínculo legal cando xa non hai realidade que o sustente. Anulación ou declaración de nulidade, heme o mesmo.

Atopámonos, pois no caso de que a moral do Evanxelio non pode ser tanto de preceptos como de finalidade ou orientación: «é bó que o matrimonio non se disolva e que o home e a muller teñan unha unión estable, «pra sempre», como tamén é bó que o home vaia a reconciliarse co hirmán antes de ir diante do altar, ou que escolla o camiño da probeza evanxélica. Pero legislar estas cousas xa non é tan doado. As normas prao compartamento humano han ter tódalas excepcións posíbeis. E no caso de Emilia Díaz, parece que recibiu dabondos libelos de repudio do que puido ser o seu compañeiro e non mereceu selo. Tamén a repudiou, ao parecer, a súa familia, a Igrexa e (o que máis doe) os seus veciños, as mulleres que deberían comprendela mellor.

Os xudeos tiñan no seu dereito consuetudinario unha figura estrana a quen lle chamaban «o paráclito». Cando o reo xa tiña sido xulgado e quizaves condenado, podía suceder que un home de ben, recoñecido polo pobo coma

tal, se achegara á persoa condenada e a defendera de palabra ou somentes poñéndolle a man silenciosamente sobor do hombreiro. Ese xesto desconcertaba ao xuez e aos acusadores. Cando os fariseos e doctores da Lei levaron unha dúltera a Xesús recordándolle os cánones e o reglamento que mandaba matala (non se andaban con parvadas). Xesús négase ao enfrentamento legalístico facendo casuística, senón que actúa en favor da persoa, aínda contra da lei. Xesús fixo de paráclito pra aquela muller adúltera. Ademais, él xa tiña denunciado que hai dimensións máis interiores que a legal, e que o que desexa a muller do seu próximo, xa está a face-lo mesmo. Causa que tamén denunciara Emilia.

Como creente, doulle as grazas a Carme e á Asociación que representa, e a TEIMA, pro teren sido paráclitos de Emilia e lembrarme que o Espírito de Deus (o Paráclito prometido por Xesús aos creentes) está sobor das leises dos homes. Os «moralistas» coidarán que con esa publicidade ¿qué vai pasar? Pro eso non é máis que o que facían os hebreos controlando ás mulleres, ou os cabaleiros da Idade Media poñéndolles, como di Emilia «un candado na propia natura».

SESUALIDADE

OS DIFERENTES METODOS
CONTRACEPTIVOS. A PILDORA (I)

DR. CIPRIANO L. JIMENEZ

No derradeiro artigo, dábamos unha clasificación dos métodos contraceptivos. De todos eles, a PILDORA, (contracepción oral, método hormonal asumido sómente pola muller), pola súa eficacia, reversibilidade, e popularidade, é sen lugar a dúbidas o máis empregado. Esta é a razón que nos motiva a dedicarlle, cando menos un par de artigos.

Moi importante: A PILDORA, PREVIO UN EXAMEN MEDICO SERIO E CUIDADOSO, SOMETENTES SERA RECETADA POLO MEDICO. Despóis dun chequeo clínico físico e psicológico, a muller está no seu dereito de pedir todo tipo de esclarecemento o seu médico de cabeceira ou especialista sobor dos diferentes métodos contraceptivos, neste intre de «píldora», denantes de ser utilizada indiscriminadamente.

A efectividade da píldora, depende de si é tomada correctamente, cada día e a mesma hora, durante tres semáns de cada catro. A primeira pastilla tomarase a noite do 5.º día do ciclo, contando coma primeiro día o que enceta a regra. P. ex. si a regra encetou un martes, a primeira toma será a noite do sábado. Con sómentes un 0,8 por cento de risco (no coitus interruptus, o risco é de 30 por cento), a seguridade da píldora, é practicamente absoluta. Unha estimación aproximada, fala de que un os 25 millóns de mulleres en todo o mundo estarían utilizando iste método contraceptivo, pra evitar a posibilidade de embarazo.

A historia da píldora remóntase o ano 1956, neste intre os americanos Pincus e Chang, utilizan por primeira vez a píldora nas mulleres de Puerto Rico. Posteriormente, no ano 1970, 6 millóns de mulleres americanas tomaban a píldora e 600.000 en Francia. Dacordo cos coñecementos atuais, sobor da píldora, pódese afirmar que as ventaxas deste método contraceptivo, superan con moito, os seus efectos secundarios ou perxucios. A mortalidade p. ex. no embarazo e parto é polo menos, unhas dez veces maior co risco de mortalidade por tromboembolismo por utilización de píldoras.

Composición da píldora: dúas hormonas secretadas polo ovario; a «foliculina» ou «hormona estroxénica» e a hormona progestaxena ou xestaxena, combinadas entre si, actuarían impidindo co ovario libere un óvulo (huevo), actuando pois coma contraceptivas ou anovulatorias. A mezcla de *estróxenos* con *xestáxenos*, o potenciarse entre si, permite que a súa dosificación fora reducíndose, sen que por iso perda eficacia. Os estróxenos de síntesis utilizados son: o «etinilestradiol», mais o «mestranol», no intre presente aconséllase ca dosis de estróxenos non sobrepase os 0,050 mg. (50 gammas), por píldora. Os progestáxenos de síntesis, empregados na píldora, son a diferenza cos xestáxenos moi diferentes os uns dos outros por iso a súa eficacia, non pode ser comparada cuantitativamente. Dende 1956, foise reducindo a dosis de «progestáxenos», de 5 a 10 mg. por día, deica 0,25 mg/día. Co a redución progresiva das dosis estróxeno - progestáxeno, chegouse a dosis mínima - eficaz, cambeos maiores, neste método contraceptivo, non son probablemente posibles, si queremos ca súa eficacia non se altere.

Cal é o mecanismo de acción da píldora, no organismo da muller: Normalmente a HIPOFISIS (o chamado cerebro endocrino), influida polo HIPOTALAMUS (situado na corteza cerebral), lanza as chamadas hormonas gonadotropínicas: F.S.H. (hormona foliculo estimulante), encargada de que se produza a ovulación e a L.H. (hormona luteinizante), encargada do mantemento do embarazo.

A F.S.H., transportada por vía sanguínea, inflúe no crecemento dos chamados foliculos primordiales que contén o ovario, portadores do óvulo, hastra que unha vez maduro rómpeuse, deixando o óvulo libre con posibilidade de ser fecundado. A foliculina ou hormona estroxénica, secretada, nise intre polo foliculo portador do óvulo, o chegar a unha cantidade suficiente, bloquea a secreción hipofisaria, orixinando unha diminución da súa propia produción.

A hormona L.H. actúa sobor do foliculo e o transforma no que se chama corpo amarelo. Iste corpo amarelo, secreta a hormona progestáxena, encargada de preparar o útero dunha eventual anidación do huevo.

O proceso endocrino da ovulación, funciona coma un círculo pechado: a corteza cerebral (hipotálamo) actúa sobor da hipofisis (cerebro endocrino), iste por medio das gonadotropinas (F.S.H. e L.H.) sobor dos ovarios, e istos por medio das hormonas estróxenas e xestáxenas outra vez actúan sobor da hipofisis. Así as cousas a píldora, influiría na hipofisis, enganandoa e facéndolle creer ca muller está embarazada, e que polo tanto e inútil facer madurar o óvulo, necesario pra fecundación. Os ovarios, pois, quedan en reposo. Dito doutra maneira a píldora actúa sobor da hipofisis frenando a secreción das hormonas estimulantes, fundamentais pra que teña lugar a ovulación.

A acción dos anovulatorios (píldora), vai aínda moito máis alá, pois, non sómentes actúa sobor da hipofisis, senón tamén sobor: dos ovarios, inhibíndolle totalmente a súa función: sobor das trompas, inhibindo a súa capacidade transportadora do óvulo; sobor do útero, imposibilitando co óvulo anide supoñendo que tivera lugar a fecundación e sobor do *cuello uterino*, facendo co seu moco seña hostil pra os espermatozoides, a modo de «barreira contraceptiva».

No proximo artigo falaremos sobor de todo, dos efectos secundarios producidos pola píldora (físicos e psicolóxicos), das indicacións médicas, das técnicas de administración, dos controles e precaucións, etc., etc.

Somos conscientes que nun articulo, dos que estamos escribindo en TEIMA, non podemos aclarar gran cantidade de problemas. Si os lectores o desexan, unha bibliografía está en marcha, pra mellor comprensión en relación a istos temas.

LINGUA

O galego
ante a súa fala

CHARO ALVAREZ-F. FERNANDEZ REI

O «galego verdá», nunca se fala no lugar de ún. Un de Lugo dí, que nas Rías Baixas e Ourense; ún de Ourense, que oas Rías Baixas e Lugo; ún das Rías Baixas, que en Lugo e Ourense. Sobor do seu galego, que é un churrado, *mitá castellano, mitá gallego*. Que se os de tal zona falan o cerrado - cerrado, o galego bruto, pois a un *trelo* chamalle *adival* ou a un *pardal, gorrión*. Que se as cousas brutas dos vellos vanse perdendo, que hoxe xa hai escolas, e así os nenos xa non din *tixela* nin *basoira* nin *cravo* coma aínda di tal ou cal vello. Que pra bo galego o que se ouve cando fala a Seixadelo polo radio ou os da TV., eses si que falan ben, tan cerrado ás veces, que costa entendelos.

Todo isto son xuicios que temos colleito ó longo do noso ámbito lingüístico mentres faciamos encuestas. E poderíamos pór máis.

A moitos falantes créalles un certo desprestixio a conciencia das variantes que se dan dun lugar a outro; argumento que precisamente emprega a miúdo xente galega que, por riba de todo, segue a falar no seu *castelán - pasivo - estandarizado - de libro* co que anda toda chea, e máis aínda se ún de fóra lle di que non se lle nota nada o acento galego. Esta xente cre que a realidade lingüística do galego é un total desbaraxuste e que o seu *castelán - estandarizado* é igual en todo o ámbito da fala de Castela.

O vocabulario nuclear dun de Ribadeo ven se-lo mesmo có dun da Guardia, de Cedeira ou da Gudiña. As pequenas variantes fonéticas ou morfolóxicas en modo ningún van impedi-la comunicación entre todos eles. E por suposto, tan bo galego, tan auténtico é o de ún coma o do outro.

Compre aclararlle a quen vexa na creación dunha normativa pró galego unha pantasma que veña escorrenta-las variantes locais que hoxe enriquecen a nosa fala, que o feito de que se normativice *pantalóns* ou *mañá*, non quere decir que deba rexeitarse *pantalós* (*lós* ou *miñán/mañán*). Todas son galegas, todas proceden do latín que se trouzo ás nosas terras. A normativa é unha convención, calque-

ra escritor pode salta-la norma como recurso estilístico e utilizar tódolos recursos presentes na fala. Parécenos que non ten sentido ningún andar a discutir-mos se é millor ou peor galego o de tal ou cal zona, todo é galego, a estrutura morfosintáctica (que é o que define ó galego fronte ó castelán), de momento, está conservada dabondo. O perigo non está na normativa, senón no galego de cidade inzado de castelanismos morfosintácticos, dos que falaremos.

A infravaloración que o falante ten da súa lingua creemos que contribúe o distanciamento que se dá normalmente entre o que se escribe e o que o pobo fala. Pra este, segundo os esquemas de educación recibidos, o bo galego é o dos libros. E ten conciencia de que está moi lonxe do deles. E certo que hai quen escribe usando ás veces voces semiinventadas e artificiosas, pro tamén temos escritores que saben galego e que o levan ás súas obras; e tampouco a estes os entenden por mor da falla de hábito (lémbrese que a nosa xente emprega o castelán nas súas cartas); e porque os temas son a miúdo pra iniciados e escritos por xente desvencellada do pobo (que importa que ós domingos se fale de Proust ou de Kafka, ou da arte de Picasso todo en galego, se logo as noticias do día, as que si lle interesan a calquera falante e non só ós iniciados, están en castelán). Todo contribúe a que a xente non sinta coma súa a lingua en letras de molde.

Un dos labores de todos, e coidamos que moi urxente, é ir-le sacando ó galego adxetivos que está lonxe de merecer, hastra deixarmos de sentilo coma unha canga molesta, que nos xunguiron contra a nosa vontade, ou coma un lastre do que hai de desfacerse axiña, se queremos medrar dalgún xeito nesta vida. E ese calificativo de *bruto*, aplicado a cotío polos falantes á lingua que dende o berce todos mamamos, froito dunhas institucións, en especial a escola que tivemos, só pode ser aplicada a quen demostrou tanta cegueira e incapacidade, hastra facer que todo un pobo adquire complexo de inferioridade e mesmo sinta vergonza da lingua que herdou dos seus antergos.



YANEZ

A pasta fumegando xa en Pontevedra, o proceso de oposición ás celulosas nacia de maneira masiva cun novo proxecto daquelas: Na mesma desembocadura do río Sar no Ulla, en Dodro, as teimas do gran capital chocaban violentamente cos combativos informes dos biólogos aousáns do ginstituto Oceanográfico e os plans orixináis das empresas desplazábanse Sar arriba hastra o municipio de Rois. Logo, medrando as presións en contra, dunha banda

á outra de Galicia, parellas ós novos e sucesivos nacimentos doutros proxectos, por veces, as tentacións dos financeiros ficaban en estado latente... De cando en vez, hoxe, óense as palpitacións, cativos rumores namentres o capital agarda. Outras, o proxecto recobra forzas e nacen, van nacendo paso a paso, Galicia adiante, as Comisións Anti-celulosa.

XAVIER NAVAZA redactóu o presente informe.

Celulosa que non cesa

Detrás do «affaire» Dodro atopábase PROULLASA que, en xaneiro do 74, ampliaba capital. Preparaba as súas propias forzas pró asalto e, con ela, prohómes das esferas oficiáis galegas: Corzo Diéguez, Graño Amarelle (presidente da Cámara Oficial Sindical Agraria coruñesa) e outros con certo número de terratenientes que se botaron á compra-venta de terreos e fragas namentres, na operación facía a súa entrada o Banco Pastor. Xunto do informe dos biólogos do Oceanográfico medraba, con forza, a franca oposición da empresa Nestlé por ver de alonxar da súa factoría posibeis cheiros contaminantes (sabido é que a grasa, elemento fundamental no produción de Nestlé, asume toda clase de cheiros).

DAS ALCALDADAS

Pouco tempo ían dura-las cousas deste xeito. De sutaque, o Banco Pastor saía da formación e nacia CEPAGASA (Celulosa e Papel de Galicia, S.A.) xunto do Banco de Vizcaya e a Papeleira Guipuzcoana de Zicuñaga, empresa propietaria doutra empresa semellante á proxectada na localidade vasca de Hernani. PROULLASA, abandonada financeiramente, aliábase a certos sectores do capital catalán en espera dunha concesión que dera vía libre ós comenzos da construción e instalación da factoría.

En principio, CEPAGASA quíxose

instalar en Pantín (axuntamento de Valdoviño, Ferrol). Pouco pasara dende que Cerdido fora, na mente duns alcaldes desinformados encol das celulosas (Ferrol, Ortigueira, Narón, Valdoviño, San Saturnino, Moeche, Cerdido, Mañón e Cedeira) logo dunha mesa redonda celebrada no maio do 74, cáseque escolleito como lugar idóneo prá futura fábrica de pastas de papel. E menos ía pasar pra que Pantín fora rexeitado cando os organizadores se atoparon, sen agardala, coa maior oposición: a do es-capitán xeral González-Aller que, casualmente, tiña unha estensa finca da súa propiedade perto do enclave elixido pra Pantín. As presións daban lugar, de novo, a outro nome na cadea: Ponteceso.

«LOCKHEED'S» BERGANTIÑANS

Cospindo, no municipio de Ponteceso, era o lugar esacto a pesares da resposta, a fins do pasado febreiro, nunha manifestación de cáseque dez mil campesiños en contra. A factoría afectaría á ría de Laxe-Corme, Muxía-Camariñas e hastra Malpica, Semellaba que o caso estaba, sen embargo, conxelado definitivamente, cando chegaba un novo dato: a destitución do concellal Xosé María Barca en medio dunha corporación municipal especialmente dócil cun alcalde, tamén, especialmente maleabel. «Agora comenzan a circular rumores —di o noso corresponsal nos Bergantiños,

Waldo Blanco— dun pequeno «Lockheed» bergantiñán no que se verían directamente implicados familiares do señor Cruz, alcalde de Ponteceso». Un alcalde do que moitas xentes lembran o ano 74 cando, como concellal, tomaba posicións contra das factorías de pasta papeleira logo de asistir a importantes xuntanzas, como a de Ourense daquelas datas, contra dos proxectos de Celulosas de Guipúzcoa, en Toén, perto de Ourense capital.

A repulsa contra Celulosas de Guipúzcoa ía ser tal que deseguida, nacería un novo traslado, un novo nome da xeografía galega nas rotativas do país: Quiroga, ou cercanías, que axigantaba os movementos da poboación oposta cando xa Toén creara, unha vez máis, problemas de orde público coas manifestacións da bisbarra. Fora a fins do 74 cando Ourense se decatara: na zona de Barbantes, na cabeceira do Ribeiro de Miño —na cola do embalse de Castrelo— tentábase a instalación. Días despóis, o 19 de xaneiro do 75, o axuntamento de Toén, en pleno, decía definitivamente NON AS CELULOSAS coa posterior solidariedade da corporación ourensá.

NO COLO DO INTERES

As Neves sería, logo, a continuación do proceso: a repulsa dos afectados da zona falaba contra do sintentos do al-

calde de Pontearreas de se arroga-la representación da bisbarra. Paralelamente, xurdía Negreira... Novas situacións en tanto saía á actualidade o axuntamento de Foz cando Fazouro nacia prás celulosas baixo da protección do que, sendo gobernador civil, sancionara con grandes multas ós manifestantes de Quiroga contra das papeleiras e a contaminación, señor Vaquer Salort.

Como xa informara no seu día o noso corresponsal en Lugo Xulio Xiz, todo semella indicar que, pesia todo, pesia á oposición sistemática e masiva da opinión pública, unha nova planta de celulosas completará o perigoso triángulo de contaminación que, no norte da provincia lucense, estáse a artellar coa Nuclear de Xove e a Alúmina de Morás. Sempre, no colo das presións interesadas, como en Fazouro: presións de autoridades locais e provinciais namentres, por exemplo, da man de Celulosas del Cantábrico, S.A., camiñan sinxelamente o alcalde Foz, Francisco Martínez García, e máilo ex-gobernador civil señor Trillo y López-Mancisidor.

Presións interesadas, por exemplo, contra da Comisión Anticelulosas de Ponteceso, nada do seo dunha opinión pública que loita por ver de se facer escoitar, namentres as empresas e o capital financeiro loitan, tamén, por ver de fuxir dunha inversión moito máis grande: a que lle compre ás empresas de celulosa pra se adecuar ás esixencias ecolóxicas e ambientáis da nosa Terra.



«Celulosas de Pontevedra ten unha concesión administrativa do Estado, que lle impuxo, en virtude dunha Orde ministerial, determinadas obrigacións. Estóume a referir ó intre do establecemento da fábrica de celulosas: Celulosas ten unhas obrigacións contraídas e non as cumpriu. E acepto aquí, públicamente, a responsabilidade por esta afirmación. Polo tanto, polo incumplimento desas obrigacións que contraíu ó nacer da concesión administrativa, Celulosas debéu ser pechada. Nesta situación estase a crear unha contaminación máis perigosa do que a contaminación da que estamos a falar aquí, que é a anarquía pola violación da Lei. E ninguén máis obrigado a cumprir a Lei estrictamente do que unha fábrica do Instituto Nacional de Industria (INI), que é unha institución do Estado».

Pontevedra:

Cheirume fóra da lei

Dende aquelas palabras pronunciadas polo esperto en Ecoloxía, Domingo Quiroga, fai máis de dous anos no curso dunha mesa redonda levada a cabo en Pontevedra, hasta agora mesmo, a situación ven se-la mesma: Celulosas de Pontevedra, na súa factoría de Lourizán, é unha industria, que, sinxelamente, está fora da Lei. E unha industria

punto que tivo de intervir-la Guarda Civil e máilas autoridades da Mariña. Consecuencias desto foron, daquela, diversos procesamentos e consellos de guerra.

Tiñan de pasa-los anos pra que, nunha sesión plenaria municipal o 11 de agosto de 1965, a Corporación pontevedresa debatira tardíamente a concesión dunha licenzia a

maiores problemas, licenzia prá instalación dunha fábrica de cloro e sosa. ELNOSA (Electroquímica del Noroeste, S.A.) suscribía, tamén, cinco condicións que figuran no Libro de Actas da Permanente de Pontevedra. Na quinta, lía-se: «Prohíbese en absoluto verquer augas na Ría de Pontevedra sin estar previamente depuradas.»

ANGUIAS NA RUA

En tanto que as condicións, nos seus puntos máis importantes, dirixidas á conservación da saúde pública e contra a contaminación, quedaban no papel pra non ser cumpridas como se viñera establecer, as cousas non quedaban ahí: pra facilitar auga ás intalacións fabrís, pouco despóis construíase en Bora unha presa —sin coñecemento oficial do Axuntamento ou, polo menos, en forma corporativa— e asulagábase unha ponte romana xunto coa calzada. Tratábase de dous exemplares únicos sobor dos

vedreses. Espectáculo asombroso que tiña lugar, precisamente, un ano escaso despóis de que, esquiando no río Lérez, un bañista sufrira diversas queimaduras. Forá un sinxelo chapuzón, dabondo pra que lle saíra unha serie de bochas en distintos lugares do seu corpo. A contaminación da auga da bahía saía a primeiro plano.

DEZ ANOS DE VIDA

Unha bahía que a Xefatura Provincial de Sanidade ten localizada en oito puntos fixos encamiñados a levar adiante, con regularidade dende tempo hai, series de análises microbiolóxicas e logo químicas. Segundo os últimos resultados, a demanda biolóxica de osíxeno (DBO) dos verquidos á ría por Celulosas de Pontevedra sitúase entre 100 e 300 partes por millón (ppmm), nunca menos, cando o máximo aceptábel é 10 ppmm de DBO. «A ría é unha cañeira —dixo a TEIMA Xavier Yuste Grijalba, xefe



OS BURATIÑOS DA MORTE

ilegal. Polo tanto, hai tempo que debера ser pechada. Son, por outra banda, declaracións de ilegalidade que, repetidas ó longo dos anos, nunca foron desmentidas.

CONTAMINACION INCONDICIONAL

Xa remontado o ano 1960 establecíase en Pontevedra a factoría de pasta celulósica, tipo «kraft», no lugar de Lourizán camiño de Marín. Unha empresa que, rematada a súa construción, fíase poñer en funcionamento sen a licenzia municipal preceptiva a pesares de que, nos replantexamentos, non foron o que se dí cativas as protestas dos mariñeiros e mariscadores hasta o

posteriori. A pesares dos máis de trescentos escritos de oposición —entre veciños e distintas entidades da provincia— acordouse a autorización, aínda que con sete condicións das que destacan as seguintes: no prazo de oito meses hanse instala-las medidas correctoras que compren, pra evitar danos á atmósfera e máis á ría. A licenzia, pois, queda condicionada ás devanditas medidas. Reservábase, polo demáis, por parte do Axuntamento, a imposición de peches estacionáis con ceses das actividades industriáis.


Dous anos máis tarde, 18 de marzo de 1967, unha nova industria vinculada á primeira recibe, sin

que nin palabra dixeron os representantes provinciais do Patrimonio Artístico, nin os de Información e Turismo, nin o mesmo Axuntamento, implicado no nacemento da instalación de Celulosas de Pontevedra sendo alcalde o doctor Filgueira Valverde.

Tamén dende os comenzos, Filgueira na alcaldía, comenzara a oposición. Unha oposición que, anos máis tarde, nunca escoitada, fíase asombrar diante dun curioso espectáculo: por aqueles días de marzo do 74 íanse asomar, rúa arriba e fuxindo da contaminación da Ría, na calle Real, centos e centos de anguias, que entre a lama desbordaban os alcantarillados ponte-

provincial de Sanidade— e a tendencia é a mesma dende hai xa tres anos».

Unha parte por millón de DBO significa unha parte por litro. Cada segundo, sae á ría un metro cúbico que, ó día, veñen ser entre quince e vinte toneladas de verquidos contaminantes. Todo esto sumando DBO e materias en suspensión. «¿Cál é a capacidade de recuperación da ría? —pregunta Yuste Grijalba—. Os biólogos estudian eso, mais non é ilimitada, sen dúbida. Nunha actitude de pronóstico, son dez anos os que pode vivi-la ría de Pontevedra.»



CELULOSIZAR GALICIA

(Ven da páxina anterior)

A ILEGALIDADE

Por resolución da Dirección Xeral de Portos e Sináis Marítimas, aparecida no BOE do 3 de xuño de 1958, o INI era autorizado a ocupar unha parcela de terreo na zona marítimo-terrestre na beiramar sur da ría de Pontevedra, prá instalación de Celulosas de Pontevedra, abrangendo unha estensión de 612 mil metros cuadrados. O Instituto Nacional de Industria suscribía, entre outras, unha serie de obrigacións de especial interese: «As instalacións de depuración das augas residuais serán proxectadas pra que teñan un DBO inferior a 20 partes por millón», podíase ler na cláusula segunda. «As augas residuais, logo de depuradas —líase— terán un DBO inferior a 20 ppm.» «O concesionario ficará obrigado a adoptar toda-las precaucións necesarias pra escudirlos fedores, fumes, pó, gases tóxicos e cantas circunstancias sexan nocivas pra saúde do vecindario.»

Na cláusula doceava engadíase: «...o incumplimento polo concesionario de calquera das condicións anteriores será causa de caducidade da concesión e, chegado este caso, procederáse de conformidade co determinado nas disposicións vixentes sobor da materia.» Neste senso, os abogados Xosé Luis Fontela e Modesto Barcia Lago viñan hai pouco a lembrar que, pró caso de que non se correxiran as deficiencias devanditas nos prazos concedidos, o «Regulamento de actividades molestas, insalubres, nocivas e perigosas», de 1961, no seu artigo 38 establece que «esgotados os prazos ós que se refiren os artigos anteriores, sen que polos requeridos se adoptaran as medidas ordenadas pra desaparición das causas da molestia, insalubridade, nocividade ou perigo, o alcalde —ó resultado das comprobacións levadas a cabo e dando audiencia ós interesados— dictará providencia impondo algunha destas sentencias: multa. Retirada temporal da licenza, coa conseguinte clausura ou cese da actividade namentras subsista a sanción. Retirada definitiva da licenza concedida.»

«Coidamos que con estas consideracións xurídicas —engadían os devanditos abogados— ben se pode tira-la conclusión de que, legalmente o problema do complexo industrial de Lourizán, ten perfecta solución. Somentes se trata, en definitiva, de aplica-la Lei.» E Fontela, xunto con Barcia, sacaban conclusións: A empresa Nacional de Celulosas de Pontevedra non é legal en tanto que atenta contra da concesión administrativa e contra do Regulamento de 1961. Polo tanto, débenselle aplicar as san-



DESAUGUE, QUE ALGO QUEDA



PURIFICADORAS:
De purificar, nada

cións máximas previstas na legislación vixente, con clausura da industria e traslado a outro lugar, especialmente tendo en conta os riscos que corren as poboacións ribeiranas e máilas cidades de Pontevedra e Marín.

A CLANDESTINIDADE

«En canto a ELNOSA, dado o seu carácter de excesiva perigosidade polas materias empregadas no proceso de produción (mercurio, cloro, etcétera) sometidas a calquera posíbel accidente casual e por non se atopar fóra da distancia mínima esixida pola Lei —dous mil metros respecto dos núcleos de poboación—, igualmente debería ser trasladada. O seu traslado debería evitar, ademais, que os residuos vaian parar ó mar, dado o proceso acumulativo irreversible dalgunha das sustancias tóxicas utilizadas (mercurio) que, dos produtos do

mar, pode pasar á afección de persoas e outros seres vivintes.»

Celulosas de Pontevedra, hoxe Empresa Nacional de Celulosas (seica, segundo informacións dignas de creto, non ten pagada a taxa obrigatoria que conleva o traslado de domicilio social), pois, nunca chegou a cumplir-las condicións e limitacións que algún día lle foron impostas: Nin as obrigadas polo Axuntamento pontevedrés, nin as sinaladas pola Dirección de Portos e Sináis Marítimas (B.O.E. do 30 de xuño de 1958), nin polo Ministerio da Vivenda (B.O.E. de 16 de outubro de 1970), nin as que xorden da Comisión Provincial de Servicios Técnicos... O mesmo Ministerio da Vivenda viña dicir, dous anos despois que, considerando perxudicial pra cidade de Pontevedra a pretendida calificación de «industrial» e de «reserva industrial» das zonas situadas en Lourizán e arredores, «non se debe permitir a instalación de

novas industrias na devandita zona, quedando fóra de ordenación as existentes que *deberán trasladarse a zonas máis aptas* que non perxudiquen á poboación.»

O caso é que, ademais sendo denegada a ampliación da factoría, polo Axuntamento, baseándose precisamente no Plan de Ordeación, executáronse e séguese a executar obras clandestinas e, entre delas, a ampliación dos depósitos de cloro.

AGARDANDO POLO MAL

En resumidas contas, coma viña, dicir Torre Cervigón, biólogo, «...no fondo, todo este tema non é máis cá contraposición de tirar, por espropiaación a moi baixos precios, ó labrego galego das súas terras e ó mariscador ou pescador da súa riqueza pra lle dar un salario nunha fábrica das que veñen percurando nesta zona de España os salarios máis baixos.» Unha zona, a de Pontevedra, da que se pode afirmar que desde unha liña trazada entre Combarro, a illa de Tambo e Marín cara adentro a contaminación é nociva pra flora e fauna submarina. Unha zona que, evidentemente, é superior ós 0,2 kilómetros cuadrados que noutra ocasión, hai xa algún tempo, dixeran os representantes de Celulosas de Pontevedra.

O certo é que, sendo o normal de 0,03 partes por millón, o contido de mercurio na ría pontevedresa está por enriba daquél. Todo eso namentras se poden lembra-las palabras do doctor B. Andreu, director do Instituto de Investigacións Pesqueiras de Vigo: «As factorías de celulosas producen danos irreparables, xeralmente inadvertidos hasta que pasaron os anos. As súas consecuencias mídense por décadas.» Entre tanto as Celulosas instaladas en Lourizán van cara ó establecemento dun emisario submarino pra alonxa-los merquidos. O 30 de xaneiro de 1975, nun informe da empresa podíase ler: «...con datos do 8 de outubro e 27 de decembro do pasado ano 74, xa se presentou na Xefatura do Porto e Ría de Pontevedra pra súa tramitación ó Ministerio de Obras Públicas o Proxecto de emisario submarino pra eliminación de efluentes da fábrica de Pontevedra...»

Biólogos, ecólogos, e especialistas en medio ambiente teiman, nembargantes, na idea de que o emisario submarino, non será unha solución: será, a fin de contas, o traslado do problema, mais éste seguirá alí onde o leven... Entre tanto, a Empresa Nacional de Celulosas sigue a mante-la súa ilegalidade na bahía pontevedresa.

YANEZ

YANEZ

Os boscos das celulosas

Veñen a ser, agora dende hai anos xa, os efectos directos da política industrial do Réxime franquista nos anos da posguerra, da autarquía e as presións do bloqueo internacional. Escomezaba unha etapa de indiscriminada instalación de enclaves industriais e a Galicia, dende os primeiros intres da repoboación forestal, íaselle suliñando o futuro: celulosas, celulosas, celulosas... Interesaban plantas de crecemento rápido (piñeiros e eucaliptais, fundamentalmente) pra enche-las fames das «papeleiras» e adiante. Non ía ser de estrañar, aínda hoxe, que chegaran a ser creadas toda unha serie de «caixas autónomas» encamiñadas ós petos dos inxenieros forestais: Nos beneficios das grandes vendas da madeira participaron, e participan, non poucos daqueles inxenieros. Interesaban, logo as árbores de crecemento acelerado. A todos, menos á maioría: ó campesiñado galego.

DESERTIZAR GALICIA

Diante da enorme preponderancia na nosa Terra de especies arbóreas de crecemento rápido (piñeiro e eucalipto, como decíamos) fronte das frondosas —propias do país e compoñentes da vexetación «climax»—, sometidas estas a un implacábel proceso de aniquilación, cabe suliñar —respecto das primeiras— unha serie de apreciacións que, por outra banda, veñen ser unha especie de verdade irrefutábel prós especialistas:

a.— Os efectos das especies de crecemento rápido son radicalmente desfavorables ás posibilidades nutritivas do chan.

b.— A probeza e acedume dos restos dos piñeiros e eucaliptos débese engadi-lo desfavorábel do seu contido en esencia, resinas e hidrocarburos diversos, fortes inhibidores da actividade microbiana e dunha actividade tóxica somentes compensado pola presunta abundancia, no chan, de calcio e magnesio, cousa que —definitivamente— non pasa en Galicia.

c.— A presenza dos piñeiros e eucaliptos favorece a implantación dunha silveira que produce e fai medrar un «humus» ácido, distrófico e degradante. Os perniciosos efectos desta reforzan os das devanditas árbores de crecemento rápido.

d.— Os restos orgánicos dos piñeiros, dos eucaliptos e da silveira asociada basean unha materia que provoca a degradación estrutural, a diminución da capacidade de cámbio e a merma do poder retentivo da auga por parte do chan.

e.— A substitución do bosque de frondosas por outro de especies de crecemento rápido determina a automática desaparición das lombrices de terra nos chans afectados. Con elo vense, sinxelamente, a elimina-lo proceso creador de complexos arcillosos no intestino destes animais e suprímese o transporte de materiais que os mesmos realizan dende as capas profundas ás superficiais e, asimesmo, suprímese a acción de aireación, mulimento e creación de condicións ideais pra penetración e almacenamento de lentura.

f.— A persistencia dos devanditos efectos conducen á evolución dos chans segundo o esquema «terra parda-chans padzólicos-padzoles» ou ben «terra parda-chans lavados—pseudoglei». Diversas investigacións estableceron xa duracións de 100-150 anos pró proceso padzolizante e de 40-75 anos pró de formación de pseudoglei. Tais duracións son, evidentemente, ridículas comparadas cos 100-120 séculos que compre prá creación dunha terra parda como a de Galicia repoboada coas súas plantas orixinais, as frondosas. Elo, xunto coa irreversibilidade do proceso, xustifica as nefastas consecuencias de ámbolos dous tipos de degradación.

g.— Os incendios vense favorecidos nos boscos de resinosa polos seguintes motivos: 1.: Maior combustibilidade do material vexetal. 2.: Acumulación de restos orgánicos sen descompoñer, moito maior nos devanditos boscos ca nos de frondosas. 3.: Ambiente máis seco no chan e na atmósfera que o cobre. Os incendios, á súa vez, determinan brutais efectos degradantes sobor do chan: créase, deste xeito, outro novo e perigoso ciclo mortal.

As cousas desta maneira, xorde a dúbida de se o maior rendemento unitario de piñeiros e eucaliptos, fronte das frondosas autóctonas, máis ca unha renda da terra representa un verdadeiro consumo de capital —único e irremprazábel— cal é o representado pola capacidade productiva do chan galego.

En fin, como viña a decir Nicolás de Benito Ontañón, nun comunicado presentado pola Asociación de Naturalistas de Andalucía Oriental recentemente, «... compre un estudio que permita reinstaura-las comunidades climáticas frondosas alí onde sexa necesario e conveña prá planificación de repoboacións mistas». Pra elo, é unha opinión xeralizada, compre unha política forestal —hoxe inesistente— que responda plenamente ás esixencias xeográficas e climatolóxicas, sociáis e económicas de cada unha das rexións e nacionalidades do Estado español. Todo elo, claro, no marco dunha reforma agraria elaborada democráticamente.

ELNOSA: Electroquímica del Noroeste, Sociedad Anónima

Domicilio social en Pontevedra, constituída en 1966. Produce cloro, sosa cáustica, hidróxeno, hipoclorito de sodio e ácido clorhídrico, tributando por ácidos, sosa e cloruros. O 50 por cento do seu capital está controlado por Celulosas de Pontevedra.

Empresa Nacional de Celulosas de Pontevedra, Sociedad Anónima. Domicilio social en Madrid. Constituída no ano 1968 e, actualmente, fusionada coa de Huelva e FEFASA. Produce pasta de papel ó sulfato, cru «kraft» e branquexadas ó sulfato, tributando por pastas químicas con *tratamentos ácidos e semiquímicos*. Posee o 50 por cento do capital de ELNOSA.

Celulosas de Guipúzcoa, Sociedad Anónima. Domicilio social en Hernani, constituída en 1974. Producción de pasta papeleira ó sulfato, cru «kraft» e branquexadas ó sulfato, por *procedementos químicos ou semiquímicos*.

Estas veñen ser tres das grandes empresas, estabelecidas xa as dúas primeiras e presionando pra se instalar a terceira. Cabe recordar agora que, en U.S.A., tódalas fábricas papeleiras *semiquímicas ou ó bisulfito* tiveron que pechar hai algún tempo pra instalar nelas novos sistemas de recuperación química e anticontaminantes. Polo demáis, as de *sulfato* están prohibidas xa en Alemaña. Un dos problemas das fábricas ó sulfato é o da polución á cor, é decir, os verquidos chegan a coller unha cor, un tinte moi escuro contra do que actualmente *non existen tratamentos eficaces*.



A costa galega é particularmente vulnerábel, feble, esposta a graves modificacións ecolóxicas, debendo ser estremadas as precaucións, as medidas precautorias no que se refire ás rías. Polas súas especiais condicións son particularmente sensíbeis ós agresores físicos e químicos nelas vertidos, reducindo as condicións de vida das mesmas e producindo danos que poden ser irreparables. Os efectos dos vertidos das rías hai que analiza-los a longo tempo, por decenios, e as súas consecuencias poden ser irreversíbeis: Non hai que esquecer que, por exemplo, as Rías Baixas constitúen grandes masas de auga semiconfinadas de escaso ou nulo intercámbo co océano, agravándose a situación polas perdas da evaporación estival que superan ó aporte de auga que reciben dos ríos que nelas desembocan...

(Ernesto Viéitez Cortizo, catedrático de Fisioloxía Vexetal da Universidade Galega).



MOITOS VENDERON POR MEDO



TENIS PROS LABREGOS

«A un maior nivel son os proxectos en marcha de «Rio Tinto Patiño S.A.» que consisten nunha investigación profunda na zona de Vimianzo —varias series de brañas— na que aparece caolín en grandes volúmenes que poden revolucionar a produción española». Nun balance feito no ano 1974 sobor da minería galega, o inxenheiro Jesús Hervada chamaba a atención ante a posible importancia duns futuros xacementos de caolín na bisbarra de Vimianzo. Hoxe, exploracións e investigacións xa están moi avanzadas pro o único que conqueriron revolucionar foi a paciencia dos labregos da zona. A empresa quere pagar a futura riqueza cunha miseria. «Nunca tal se viu: cinco mil pesetas por ferrado».

«Dín que estas terras non valen, pro nos estamos mantendo o gando... Un ten sete vacas, outro oito, outro cinco e así imos tirando. Coas perras que nos queren dar ¿qué facemos?, ¿ónde nos metemos?». O home, con moitos anos de traballo enriba do corpo, razonaba con verbas sinxelas. «Regatean —decía— como si fora a feira de Santiago; pro nos estamos tranquilos, aguantaremos».

TENIS PRO AGRO

A empresa xa erguéu uns laboratorios e fálase de que axiña escomenzarán as explotacións a ceo aberto. Pro, namentras chora a última peseta os propietarios das terras, mandóu facer agachado no medio do monte, nun escenario irreal, un campo de tenis, cun coste de cáseque medio millón de pesetas. «Dixeron que o facían tan lonxe porque si o poñían perto do centro de traballo os obreiros distraíanse. «Os comentarios non podían ser máis irónicos: «Querarán que nos metamos todos a Santanas».

«Rio Tinto» leva mercados xa moita cantidade de terreos. Tal

«Querem pagarnos cinco mil pesetas por ferrado, unha miseria... Se nos obligan teremos que vender, senón non». «Rio Tinto Patiño S.A.» aínda non atopóu mecanismos pra facer vender á forza ós labregos do lugar da Furaca, en Vimianzo. Intenta meter medo —envióu xa un notario—, cousa que lle déu resultado cos veciños de Castrelo: «Alí venderon todos por medo».

Vimianzo:

Mallar nos probes

como se pensaba, as reservas de caolín son moi abundantes. De tódolos xeitos, tal e como está planxada a explotación, xamáis chegará a haber máis de 150 empregados. Agora mesmo, moitos dos que están traballando son de fora. De fora son tódolos altos cargos: «Fixate ben, o director é inglés».

LEVARSE BEN COS CACIQUES

Mentres tanto, a empresa coida ben as relacións públicas, relacións que cos caciques de Vimianzo son inmejorables. Unha das mostras das diferencias de trato respecto dos paisanos é que ás persoas con cartos e influentes de Vimianzo pagáronlles vinte mil pesetas por ferrado, é decir, quince mil máis que ós labregos. Na festa da Patrona, a empresa organizóu unha festa á que foron invitados tódolos caciques, pro nin un só paisano; tense noticias tamén de que algunhas persoas recibiron regalos da empresa. Sería interesante estudar as presións que estas persoas exerceron logo.

Afondando no asunto, TEIMA poido saber que o sucedido cun dos

montes vendidos á empresa pra explotación merece unha investigación oficial. Anos atrás, cando ningún falaba do caolín, un tal señor Remelle, hoxe veciño de Zas, fíxose cun monte veciñal de máis de mil ferrados, e que actualmente é a finca de maior extensión mercada pola empresa. Daquela, os labregos tiveran unha pequena reacción e seguiron utilizando o monte como era tradición dende séculos. Pro o devandito señor Remelle botábaos do monte á forza. Alguns labregos foron multados pola Guarda Civil e as protestas foron esmorecendo. Máis tarde o monte vendéuse ás celulosas de Pontevedra nuns doce millóns de pesetas, e as Celulosas vendérono en perto de vintecinco á empresa mineira.

O problema agrávase cando se sabe que o mineral non será transformado en Galicia e que dende a mina será transportado directamente a algún porto —cecaís Cee ou Fisterre— pra que sexa aproveitado alén da nosa terra. Unha vez máis.

CAOLIN PRA ALEN DA TERRA



YAÑEZ



BLANCO

LONGO CAMIÑO
PRA CHEGAR O MEDICO

A Seguridade Social é cecáis un dos organismos máis discutidos da Administración. As contas non están nin estiveron xamáis claras. Sobor deste importante tema escribe o noso colaborador Oscar Paz.

Novecentos mil millóns de pesetas é o presuposto da Seguridade Social pró exercicio do ano 1977. Unha cifra moi respetábel e que paradóxicamente se asemella á dos presupostos xeráis do Estado. Na teoría, pois, é posibel apoiar que a Seguridade Social se comporta cá-seque coma un «estado no propio estado», cunha capacidade de manioobra, de ingresos e de gastos, aínda tan xurdio coma a propia Administración.

Pese a esto, as cifras da Seguridade Social campan polos seus respetos, sen ter que pasar máis fielato cós dos seus propios administradores —Instituto Nacional de Previsión, Mutualidades Laboráís, Ministerio do Traballo—, mentres que o país ouve apampanado as cifras inesplicadas, inesplicabeis.

TRISTEIRA ASISTENCIA

Non cumio dos despropósitos, a Seguridade Social dalle ós seus asegurados, que a sosteñen e fomentan coas súas aportacións económicas, deducibeis das súas mensualidades, unha tristeira asistencia sanitaria, chea de eivas e torpes desatencións de todo orde. Aínda pola contra a política de «moi grandes edificios», a demagogia doada das grandes cidades sanitarias, das residencias feitas a baloucazos de millóns embaldroan aínda máis unha asistencia sanitaria que tiña de ser flesibel, rápida e eficaz.

Galicia non é, por suposto, máis ca unha mostra típica desta política. Os cadros adxuntos mostran dabondo cómo é o pensamento que ten a Administración dunha prestación médica. Masificacións nos servicios, elevados costes das xigantescas edificacións, desatención nas vilas e comarcas do interior, onde aínda falla calquera mínimo indispensable. Veleiqui as principáís características dunha asistencia sanitaria sen orde nin xeito, estasiada pola súa parva grandía e que perde o tempo e máilos cartos en ollar e adoralo seu propio embigo. E o máis vulgar e antieconómico dos narcisismos.

INGRESOS E GASTOS DA SEGURIDADE SOCIAL EN GALICIA NO ANO 1975

PROVINCIA	RECAUDACIONES REXIME XERAL		RECAUDACIONES REXIME AGHARIO		PRESTACIONES REXIME XERAL		PRESTACIONES REXIME AGHARIO	
	Total (1)	Per Hab.(2)	Total	Per Hab.	Total	Per Hab.	Total	Per Hab.
A CORUÑA	3.063	2.869	233	218	3.045	2.852	1.286	1.204
LUGO	328	1.476	281	660	616	1.448	1.472	3.461
OURENSE	734	1.636	154	143	763	1.701	1.156	2.577
PONTEVEDRA	2.485	3.048	161	197	2.466	3.025	1.036	1.270

(1) En millóns de pesetas
(2) En pesetas.

As contas inesplicabeis da Seguridade Social

COSTE ACUMULADO HASTA 1975 DAS INSTITUCIONS DA

SEGURIDADE SOCIAL EN GALICIA

LOCALIDADES	INSTITUCIONS	MOBLAXE EQUIPO MATERIAIS	INMOBLES
A Ceruña	Rª Sanitaria	166	544
A Ceruña	Cidade Sanitaria	202	151
A Ceruña	Ambulatorie	13	45
Ferrol	Ambulatorie	15	60
Santiago	Ambulatorie	16	44
Lugo	Rª Sanitaria	120	321
Lugo	Escela Enfermeiras	4	17
Lugo	Ambulatorie	7	24
Ourense	Rª Sanitaria	87	229
Ourense	Ambulatorie	8	32
Ribadavia	Ambulatorie	5	26
Pontevedra	Rª Sanitaria	110	210
Pontevedra	Ambulatorie	7	14
Vigo	Rª Sanitaria	115	405
Cela-Bouzas	Ambulatorie	69	54
Teis	Ambulatorie	1	7
Vilagarcía	Ambulatorie	3	20
Santiago	Rª Sanitaria	-	95

EN MONTAXE NO ANO 1976

Betanzes	Ambulatorie	6	27
Mondeñede	Ambulatorie	4	16
Menferte	Ambulatorie	10	35
Ourense	Maternidade	8	102
Verín	Ambulatorie	6	17
A Ceruña	Escela Enfermeiras	-	15
Ferrol	Rª Sanitaria	-	275
Ribadeo	Ambulatorie	-	0,5
Sarria	Ambulatorie	-	9
Villalba	Ambulatorie	-	8
Ourense	Escela Enfermeiras	-	0,5
O Barco de Valdeorras	Ambulatorie	-	48
Pontevedra	Ambulatorie	-	7
A Estrada	Ambulatorie	-	22
Lalín	Ambulatorie	-	8
Seixo-Cabral	Ambulatorie	-	6

SOLARES SIN EDIFICAR NO ANO 1976

Chantada	-	5
Ribadeo	-	3
Sarria	-	5
Villalba	-	3

Tódalas cifras en millóns de pesetas

«O importante é solucionar os problemas, e solucionar-los é marchar unidos. Cecáis, dentro dun tempo, haxa tendencias sindicais implantadas, pro entón teremos algo ganado: que terán de presentarse nunha assemblea, na que a xente viu que o importante é estar unido».


Tres representantes da Asamblea Xeral dos traballadores da residencia da S.S. «Juan Canalejo» —X.A. Pérez, Mayte Goñi e X.M. García Buitrón— falan pra TEIMA dunha importante experiencia pre-sindical na que está a traballar todo o persoal do Centro.

Coruña: Sanitarios Unidos...

«A primeira assemblea celebróuse o venres 14 de xaneiro na cafetería da Residencia. Asistiron entón 150 persoas. Os días seguintes foi medrando o número de traballadores que asistían. A administración non tivo máis remedio ca deixarnos o salón de actos e as assembleas estabilizáronse cunha asistencia de 500 persoas, participación masiva se se ten en conta que moitos traballadores non podían deixar as súas tarefas». Este proceso assembleario comenzo cando o Instituto Nacional de Previsión negouse a negociar cos representantes dos traballadores das residencias sanitarias do Estado unha táboa de reivindicacións que viña coincidir coa elaboración dos presupostos anuais. O I.N.P. tiña xa ben feitos os seus particulares proxectos de suba salarial, proxectos que, segundo os traballadores, viñan afondar nas desigualdades xa existentes entre os ditintos estamentos.

REIVINDICACIONES

A táboa reivindicativa que entón se levóu ó I.N.P. tiña dúas esixencias principais: recoñecemento dos representantes eleixidos en assemblea e comenza-la negociación da suba de 8.000 pesetas sobor do salario base e pra tódolos traballadores. Seguían outros puntos, até un total de trece, entre os que estaban: non discriminación salarial de sesos, garderías nos centros de traballo, xestión democrática real e efectiva, e non á contratación eventual. A intransixencia do Instituto fixo que os traballadores decidiran levar adiante unha serie de paros. Unha decisión que, polas características do servizo, ten sempre o perigo de facerse impopular. «Son os propios pacientes os que poñen menos problemas. Cando se lles dá información da situación, enténdeno axiña, entre outras cousas, porque a maior parte da xente que está internada son traballadores e comprenden o difícil que é conseguirlas xustas reivindicacións. Ademais, se houbera unha estrutura sanitaria adecuada, as folgas nos hospitais no terían porque ser un problema».



ORGANIZACION

A forza da participación nas assembleas —«os primeiros sorprendidos fómolos mesmos traballadores»—, algunhas tarefas mini-

Nas bases organizativas aprobadas por tódolos traballadores establécese que é a *Asamblea Xeral* «é o órgano máximo de decisión pró conxunto de traballadores de cara a resolver-los problemas socioeconómicos e abordar, xunto cos outros sectores, a problemática sanitaria». Os bloques de traballadores integrados na Asamblea, segundo a súa función, son: auxiliares de asistencia e administrativos, axudantes técnicos sanitarios, auxiliares de clínica, pinches, médicos, celadores e mantemento.

A estrutura organizativa com-



ESTAR UNIDOS

mas —«recoller diñeiro prós viaxes dos representantes, editar boletíns...»—, a ineptitude do sindicato vertical, foron algúns dos feitos que empurraron ós traballadores a chegar a unha organización estábel. Antes, o medo, as xuntanzas —se había permiso— por estamentos illados. Agora mesmo, unha participación maioritaria, o desexo de leva-lo control dende a assemblea... «Cando se propuxo que os representantes foran eleixidos obrigatoriamente unha vez ó ano, a xente dixo que non, que había que facelo ós seis meses e que aínda así se vería».

plétase con tres comisións: *comisión de representantes* (son un total de catorce traballadores, sete eleixidos na assemblea a sete por cada un dos bloques; todos eles revocábes en calquera intre); *comisión administrativa e económica* (nun principio hai fixada unha cuota de 100 pesetas mensuais); e una *comisión informativa* (ten como tarefa a elaboración de boletíns, follas informativas e estudos encomendados pola Asamblea). Estas dúas últimas comisións son de carácter aberto e nelas poden estar tódolos traballadores que o desexen.

CENTRAIS SINDICAIS

Unha cuestión que inevitavelmente se plantexa é o papel das distintas centrais sindicais que xa están a funcionar dentro da propia Asamblea. A cousa faise máis complexa aínda dende o intre no que a división sindical parece un feito. «Non tratamos aínda —dixeron os representantes a TEIMA— o tema das centrais sindicais, o que temos claro, eso sí, é que tódolos traballadores temos que ir unidos. E indudábel que existen tendencias sindicais dentro dos traballadores do Centro, pro, por agora, a cuestión non foi tratada directamente na Asamblea. Pensamos en autoorganizámonos, pro sen discutir unha afiliación concreta. Isto é unha estrutura presindical. Sabemos que temos que chegar a unha organización co resto dos traballadores, pro iráse perfilando no proceso».

CARA ADIANTE

As discusións e os debates non se centran exclusivamente en problemas interiores. A propia situación da sanidade en Galicia é cuestionada, e máis cando se comproba a interrelación dos distintos problemas. «Mirade cómo son as cousas que fai algún tempo, cando pedimos a chave do salón dixéronnos que eso dependía de Madrid. Entón, claro, preguntaste ¿e estes qué fan aquí?» De tódolos xeitos, os traballadores de «Juan Canalejo» din que a transformación desta realidade tan deprimente na sanidade tense que facer xunto co resto dos traballadores.

Hai algo que dende logo se conseguiu coas intervencións e participación masiva nas assembleas: cambea-la mentalidade, romper coas divisións entre os propios traballadores, divisións que só beneficiaban ó I.N.P. «Cada vez é maior o número de xente que se incorpora ó debate assembleario. Hai un clima interno, unha democracia e un respecto enorme. Sempre nos dixeron que onde hai moita xente non se pode entender ún, pro nosoutros somos moitos e estamos moi ben, moi ben».

Louis Jean Calvet, escritor e lingüista francés, tense distinguido polo seu libro «Linguistique et colonialisme», onde plantexa científicamente o problema do rol da lingua na dominación económica e política: os destructores das culturas populares, e das civilizacións autóctonas, son tamén devoradores de linguas, e viceversa. Eles non sóio se reparan o mundo, senón que tamén lle dan os nomes que lles convén. Ramón Chao entrevistouse en París con Louis Jean Calvet, pra TEIMA.

Louis Jean Calvet:

Lingüística e colonialismo

RAMON CHAO

● **Ramón Chao**

O seu libro, «Linguistique et colonialisme» e, por riba de todo, un ataque á lingüística.

● **Louis Jean Calvet**

Non diría eu por riba de todo, mais en parte é certo. A burguesía quere facernos crer que a ciencia é neutral, o que podemos admitir prás ciencias exactas: (Matemáticas, Física, Química), anque tamén sexa discutíbel; mais as ciencias chamadas «humanas» (antropoloxía, socioloxía, lingüística, sicoloxía) non son neutráis, son un produto ideolóxico e siguen traballando como axentes ideolóxicos.

● **R. Ch.**

¿Cál é o rol da lingüística, neste proceso?

● **L.J.C.**

A lingüística produciu conceptos falsos, que serviron despóis pra xustificar —ou teorizar logo— a colonización lingüística, e máila colonización económica, pois todo vai xunto.

● **R. Ch.**

¿Quere darnos algúns exemplos?

● **L.J.C.**

A lingüística creou tres conceptos, o de **lingua**, **dialecto** e «**patois**». Isto xa é un problema, pois non sei moí ben o que quere decir esto de «patois»; é unha discriminación máis. Mais se nos limitamos ós conceptos de **lingua** e de **dialecto**, se ollamos en dous, sete ou vinte libros lingüísticos, non atopámo-la mesma definición.

De feito, hai dúas direccións. Unha dirección histórica: pódese decir que o francés, o provenzal, o galego, o castelán, o catalán, etc, son dialectos do latín, pois cando unha lingua se diversifica, dialectízase. E hoxe vemos que son «linguas» as dos dominantes, e «dialectos» as dos dominados. Así pois, unha lingua é un dialecto que triunfou politicamente; e ó revés, un dialecto é unha lingua que non ten o poder. A lingüística consagró es-

to. Non quero decir que a lingüística inventou a colonización, pro é certo que hai un relación estreita ó nivel da produción ideolóxica entre os fenómenos económicos, políticos, sociáis, e as ciencias que os acompañan.

● **R. Ch.**

Un «humanista» castelán, Antonio de Nebrixa, dixera aló polo século XV, «**siempre la lengua fue compañera del Imperio**». ¿Coida usted que nas orixes é a lingua a que axuda ás armas, ou son as armas as que impoñen unha lingua?

● **L.J.C.**

As armas impoñen a lingua, mais a lingua axuda ás armas. Non é contradictorio. Precísase ver como se desenrola un Imperio. Primeiro, o «occidente cristián» manda misioneiros, logo mercenarios, e pra rematar, lexisladores. Os misioneiros chegan cunha lingua que impoñen pró comercio co exército. E unha situación que se dá moito: un exército centralizador; á beira dese poder, a burguesía comerciante (os vendidos, os colaboradores), que é bilingüe —fala a lingua do pobo e máila do imperio—, e logo, o pobo, que fala a lingua asoballada.

Este esquema dáse tanto en África coma na Inglaterra do século XIII, cando o pobo falaba saxón, e o poder falaba francés; ó derredor a xente falaba os dous idiomas, e eran os que traficaban con Guillermo d'Orange.

O que penso eu é que a dominación militar e económica non admite a diversidade cultural, e no caso en que exista unha cultura moí enraizada, o colonialismo establece xerarquías. Acaece pois que poida haber unha cultura en francés e outra en bretón, ou en castelán e en galego; pro sempre o poder centralista terá por boa a literatura, a canción, a cultura da súa lingua, mentres que a outra deixaráse pros «incultos». Chegamos deste xeito a unha especie de racismo. Esto pa-

sóu en España, como tamén en Francia desde hai cinco séculos, e compre ver que se fixo primeiro a experiencia no propio territorio (Francia cos bretóns, cos provenzáis, cos vascos, cos alsaciáns; España cos galegos, cos cataláns, cos vascos), antes de ir facelo noutros continentes, en África a Francia, e na América o Imperio español.

● **R. Ch.**

Tamén fala no seu libro dos «préstamos» que se fan unhas linguas ás outras, as linguas asoballadas e as linguas imperialistas.

● **L.J.C.**

Sí, pois dediquéime a comparalos «préstamos» que se fixeron entre elas tres ou catro linguas. Por exemplo, o bretón e o francés. O francés colléu do bretón unhas vintetrés ou vintecatro verbas, ou sexa, prácticamente ren; son ademais, verbas que non se empregan moito, e se se empregan, ninguén sabe que veñen do bretón, coma «bijou». Pola outra banda, collín un diccionario pequeno de bretón, e somentes nas tres primeiras letras, A,B,C, atopéi máis de trescentas verbas do francés. Hai pois un desequilibrio enorme. Fixen tamén esta experiencia cunha lingua africana, o **bambará**, que se fala no Malí, no Senegal, na Guinea e na Costa de Marfil. Comparéi as verbas árabes coas verbas francesas, que foron as linguas dos dominadores; non hai un desequilibrio en canto ó número, aínda que non se incorporaron na mesma época: os árabes dominaron no século XI e os franceses no XIX. O que sí hai é unha diferenza en canto ós temas: tódalas verbas da relixión, da filosofía son árabes, cando as da administración, do exército, e da técnica, son francesas. Así que fica coma una sorte de revelador dos tipos de contactos políticos, culturais, militares, que tiveron esas civilizacións.

● **R. Ch.**

¿Qué pode facer un escritor pola

súa lingua? ¿E abondo con escribila e falala?

● **L.J.C.**

Contestaréi falando de Mistral, o escritor provenzal a quen lle deron o premio Nobel pola súa obra en provenzal. Mais, no pobo onde vivía, na escola castigaban ós nenos que falaban o provenzal. Era, pois, un escritor que empregaba a lingua do pobo asoballado, a quen non lle molestaba que á súa beira reprimiran esa lingua. Aceptaba que a mataran na escola mentres el recollía o Nobel en Estocolmo.

Un exemplo o revés, o do galego que escribe en castelán. E o mesmo ca Mistral noutro exemplo. Nos dous casos trátase dun individuo, e os individuos non existen máis ca nos movementos populares. Ou sexa, que o que me interesa é o escritor que elixe unha lingua pró que vai lelo nesa lingua. E o escritor galego que escribira el soio en galego, se o pobo non sabe le-lo galego, pouco fará. Agora ben; é un acto de militantismo, o axudar a que ese pobo chegue a ler na súa lingua e recupere a súa identidade cultural. Teño diante de min a vosa revista, TEIMA, e supoño que hai moita xente que fala galego, pro que non está afeita á ortografía galega, e que lle costará moito afacerse á lectura. Tamén, o que escribe en castelán, e que mete no castelán verbas galegas, ou a sintaxe galega, o seu labor depende do que escriba. Pode ser un folclorismo do máis barato, e pode tamén ser positivo. Eu coido que é preciso reivindicar na lingua do outro a súa especificidade. Por exemplo, o acento: en París a xente rise do acento de Marsella, e eu penso que é político o reivindicar ese acento: vós impuxéste-me o francés, e eu falóo como quero.

● **R. Ch.**

¿Qué futuro coida usted que teñen as linguas nacionáis do Estado Español, tendo en conta o predominio masivo do castelán pola radio, a televisión, etc...?

● **L.J.C.**

Eu non podo facer previsións. O futuro desas linguas depende do futuro dos pobos que as falan, e vai xunto á súa loita. Sobre todo cando non son linguas minoritarias, como en Galicia, na Catalunya e na África. Son linguas asoballadas, colonizadas, mais non son minoritarias. O porvir do galego depende do porvir da Galicia. E un problema político.

Declaracións recolleitas por Ramón Chao



«O PARO SOLUCIONASE CON POSTOS DE TRABALLO, NON COAS OPOSICIONS»
O Instituto de Santa Irene, en Vigo.

Hai en Galicia arredor de oitocentos profesores non numerarios (PNN) de Institutos de Ensino Medio. En todo o Estado son máis de 13.5000. Representan aproximadamente entre ó 65 e ó 70 por cento da poboación laboral do ensino e a súa reivindicación, dende os derradeiros anos 60 nos que o problema comenza a adquirir características importantes, é a estabilidade no seu posto de traballo.

A estes compre engadi-los PNN das escolas de Formación Profesional, equiparados cos dos institutos dende hai dous anos, «anque o seu grado de sensibilización diante dos problemas do sector é máis pequeno có noso».

«No 72 prantexouse a primeira reivindicación importante entre os non numerarios dos institutos. Pedíamo-la Seguridade Social. Houbo multados, xente que botaron logo dos centros, represións. Pro dende aquela os problemas non fixeron máis que medrar».

Cando o pasado 13 de xaneiro (primeiro nas provincias de Pontevedra e Ourense, logo Galicia e despóis o Estado) os non numerarios foron á folga, un sector importante da sociedade, pais de familia, etc., preguntouse qué pasaba, cómo era posíbel aquilo, os nenos sen clases, as aulas valeiras, os programas sen dar, os suspensos... Alguén falou do sagrado da profesión de mestre, o mesmo que a de médico, o mesmo que a do cura. ¿Pro quen lle garantiza a súa profesión ó mestre?

Polo posto de traballo, pola calidade do ensino, po

A loita dos P.N.N.

TEIMA. ¿Podemos decir que o eixe da reivindicación é a estabilidade no posto de traballo?

PNN. Certo. O anuncio dunhas oposicións por parte do Ministerio de Educación e Ciencia volvéu a prenda-la chispa outro ano máis, pro con máis forza cada vez. A nosa reivindicación non vai contra dos actuais numerarios nin contra dos parados nin contra da privada. Sinxelamente, coma calquera traballador, nós temos dereito (non se trata dun favor) ó noso posto de traballo dun xeito estábel. Deica agora, tódolos anos renóvasenos o contrato administrativamente. Tódolos anos, pois, estamos despedidos teóricamente, anque logo, cáseque sempre no derradeiro intre recibámo-la renovación por outro ano máis.

Agora ben. Se nós falamos de estabilidade, non falamos de estabilidade vitalicia. A nosa normalización laboral ten de vir acompañada tamén dun rebrandamento da situación xeral do ensino, control democrático dos centros segundo cal se esixan uns rendementos docentes ó profesor e responsabilidade dos mesmos (non se trata tampouco de chegar á «cátedra» e botarse a dormir pra toda a vida, non; alguén ten de controlar eso)...

T. ¿Quén ten de controlar eso?

PNN. Dende os mesmos centros. Trátase dun rebrandamento xeral do ensino. O que de ningún xeito podemos defender nós é a situación vitalicia dos cargos. Pedimos tamén un corpo único de ensi-

nantes, escolarización pra tódolos nenos, socialización do ensino. As reivindicacións dos PNN (mesmo a da estabilidade) non se explica fóra dun rebrandamento xeral do ensino, rebrandamento que o Ministerio non fai. O Ministerio somentes sabe de remendos, ir turrando pra adiante, amañando eiquí e alá coma pode ou como quere.

Esta conversa desenrolouse nos locais do Colexio de Doctores e Licenciados de Vigo, no víspera da cuarta entrevista que a comisión permanente dos PNN en Madrid tivo con responsabeis do Ministerio de Educación e Ciencia. Unha comisión de PNN escolleita en Asamblea, falou cun redactor de TEIMA).

O ARGUMENTO DOS PARADOS

T. *Rexeitades as oposicións. Esixides a estabilidade no emprego. Pro ¿cómo entráchedes vós nos centros? ¿Qué hai que facer pra entrar nun Instituto? Prós parados a oposicións é hoxendia a única alternativa posíbel.*

PNN. E certo. Nós entramos, nunha meirande parte dos casos, por recomendación, coma se entra nos Institutos. Agora ben, non tiñamos outro sistema. Non había outro sistema. Mesmo as oposicións

estiveron paradas certo tempo. Cada quen fixo o que poido pra atopar un traballo. ¿E este o argumento que quere empregar demagóxicamente o Ministerio? O paro resólvese axiña creando máis postos escolares, porque fan falla postos escolares, sobor de todo en Galicia. Pensemos nun ensino planificado segundo as necesidades do noso país, fiel á nosa historia, á nosa cultura. ¿Cántos profesores farían falla? Pensemos, xa dígo, na escolarización de tódolos nenos galegos, españois...

Pro o Ministerio non prantexa as cousas deste xeito. O Ministerio emprega o argumento dos parados (oportunidade pra todos) pra disimular unha situación que segue existindo, porque coas actuais oposicións o único que fai é cambiar, no millor dos casos, uns parados por outros: uns veñen ocupa-lo posto que a outro lle quitan. Compre entende-las cousas así. E certo que se entróu e entra por recomendación, pro ¿eso qué quere decir? Que nós somos vítimas tamén dun sistema inxusto de acceso, absurdo. Nós somos consecuencia masiva da política educativa dos últimos anos. Pro temos demostrado o noso oficio exercéndo, ¿non é?

Coma calquera traballador, pois, temos dereito a que se recoñeza a nosa estabilidade.

A solución dos parados pasa pola escolarización total, por un número axeitado de alumnos por aula, verdadeiro funcionamento dos institutos, bibliotecas, etc. Póñoche o exemplo dos obreiros, por citar un caso. Vivimos tempos de graves índices de paro, ¿bótase a uns obreiros pra empregar a outros?

T. *O ministro falaba de suprimir ós PNN en pouco tempo...*

PNN. Sí, en catro anos, seguindo o sistema de oposicións. Por este sistema entrarían non moito máis de oito mil profesores. O MEC calcula oito mil plazas en catro anos. Moi ben, ¿e qué se fai co resto? Porque xa somos 13.500 a nivel de Estado. ¿E qué fai cos novos licenciados que saen arreo das Facultades e piden traballo tamén? Entendemos que a conxelación de oposicións que pedimos pode amolar agora a algúns que as están a preparar, que non teñen traballo; pro pensemos que a solución do Ministerio é falsa. Non trata de crear postos de traballo. Trata de dividir ós sectores do ensino segundo o vello sistema do «divide e vencerás».

O MEC non planifica, improvisa, resiste, enfrenta ós corpos: os licenciados contra dos mestres, a estatal contra da privada, os PNN contra dos numerarios, os PNN

A CUESTION DE FONDO E UN REPRANTEXAMENTO XERAL DA POLITICA EDUCATIVA

Cada ano que pasa, o problema medra



LLANOS

a escolarización total

.N.

«AS NOSAS REIVINDICACIONS ENTENDENSE DENTRO DO CONTESTO XERAL DUNHA VERDADEIRA POLITICA EDUCATIVA»



contra dos parados... E a cuestión é de fondo. Compre ir ó fondo da cuestión porque é eiquí onde imos atopar solucións axeitadas de futuro: a solución é un reprantexamento total da política educativa.

SOCIALIZACION DO ENSINO

T. *¿Unha socialización do ensino pra facer frente ás necesidades de traballo e demanda de postos escolares? O MEC di claramente que non ten cartos pra facer frente ós gastos.*

PNN. Un Estado moderno non pode ter uns prantexamentos do ensino coma ten o Estado Español. ¿Problema de presupostos? Con outras cousas parece que non se regatean cartos en préstamos. Nembargantes, o ensino vai detrás e anda á esmola. Por eso decimos que é un problema de fondo. A socialización do ensino é fundamental e é un paso máis na socialización xeral da sociedade. Se mirámo-las cousas con xeito, ¿qué posibilidades económicas suporía, pra esto coma noutras cousas, unha verda-

deira Reforma Fiscal, sen necesidade de ir xa á socialización ou socialismo? Pro ninguén fala de Reforma Fiscal. ¡Claro que fan falla cartos no ensino! Prometéuse demagóxicamente no seu día ensino gratuito e outras moitas cousas. ¿Onde están as promesas? Eles tiñan de saber que cuns prantexamentos socioeconómicos e políticos coma os que rexen hoxendía era absolutamente imposible levar adiante nin os proxectos máis pequenos.

Neste senso as nosas reivindicacións enténdese dentro do contesto xeral, e cara eso compre ir, senón non hai solucións. Compre deixar clara unha cousa, o dereito á estabilidade no emprego é un dereito de traballadores adquirido co seu traballo ó longo de anos no ensino. Non se trata dunha reivindicación corporativista coma algúns din.

ACORDAR UN NOVO SISTEMA

T. *¿E qué solución daríades vós logo pró acceso ó ensino?*

PNN. Rexeitamos as actuáis oposicións deica un novo regulamento pró acceso ó ensino do novo profesorado. Un novo sistema. ¿Cómo será? Esa será unha cousa que teremos de negociar entre tódolos sectores afectados. A nosa proposta neste senso é principiar unhas negociacións co Ministerio pra acordarmos un sistema axeitado; e nestas negociacións deberán estar tamén, entre outros, os parados. As nosas reivindicacións non van contra eles. Loitan por un futuro digno pró traballador do ensino, loitan tamén polo seu futuro. O Ministerio utilízalos como argumento demagóxico, pro ¿preocúpase deles? ¿Cómo? Xa dixemos que as

oposicións non resolven o problema do paro.

T. *En algures tamén os pais protestaron pola folga. Non entenden cómo os mestres poden deixar sen clases ós nenos. Os nenos son os grandes perxudicados...*

PNN. Algúns pais móvense polo egoísmo persoal e pensan que nós somos almacéns pra gardar ós nenos (e non tan nenos), pra que non estean sempre na casa, etc. Póñense nerviosos porque teñen ós nenos na casa todo o día. Outros entenden o problema cando se pode falar a xeito con eles. O problema é a mesma calidade do ensino, o que dixemos denantes: é a calidade do ensino o que interesa, e eso pasa pola estabilidade do traballador, polo control democrático e periódico dos centros, cambeos de fondo, etc., etc., etc. Polo demais o responsábel de todo isto non é máis có Ministerio de Educación e Ciencia. Pola nosa banda hai un compromiso real de alonga-lo curso pra enche-los valeiros. Todo isto o Estado, claro, ó traveso dos medios de comunicación de masas, televisión, etc. ós que nós non temos posibilidade de acceso coma o señor ministro, emprégao demagóxicamente contra de nós.

Se nós fracasamos agora o problema vai seguir, pro cos ensinantes divididos polas políticas do Ministerio en loitas corporativistas, etc. Os remendos non van arranxar nada. Compre ir a solucións de fondo; e a cuestión dos PNN, anque grave e urxente, porque se ven arrastrando dende hai unha chea de tempo e cada día medra máis, é un aspecto máis do problema do Ensino e a súa planificación, dende a prescolar hastra as Universidades.

INSTITUTOS EN GALICIA

A distribución dos profesores non numerarios en Galicia ven dada asegún as comodidades e atractivos que ofrezcan. Principalmente nos institutos de zonas rurais son grande maioría, mentres que nas cidades medran os numerarios. Pasa o mesmo que coa distribución dos centros a nivel galego. Tamén na mesma Galicia hai grandes e graves diferencias.

En Ourense, por exemplo, non hai máis ca 6 institutos. Pro na provincia de Pontevedra hai xa 17. Na Coruña 16. En Lugo son 10. Son, coidamos nós, perspectivas importantes a termos en conta. Pódese decir que no medio rural o peso do ensino descansa nos PNN nun 80 por cento polo me-

nos. Nas poboacións de certa entidade a cousa baixa hastra ó 60 por cento nalgúns casos.

Algúns sectores da opinión pública protestaron durante a folga dos profesores. «Pensamos que as críticas que se nos están a facer pola nosa actitude de paro —decía un dos comunicados dos PNN— deberíanse producir por situacións moito máis inxustificables e das que é responsábel directo o MEC: vacacións demasiado longas, ademáis doutros días non lectivos (referéndum, festas oficiais e non oficiais, etc.), falla de condicións mínimas dos centros (non hai bibliotecas, laboratorios, número excesivo de alumnos por aula, etc.)». A reivindicación resúmese en dúas: o dereito ó traballo e unha millor calidade do ensino, que boa falla que fai.

A ninguén se lle escapa a significación e o peso de Euskadi e as accións que alí están a facerse. O que sigue é a primeira parte dun longo traballo pra abarca-lo panorama dos grupos e partidos políticos vascos, levado a cabo polo noso colaborador MANUEL GARAIZABAL FONTENLA. Haberá unha segunda parte no próximo número adicada espresamente ás forzas políticas. A deste, incide espresamente no problema do nacionalismo. Todo elo está feito a partires dunha conversa con xóvenes traballadores vitorianos.

Nacionalismo e loita de clases en Euskadi

A interrelación deses dous feitos coma obxectivo

Este esquema suporá a aplicación da teoría do partido revolucionario, e a grande masa de xente irá tras dunhas reivindicacións máis concretas. Coidamos que a forma máis válida e tamén a máis utópica, de conqueri-lo obxectivo común non é a traveso dun partido, senón creando unha forma de organización social na que a xente teña control directo.

NACIONALISMO BURGUES

P.— ¿De qué xeito se plantexa a apropiación do feito nacional polas forzas burguesas?

R.— O exemplo tivémolo durante moito tempo co P.N.V.— E un feito histórico que as forzas burguesas capitalizaron o feito nacional e hoxe córrese o mesmo risco. O problema da ikurriña, do euskera, das ikastolas (escolas vascas) e da amnistía, por exemplo, con problemas que xurden co impulso popular e que asumen toda clase de forzas. Deste xeito fan que moita xente deixe de lado os seus propios intereses de clase por reivindicacións formais (non é o caso da amnistía), como ocorre coas coores dunha bandeira ou coa «cooficialidade» do euskera en axuntamentos e demais institucións públicas, entidades que sirven pra despistar á clase asoballada no interés de que non exista ningún tipo de intermediario orgánico entre ela e mailo poder.

Agora mesmo, a alienación do feito nacional á política nacionalista das clases explotadoras locais estáse a converter nunha temíbel realidade. Diante da transformación do réxime español nun senso demócrata-burgués, os burgueses nacionalistas e os cadros da pequena burguesía tecnocrática atoparon un terreo abonado pra pactar co sistema controlado pola oligarquía. Os termos do pacto son claros: a concesión pola oligarquía dunha autonomía a Euskadi Sur controlada pola alianza da burguesía local social-demócrata e, a cambio, o freno e a contención do movemento revolucionario vasco. Esta é a esencia do reformismo nacionalista.

NACIONALISMO REVOLUCIONARIO

P.— E importante plantexar agora a cuestión de en qué senso vai responder ás coordenadas dun nacionalismo revolucionario o movemento obreiro do País Vasco.

R.— Sendo realistas hai que ter en conta que o obxectivo último dos traballadores é a súa emancipación en tanto clase. Se a forma principal de loita pasa pola expresión política dunha vontade

patriótica, os obreiros, en situación de dependencia nacional tenderán a ser patriotas e a crear organizacións nacionalmente diferenciadas. Pro se a nivel do Estado Español desenrólase un forte movemento obreiro que inclúa entre as súas posicións o dereito á autonomía ou á autodeterminación das nacionalidades oprímidas, os obreiros tenderán a toma-lo camiño máis corto cara á súa liberación. Agora ben, o perigo é que esa liberación non sexa real, senón simplemente formal. Se os partidos siguen sendo coma hastra agora, a vangarda da «liberación» da clase, esta liberación non chegará nunca porque eles tampouco asumen a identidade popular. Pro é posíbel que parte da clase sexa mantida nunha conciencia simplemente reivindicativa. Nós potenciámo-la revolución integral nacional e social. Agora no País Vasco dánse ámbalas dúas posibilidades, non dun xeito tan simple, porque a grande inmigración de man de obra crea interesantes alternativas que non imos abordar pra non facer escesivamente longa esta conversa.

O EXEMPLO DE VITORIA

P.— ¿E non é unha dificultade pra leva-lo plantexamento nacionalista revolucionario o alto nivel de ingresos de grande parte do proletariado vasco, que con certas esixencias nacionalistas podería claudicar e non levar adiante o proceso revolucionario?

R.— Este sí que é un perigo real. O que se intenta é que o proletariado pase dunha conciencia puramente anti-represiva a outra que descubra como único enemigo ó capitalismo, que é o enemigo real. Có tempo, esta conciencia implantarase no pobo. Polo de agora, non cabe dúbida de que os grupos obreiros manterán ó proletariado nun estado de adolescencia xeral a base de reivindicacións estritamente económicas. Pro sempre que as primeiras esixencias nacionalistas se cumplan, xa que é esta materia na que non se transixe. Non se ten claro cá debe se-lo comportamento da clase obreira dentro do movemento nacionalista. O sentimento nacional calóu e a capacidade revolucionaria manifestouse na loita diaria. No caso de Vitoria houbo un exemplo de organización do proletariado asoballado a partires de assembleas espontáneas, autónomas e libres. Despois da loita de Vitoria a xente queimouse e quedóu traumatizada, como se viu nos últimos conflitos do metal e da construción, nos que ningún grupo se sentiu con forza dabondo pra levála xente á loita, xa que o ano pasado a reivindicación levóuse dun xeito espontá-

pobos
ibéricos

neo e revolucionario polos líderes naturais da clase obreira. Por eso tivo tan pouca sonda no territorio español, bloqueada como estivo polos tradicionais partidos obreiros que non estaban nela. Foi con motivo da masacre e maila represión cando eses grupos obreiros trataron de apuntarse tantos. Cando a clase obreira tivo a oportunidade de organizarse por sí mesma, o seu potencial revolucionario foi inmenso. En fin, cando o proletariado sexa dono da súa propia loita será o dono tamén da súa propia revolución.

XEOGRAFIA POLITICA VASCA

P.— ¿Qué análise se podería facer dacordo coas diferentes zonas xeográficas do País Vasco?

R.— En Guipúzcoa a clase obreira é moi combativa e ten unha conciencia



O EUSKERA
Na rúa, no traballo, na escola

de loita moi forte. En Vizcaya hai zonas con forza nacional e potencial revolucionario, aínda que a ribeira esquerda do Nervión, por exemplo Baracaldo, é menos nacionalista. En Alava e Navarra o feito nacional está máis perdido. En Euskadi Norte, como é unha zona «á forza» turística de Francia, o plantexamento é distinto e o movemento nacionalista vai arrastrado polo de Euskadi Sur. Pro tamén hai loita nacionalista e E.T.A. tivo militantes franceses. Esto fai que sexa utópico pedi-la unión e independencia de Euskadi, pois unha barreira máis que física separa as dúas zonas. Pro hai que ir loitando pra conseguilo. E estáse a facer.

SIGLAS EMPREGADAS

PNV: Partido Nacionalista Vasco
EHAS: Euskal Herriko Alderdi Sozialista (partido socialista vasco).
ESB: Eusko Sozialista Biltzarrea (partido socialista vasco, pro dereitos).

P.— ¿En qué medida vai respostar Euskadi a un movemento nacionalista popular como reflexo da loita de clases? ¿Existe un nacionalismo revolucionario? ¿Qué vai primeiro o nacionalismo ou a loita de clases?

R.— O problema que se plantexa coa represión que houbo é que automáticamente convirte ó nacionalismo nun movemento ou reivindicación interclasista, éste perde o contido de clase que poidera ter. Claro que non é doado contestar a eso de qué vai primeiro. Se se dí que o nacionalismo, estáse a propiciar unha loita interclasista, ó invitar a unirse na loita a tódalas clases sociais cara ó enemigo común e se se pon primeiro a loita de clases, dalgún xeito vaise loitar perdendo identidade nacional. Entón, o ideal sería interrelacionar ámbolos dous conceptos, recuperando a identidade nacional perdida e propiciando o feito de que esa liberación se realice coma de clase. Problema este fundamental, xa que neste intre ningunha organización política ou popular logrou unha estratexia que vaia facendo dialéctico o nacionalismo coa loita de clases. As organizacións máis nacionalistas, como poidan ser P.N.V., E.S.B. ou E.H.A.S., pugnan o *bata-suna*, isto é, a unión de tódalas forzas pra conqueri-la independencia de Euskadi, pasando por riba da loita de clases, todas xuntas nun fronte nacional. Estratéxicamente, pois, están participando dunha ideoloxía burguesa. Polo que se refire ás organizacións con implantación en todo o territorio español, empezaron a toma-la reivindicación nacionalista dende non hai moito. Os seus plantexamentos centrábanse na loita de clases, considerando que o nacionalismo era unha resposta pequeno burguesa, hastra que hai pouco tempo empezaron a redescubri-la nación.

Por outra parte, nós coidamos que a desaparición por mor do capitalismo de tódalas identidades populares, dunha meirande internacionalización da produción e dos mercados, é un índice por onde se pode descubrir ben claramente a loita de clases. Levando esto á práctica, á loita cotiá, ás veces non se sabe ben se se está respondendo ós mesmos intereses da burguesía nacional. Ademais, dende unha perspectiva marxista-leninista non se pode ir clareando o problema e nesta liña atópase o novo grupo xurdido de E.T.A. que en seis meses vai aglutinar a moitísima xente e vai representar, é o máis seguro, a maior forza política de Euskadi.

¡Líbrenos Deus dos «anticuerpos»!

ARTURO RUIBAL

Marco Pozzan, Francesco Zafoni, Eliodoro Pomar e Elio Masagrande, súbditos italianos todos, foron expulsados de España como consecuencia da «operación limpeza» emprendida por orde do Goberno. A presenza destes catro homes e doutros moitos coma eles, foi denunciada en varias ocasións pola Prensa, pro hastra hoxe, as nosas autoridades ignoraran ou menospreciaran o perigo potencial de convecións cun pasado tan turbo. Situados na liña de «Ordine Nuovo» e solicitada a súa estradición polo goberno de Roma, a España que tanto clamou contra Francia por autoriza-la residencia no seu chan ós etarras, a España que camiñaba cara a unha democracia baseada no voto popular, permitía —e permite— a estancia no seu chan a algúns dos máis conocidos compoñentes do fascismo internacional. Porque o certo é que pode existir haber un xeito senti-

ós anteriores; supónse que tamén se lles terá considerado perigosos, pro o perigo vano correr eles, e moito, se a expulsión se convirte en entrega ás autoridades dos seus países respectivos. Non son cousas iguais deixar a un chileno en Lisboa, por exemplo, que conducilo hastra Santiago. E onde se di Chile, pode escribirse tamén Argentina.

Facería mal o Goberno en aproveitar contra a esquerda non violenta a baza que esta, polo lóxico medo ó fascismo, lle concedeu. Deter xentes pola súa ideoloxía pode romper, e rompería sen dúbida, o xogo político en marcha e devolveríanos a épocas que coidabamos superadas. Trátase seguramente de reflexos herdados, pro urxe rectificar liberando rápidamente a quen nada ten que ver co sangue de días pasados. Deste xeito, tranquilizaríanse ánimos que, con razón, víronse dorosamente irritados polos encerros.



ENTERRO DOS ABOGADOS ASESINADOS EN MADRID
Na rúa, a solidariedade de centos de miles de persoas

mental de ser fascista, pro existe tamén outro que pretende impoñer pola forza a súa doutrina. As bombas sobor dun tren de emigrantes ou nun supermercado milanés, son sóo exemplos dunha violencia que acadou na historia recente cotas nada despreciables.

O mesmo tempo foron expulsados do territorio español algúns sudamericanos de ideario oposto

Xa sabemos que o noso caso é ben diferente, pro sería ben recordalo que un día, despóis do ascenso do xeneral Videla á presidencia argentina, manifestou o seu canciller: «Sóo hai un terrorismo e este é o de esquerdas. O de dereitas é, na realidade, un «anticuerpo» que se enfrenta ós microbios esquerdistas. Non imos tratar da mesma maneira a un microbio ca un anticuerpo».

Os pescadores almerienses polo control da cofradía

Andalucía

ENFRENTAMENTOS E ASAMBLEA

«Queremos este control, —dixo a TEIMA, Jaiver Ayestarán, un dos homes que máis se destacou neste conflito— pra que cos nosos cartos, en lugar de reparar barcos, se construan vivendas, promóvanse becas de estudio e móntense economatos. Un pescador é quen debe presidi-la cofradía».

O mes de folga mostra agora un balance de 610 pescadores en paro, máis de trinta detidos —postos despóis en liberdade—, manifestacións, enfrontamentos coa forza pública e tensións continuas a coñto.

Segundo os pescadores, a folga non está controlada, nin siquiera a nivel sindical. As decisións tómanse na assemblea —coa participación dos pescadores e os seus familiares— encargada de nomear unha comisión de vinte membros que logo negocia cos armadores e as autoridades. O ministro de relacións sindicais, despóis de conocea-la dimisión do patrón maior, propuxo como solución nomear un patrón neutral, decisión que non aceptou a assemblea.

TAMEN, MALAGA

Por outra parte, grupos de pescadores recorren agora as principais cidades andaluzas recabando solidariedade e explicando o sentido da súa folga.

Mentres, en Málaga apareceu tamén hai varias semás o conflito da pesca. As reivindicacións dos malagueños van encamiñadas a provoca-la dimisión do patrón maior da cofradía e a acabar coa figura das «vendedurías» de peixe, cousa que xa se lograra en Almería.

Na protesta masiva non sóo participan os pescadores, senón tamén as súas mulleres, fillos e veciños do barrio da Pescadería. E, con moito, o sector máis oprimido da cidade, xa uue os pescadores aguantan uns niveis de inxusticia que hai anos xa foron superados noutros sectores. O baixísimo nivel cultural dos homes do mar, amoados en covas e chabolas dos barrios de Pescadería e A Chanca, favoreceu a situación de opresión que exerceron —exercen— os patróns sobor destes homes.

CONFLICTO DE CLASE

A folga de pescadores en Almería non pode ser considerada coma un conflito máis, senón coma un primeiro paso que a clase obreira almeriense deu pra exercer-lo que hastra agora estivera baixo o dominio dos empresarios: o control da pesca, o control da cofradía de pescadores hastra agora presidida por un patrón e controlada por e en beneficio dos armadores, a pesares de que os pescadores aportaban un dous por cento do importe total das capturas. Os pescadores almerienses queren agora que o patrón maior da cofradía sexa un pescador e están dispostos a continua-la loita hastra conseguilo. Xa o pasado mes de Santiago os pescadores almerienses plantexaron a súa primeira folga —foi o maior conflito rexistrado nesta provincia durante os últimos corenta anos— na que esgrimían reivindicacións económicas e sociáis que foron aceptadas na súa totalidade polos armadores. Nesta segunda fase trátase de toma-lo poder de algo que pertence ós pescadores e que sóo serviu pra un exercicio caciquil dos armadores: a cofradía de pescadores.

Castelao e Bóveda son, sen dúbida, os dous dirixentes do Partido Galeguista (PG), dos que a figura ten acadado unha maior proxección posterior. No caso de Castelao poderían atoparse razóns estrapóliticas pra se explicar a significación histórica por el acadada: a súa obra de artista plástico e de creador literario. Mesmo no eido político, o feito de ternos deixado esa especie de síntese do ideario galeguista que é o seu libro *Sempre en Galiza*. Ningunha circunstancia semellante concorre en Bóveda; a perduración da súa figura política débese exclusivamente á súa práctica de dirixente partidario.

¿Cáis son os riscos constitutivos daquela práctica, na medida en que o noso coñecemento da política do PG, permítenos determinalos? De primeiras, Bóveda destaca pola súa condición de esperto fiscal. O estudio técnico xustificativo das ventaxas fiscais que o réxime de autonomía supoñería pra Galicia, que Bóveda fixo como introducción ó proxecto de Estatuto do Seminario de Estudos Galegos, é un modelo de rigorosa minuciosidade. Lamentábelmente aquel estudio limitábase a precisa-lo importe do ingreso e do gasto público en Galicia no réxime centralista e a calcula-las respectivas cifras no réxime autonómico que se propoñía, polo que a súa utilidade era meramente conxuntural. Pro

Alexandre Bóveda

POR X. VILAS NOGUEIRA

era unha mostra da preocupación de Bóveda polos fundamentos económicos das pretensións políticas galeguistas, e do rigor con que as documentaba. Dende moi logo, pois, Bóveda, cobra no PG sonda de primeira autoridade nas cuestións económicas e fiscais. Castelao tenos referido as liñas mestras do sistema fiscal que Bóveda cobizaba pra Galicia, entre os caracteres máis interesantes, da cal que eu recorde neste intre, estaban o imposto único e progresivo e sobre todo, a inserción da recaudación fiscal nas funcións dun Banco nacional galego, que pretendían integrar, a fiscalidade no proceso de capitalización, dirixido e xestionado públicamente.

En segundo lugar, Bóveda destacou polas súas condicións de organizador da práctica do partido. O alto nivel relativo adquirido neste aspecto polo PG é, en medida principal, debido ó traballo de Bóveda. Traballo, por outra banda, infadigábel e constante. Así cando, sobre todo nas relacións interpartidarias, a sólida consistencia da organización do PG resultaba insuficiente, Bóveda enchía o valeiro pola súa xenerosa entrega ó traballo. O

exemplo máis característico deste aspecto da súa organización, é o da súa intervención na redacción do proxecto definitivo de Estatuto. No seo dunha comisión, na que a maioría dos seus integrantes mantiñan os vezos da actitude política pequenoburguesa de frivolidade no traballo e de espírito personalista e sectario, Bóveda aportou o labor responsábel e o respecto ós acordos políticos que estaban na base da Comisión. En consecuencia, no aspecto técnico, o Estatuto é en medida principal obra de Bóveda.

En terceiro lugar, Bóveda ten sonda de ter conquistado unha certa audiencia pró PG entre a burguesía galega. Tra-las primeiras reaccións enteiramente negativas ós proxectos de autonomía da parte dalgúns dos órganos económico-corporativos burgueses, a partir do 1932 Bóveda acomete a tarefa de demostrar ós burgueses galegos as ventaxas fiscais, e económicas en xeral, do réxime autonómico sobre o centralista, desenvolvendo a liña de argumentacións presente no seu estudio do ano anterior, xa citado. Deste feito, illado, poderíase pensar que asumía unha posición de clase

burguesa. Pro cando, dende comenzo do 1935, o PG inicia un proceso de clarificación da súa posición de clase, que abocará na escisión da dereita galeguista, Bóveda asume claramente unha postura nacional-popular.

A liña política que se impón neste momento no PG ten a súa principal personificación no tandem Castelao-Bóveda, e supón a demarcación, por un lado da dereita pequeno burguesa tradicionalista, os escisionistas da Dereita Galeguista, e polo outro lado, do nacionalismo radical, que empeza a ter presenza organizativa na Terra, na infusión da liña das Mocidades Galeguistas, que rematan, asimesmo, autonomizándose do partido.

Esta liña política do PG nos derradeiros tempos da República española supoñía un nacionalismo popular e democrático, belixerante na proxección política da loita de clases a nivel español do lado das forzas progresistas, e centrado na consecución do Estatuto de Autonomía pra Galicia, como un primeiro paso pra unha solución máis satisfactoria do problema nacional galego. *Calquera que sexa o xuicio que hoxe mereza aquela posición*, Bóveda, coma a inmensa maioría dos membros do PG, foi leal a ela deica ás derradeiras consecuencias: Bóveda foi fusilado pola súa lealtade galeguista e republicana.

Galicia is different é un triste slogan que a calquera lle pode vir ás mentes en tristoña tarde de inverno, gris coma tantísimas outras, a choiva teimuda a bater nos vidros da fiestra...

A Galicia é diferente e na súa diferenza hai unha enerxía potencial que dá medo a quen fai os mapas dos que a Historia demostrou que as liñas eran falsas.

O marqués de Santillana clariño deixara que os seus maiores pra lle cantaren ó amor tiñan que facelo na lingua dos galegos, nunha terra onde se fixo tradición chamarlle «barro gallego» á merda. Os galegos deberon se-los civilizados e eles os bárbaros que samente sabían falar da guerra; e, quizáis por eso, pode haber coma un intento de histórica vinganza, de pobo contra pobo, desde o intre en que víron como callaba a política tortilla imaxinada polos condes ambiciosos da terra erma.

O caso foi que eles fixeron ensambla-los engranaxes dun estado moderno en embrión, e mandaron nel, tan seguros de si propios que chegaron a confundir mandaren con asoballaren, por orde dunha raíña que non mudou de camisa hastra ver ó

Galicia is different

XAVIER ALCALA

mouro afuxentado ante o signo da cruz.

E asoballaron, mais á hora de desasoballaren, andada a historia común —e uniforme á forza—, fixeron concesións e voltan a facérllelas ós que nunca lles emprestaron algo de tanto precio como é a lingua pra facer versos: concedéronlles ós que falan lingua imposíbel, samente entendida no seu reducto cantábrico —e que nunca importaron hastra deprenderen a facer ferros e cuspetas; concedéronlles ós outros, que inda falando lingua latina samente ollaban pró Mediterráneo azul «de Alxeciras a Estambul» — e de cando en vez lles mandaban viaxantes de tecidos. Concederon e concédennles porque os úns teñen coraxe e cartos e porque os outros teñen cartos e *seny* — e porque úns e outros caben no mapa.

Pro Galicia is different. Na Galicia

hai caixas de aforros sambesugadas por eles e polos úns e polos outros, e ventres sempre preñados e mans sempre valdeiras —e unha dignidade tola que fai á xente preferir escravizarse lonxe antes de pasar miserías entre os veciños. Delo todos tiran proveito, os que conceden e os que reciben as concesións...

Diferente é a Galicia porque metido na Historia deles está Alfonso X o Sabio cantando en galego, e cáseque estivo o marqués de Santillana. Porque «pobo» e «povo» son a mesma cousa e «irmandade» a mesmísima aquí e alén do río que separa ós galegos dos únicos que escaparon da uniforme tortilla imperial; e porque os que dela escaparon, fixéronse mariñeiros e levaron sentimentos e fala do país galego ós catro puntos cardinais.

A Galicia é cousa estraña, visgosa, difícil de controlar porque non ten ba-

rreras no tempo nin no espacio: foi —hastra pra eles— e deixou de ser pro segue sendo: de Burela a Luanda, de Macau á Bahía de Todos os Santos. Deica este Finis Terrae chegaron os celtas que poboan as avanzadas da Europa cara ó Océano sen fin; aquí romanizáronse, ou celtificaron a herdanza romana virándolle o trato ó imperio dos césares, pra levaren saudade con verba latina ás selvas da África Austral e a Amazonía que en Roma non se podían soñar...

Galicia is different: hai que roelo, e debe costar ben traballo roelo dende unha uterina (polo protectivo e nutricional) poltrona ministerial. Aquí hai unha enerxía potencial —humana, mineral, fluvial, oceánica, eólica, solar...— que asusta, e por eso hai que coidarse de que as «almas rendidas» vaian «despertar do seu sono» e dean en decir que o seu é seu e en matinar que o que xa foran —señores do espírito— poden voltar a selo pro inmensamente máis espallado que cando nacéu: sen fronteiras, universal, saudoso, fermoso, transcendente...

Galicia, a Galicia das prohibicións e os silencios, é diferente, meus señores, tristemente.

A chegada dos demócratas e de Carter ó poder nos Estados Unidos pon de actualidade dous países latinoamericanos, Panamá e Puerto Rico que ademais de sufrí-los xeitos de asoballamento típicos do imperialismo norteamericano, soportan a aldraxe da perda da súa soberanía coma nos tempos do máis trágico colonialismo decimonónico. O noso colaborador, ANXO TEIXEIRO, refírese neste artigo ó caso panameño.

Panamá

Todo o país é un canal-U.S.A.

Falar de Panamá hoxe é falar non só do único país do mundo que ademais de limitar cos catro puntos cardinais, limita ó centro cos Estados Unidos, senón dun país da América Latina onde o imperialismo norteamericano presenta dúas facianas no seu xeito de asoballar: a que é moeda corrente de esbullo económico, intromisión política, dualismo social, e outra, aldraxante, ó tempo que reflexo do colonialismo do século pasado, que consiste en rouba-la súa soberanía —bandeira incluída— a un pequeno país de 77.000 kilómetros cadrados e 1.600.000 habitantes.

Nefeuto, dende 1903 os Estados Unidos reservan pra sí o dereito de perxada dun canal transoceánico e unha zona de 1.500 kilómetros cadrados adxunta, onde baixo a súa exclusiva xurisdicción viven 45.000 cidadáns yanquis —9.000 son soldados— e 20.000 panameños que curiosamente teñen o «monopolio» do noventa por cento dos traballos manuais da zona.

BENEFICIOS CLAROS

As funcións da colonia U.S.A., aparentemente comerciais e técnicas —suposta, claro, a incapacidade panameña— son dende logo moito máis amplas e beneficiosas prós Estados Unidos, por varias razóns.

Polo canal camiña o dazasete por cento do comercio marítimo U.S.A. que aínda hoxe paga a tarifa de peaxe de 1914.

Na zona fica a sucursal do Pentágono pra América Latina co «Comando Sur» que conta con 14 bases militares, entre elas a de tristeira sora «Escola das Américas», pola que xa pasaron arredor dos trinta mil militares latinoamericanos pra especializarse nas técnicas da contrainxurdenza.

A zona do canal é, pra rematar, sede do conglomerado transnacional e de empresas —polbo, tipo

I.T.T., sonada tamén polas súas xenerosas aportacións ó derrocamento de gobernos progresistas.

Frente a esto as supostas milloiras pra Panamá son a permanencia no subdesenvolvemento a discriminación no ensino, no traballo e no social, e uns ingresos develados do canal, dende 1904 a 1970, de 55 millóns de dólares, ós 1.221 millóns apañados polos Estados Unidos.

DE AMAÑO EN AMAÑO PROS DE FORA

A vida, hastra hoxe en Panamá, e tamén unha longa historia de perda, que empeza no ano 1903, cando razóns xeográficas, políticas —a rexeneración do Núñez en Colombia— e conveniencias estratéxicas— a revalorización da comunicación transoceánica tras atopalo ouro na California e a posesión di-reita de Puerto Rico e indireita de Cuba —fixeron que este derradeiro país amañara as cousas pra facerse coa concesión do futuro canal.

Amaños en forma de acordos sucesivos coa Compañía Francesa do Canal Transoceánico pra que deixara os seus dereitos en favor dos yanquis, con Inglaterra pra que esta permitira construí-lo canal (Tratado Hay-Pancefote, de 1901) e con Colombia (Tratado Herrán-Hay).

A punto xa de remata-lo negocio, o Congreso colombiano, país do que, non nato, Panamá formaba parte, negóuse a ratifica-lo acordo e os Estados Unidos emprestaron todo o seu apoio moral e máis físico á proclamación da República Independente de Panamá (3 de novembro de 1903) pra firmar tres días despois o acordo Hay-Bunau Varilla, polo cal Panamá facía a concesión da zona ós Estados Unidos (artigo 2), a cambio da garantía da súa independencia.

Dende entón hastra hoxe, os norteamericanos tiveron a delica-

deza de facer concesións verbais a Panamá e permitir que lles subiran o alquiler, dun xeito moderado, polos acordos de 1936 e 1955.

As reivindicacións panameñas caíron no esquecemento e sóo rexurdiron con forza no ano 1964, nos incidentes derivados do intento de facer realidade o bo desexo de J.F. Kennedy, cando estudantes panameños tentaron de poñer xunto da bandeira U.S.A. a do seu país. O balance, vinte mortos e trescentos feridos —panameños como é lóxico— provocou a creba das relacións diplomáticas, reabertas no mesmo ano coa mediación da Organización de Estados Americanos (OEA).

A SITUACION, HOXE

Dende o ano 1968, tra-lo golpe de Omar Torrijos, calificábel de «cesaro-populista», o problema panameño entrou nunha nova diná-



RESTO DO MUNDO

mica definida, dunha banda polos intentos de levar adiante unha revolución «á panameña» —definida no económico polo respecto ós intereses privados e á creación ó tempo dun sector productivo estatal e no político, pola potenciación do chamado «poder popular» coma contrapartido ó partidismo político— e doutra, polo que semella ser unha vontade norteamericana de negociación. Acordo que semellaba entrar en vieiros válidos prás dúas partes despois da xuntanza do Consello de Seguridade das Nacións Unidas en Panamá, no mes de marzo de 1973 e o acordo sobor dun borrador de tratado feito no mes de abril do mesmo ano. Negociación resucitada no ano 1976 arredor dun proxecto de Kissinger que semellaba facer concesións —desaparición das institucións norteamericanas, renuncia ó cincuenta por cento do chan, subida dos peaxes, etc— e como contrapartida imponía que as bases ficaran onde estaban. Esgrimindo ademais, a ameaza permanente, xa dende a administración Jhonson, de poñer en marcha o proxecto de construción dun novo canal, ó nivel do mar, ben no mesmo Panamá ou no seu caso, en Nicaragua. As intencións U.S.A. de empregar enerxía atómica e máis un desacordo fundamental arredor da duración no novo acordo fixeron pospoñe-la negociación.

U.S.A. MANTENSE

E así hastra hoxe, cando os demócratas que chegan ó poder afirman o seu compromiso de «apoiar un acordo sobor do canal de Panamá que asegure os intereses dos Estados Unidos nesa vía de auga, reconozca os principios xa convenidos e teña en conta os intereses da man de obra do canal e obteña un amplo apoio hemisférico. Así hastra hoxe, cando o presidente Jimmy Carter pra «moralizar millor» a política estranxeira do seu país di que «endexamáis renunciará ó control completo e máis práctico do canal de Panamá».

Entre esto e a consideración de Pablo Neruda, chamándolle ó canal «a espada que separa ós infelices dos miserentos», as diferencias son mínimas».

O espírito antigo da sociedade galega non ve a morte coma cousa boa, pro tampouco coma cousa ruin. O labrego, xa que morrer hai que morrer, o que non quere é morrer coma un can e por eso reza moito pedindo a Deus unha boa morte. Nas sociedades agrarias, a concepción do mundo é máis ben pesimista, xa que todo se volve traballo e miserias, disgustos non fallan pra ninguén; e o mundo da tantas voltas, que non hai maneira de se fiar del. Ténselle medo á morte pro non tanto: sábese que o espírito do morto seguirá na casa dos seus e aínda pode ser que o morto pase a unha superior categoría de vida, recibindo un culto e un respecto que, se cadra, de vivo nunca tivo.

Na sociedade galega, que acepta calar diante dunha vida chea de penas, a cultura popular está chea de símbolos que avisan ó labrego da proximidade da morte, pra que poida recibila ben preparadiño: non quere quedar fóra dese mundo de felicidade, que a súa imaxinación crea pra fuxir de tanta desgracia coma nesta vida hai. O máis significativo desto é que a intuición milenaria galega non cre no ceo nin no inferno, mundos, pola relixión sábeo, ós que se vai de cabeza despois da morte. Pró galego, a millor vida futura é a que levan as ánimas do purgatorio, que sempre andan polas lareiras a darlle recados ós seus familiares.

AVISOS DA MORTE

Hai *vedeiros*, os videntes, que aseguran por adiantado a morte ós veciños, facultade que lles ven de ter recibído, por erro, no día do bautizo, ós oleos dos mortos en troques dos oleos dos vivos: pola estremaución, os mortos reciben o poder de entender das cousas do outro mundo, poder que os *vedeiros*, teñen desde o seu bautizo.

Outras sináis polas que o labrego sabe da proximidade da morte, é o cheiro a cera sen haber vela prendida, ou a aceite, sen que ningunha lampariña alumee; escoitar prantos sen que ninguén chore ou asubíos sen ver quen asubía. Tamén é sinal da morte ouvir petar na porta da casa tres veces sen que ninguén apareza, que dous coitelos estean cruzados enriba da mesa e que as pedras do camiño laien cando se as pisa.

Os animáís tamén axudan ó labrego a prepararse pra morte: cando as curuxas berran perto da casa, cando os corvos voan por enriba dos tellados ou cando unha galiña canta coma un galo. Neste caso, matando axiña a pita, a desgracia vai parar á pita ou a quen fixera maleficio.

A Santa Campaña — dúas ringleiras de cadabres vestidos de branco e con velas na man, encabezadas por un ser vivo é o símbolo

da morte que máis arrepio dá. Unhas veces, a persoa que vai diante da procesión ten a cara da que vai morrer e outras a compañía fai unha cruz na casa onde vai haber unha morte.

O RITO DA MORTE

O pobo galego é moi amiguiño das pompas fúnebres, e dálle bo gusto facer estas cousas todas cheas de fantasías.

Cando unha persoa está pra partir, familiares e veciños aproveitan estes seus derradeiros intres pra darlle encargos prás ánimas queridas. O cuarto do que está a morrer énchese de velas do Santísimo, as millores pra estas ocasións, e de xente que reza moito. As badaladas da campá da igrexa anuncian se é home ou muller quen está a partir, que no caso dos nenos só se toca a gloria e non a morto.

Teima de tódalas familias é que o que está a morrer vaia «despachadiño de todo», recibindo canto sacramento hai, cerimonia que remata poñéndolle a espuela coa estremaución. Cando a agonía é moi traballosa dásele unha man no seu paso botándolle enriba un manto da virxe ou dalgún santo.

Dadas as derradeiras boqueadas, os familiares lavan o difunto, tápanlle a cara cun pano que atan pola caluga e por enriba da testa e empánano: en algures, vísteno coa súa millor roupa; noutros sitios, pónenlle hábitos relixiosos —o de San Francisco se é home, e o das Dolores, prás mulleres—. As veces, tápanlle o nariz e máilas orelas con algodóns, pra que a alma non poida volver a aquel corpo.

Tamén se dá o costume de amortalla-lo difunto: vestido sóo cunha chambrá os homes e as mulleres cunha saia, son envoltos nunha saba e deixados na caixa.

O pé da caixa, ponse un balde con auga bendita e un ramo de loureiro: a auga e pra que non teñan sede no seu viaxe e o ramo, por ser de folla perenne, é símbolo de in-

Costumes funerarias

Morrer pra ser ceibe

A.L. MARIÑO

mortalidade. Dentro da caixa, déixanselle unhas tixeiras (contra da gangrena), aceiro (pra que non inche), sal (contra do demo) e un peite (lembranza do rito de deixa-lo pelo pola casa, despois de peitearse, pra que poidan levalo as ánimas). Na igrexa, ó pé da caixa hai sitios onde deixan dúas botellas de viño e un anaco de biscoito, que serán recolleitos polos cregos que dan o funeral.

VELORIO

A habitación do velorio cúbrense con panos mouros de merino, se o morto é persoa de idade. Se é xente moza deixana moi ornadiña: fan enriba da caixa un dosel con sedas de cores, cheas de cintas douradas, poñen estampas relixiosas, bonecas e os xoguetes máis queridos.

Todo o pobo pasa pola habitación do velorio: as mulleres rezan e non cansan. Os homes van comendo pan e carne, bebendo viño e caña. As máis das veces, cando queren ir ve-lo morto xa non terman de sí.

Pola parte de Pontevedra, non había bo velorio que non tivera «abellón», xogo surrealista do paisano galego. Este xogo era privilexio dos mozos e mozas, e de quen tivera gañas de troula e pouco medo das cousas da morte. Era una especie de xogos de prendas no que quen perdía ía castigado ó cuarto do morto e tiña de facer con il o que lle mandaran. Este xogo remataba nun rito ancestral: todos colleitos da man danzaban e daban tres voltas arredor do morto, sen dicir palabra e fungando como se foran abellóns.

O ENTERRO

O enterro ten lugar ás vintecatro horas da morte. Mentres tanto, úns avisan a canto familiar haxa e canto crego poidan os cartos da familia: o que ten propio manda recados polos correos ou pon telegramas, e outros van buscar cousas de xantar, e beber, pratos e vasos pro banquete do difunto.

Cando a campá dá as badaladas

de morte, péchase a caixa con grande choro das mulleres. Fórmase a comitiva con cregos ó frente botando responsos. Logo vai a caixa que poden leva-la familiares do morto ou criados e caseiros, se tiver. Costume é darlle os mozos (xeralmente oito, pra podérense remudar polo camiño) un anaco de pano, dabondo pra faceren un traxe ou, polo pouco, que chegue pra un pantalón. Detrás da caixa van familiares e amigos. De moito agradecer é que os veciños choren e laien forte, chegando a recibir os máis traballadores esmolos e regalos. Tempos houbo nos que profesión tan decente coma outra era a de chorona ou praxideira. Se polo camiño da casa á igrexa houber algún cruceiro, é de obriga pararse a botar un responso.

Pola parte de Ourense, defendían con moita forza a retención do morto entre os vivos, facendo, na entrada do camposanto, os mozos que levaban a caixa, unha estraña danza, consistente en daren tres pasos adiante e un atrás.

Xa no templo, rodeada a caixa de fachóns, tiña lugar a misa de requiem, na que os cregos xogábanse moito segundo cantaran, que era esto o que decía se o funeral era bo ou malo. O cadavre sepúltase logo de que os familiares, bicando presas de terra, botáranas enriba da caixa. De tódolos xeitos, este costume da caixa é nova: antes, os ataúdes eran colectivos e sóo servían pra levalo morto dende a casa á sepultura.

Rematada a cerimonia relixiosa, os familiares ían xunto os cregos levarlles unha bandexa cos cartos pra que cada ún deles collera o que lle parecera pra misas, mentres os forasteiros ían prá casa dar boa conta do banquete do difunto. Esta festa, que era, de moita troula e daba moito quebranto nas casas, foi sendo prohibido por tódolos arcebispos —empezou primeiro o de Mondoñedo, no 1591— que sóo a permitían no caso de que non asistiran máis de doce familiares, pro sempre e cando poideran asistilos cregos que misaran no enterro.

O viaxeiro que fai en tren ou automóvil o recorrido Pontevedra-Vigo, ó chegar, máis ou menos, á metade do viaxe, ten á dereita a illa de San Simón, como unha gran barca antiga no medio da ría, sempre mansa por esta parte. E un dos recunchos máis fermosos da historia deste vello país. E ó fondo, os poderosos pilares da Ponte de Rande. Dende hai certo tempo, os Axuntamentos de Vigo e Redondela andan en pleito pola súa xurisdicción.



Antre Redondela e Vigo

O «Mar Maior» de San Simón

Estes mares foron cantados polos poetas galego-portugueses dun xeito especial. O mar de Vigo de Martín Codax. A ermida de San Simón, que canta Meendiño, aló polos anos do século XIII. Arredor de 1914, o libreiro madrileño Pedro Vindel descubriu na capa interior dunha encuadernación do século XVIII dun «Cícero, De Officiis», do XIV, unha folla de pergameo con música e letra «vulgar» que resultou ser do xograr Martín Codax. Os poemas falaban, dende a distancia dos séculos, das ondas do mar de Vigo.

San Simón, unida por unha pequena ponte (cáseque a ponte dun barco estraño) á illa de San Antón, está coma durmida no tempo, como ancorada definitivamente no meio da ría coma un espello. A ermida da que fala a cántiga de Meendiño xa non existe. Fora construída no XII polos cabaleiros do Temple, que chegaron á illa logo das racias de Almanzor do 997. A

Sedíame eu na ermida de San Simón
e cercáronme as ondas que grandes son:
jeu atendendo meu amigo!
Meendiño

X. M.

mediados do século XIV pasou ós Cabaleiros Hospitalarios de San Xoán. As xentes de Redondela loitaron pola illa coas forzas de Soutomaior. Frai Pascual, anos despois, funda en San Simón a chamada «Custodia Pascualina» que durou deica o 1583. E en 1585 e 1589 o pirata Drake desembarca, achanda con todo e fai fuxir ós franciscanos que alí vivían.

UNHA LONGA HISTORIA

Pola súa situación e as dúas características, a illa de San Simón

recibiu sempre atencións especiais. Pra ben e pra mal, naturalmente, asegúñ viñeran os ventos e máilos intereses.

A San Simón chegaron xa os fenicios, gregos e cartaxineses. No ano 590 foi ocupada polos celtas. E o mesmo Xulio César, cando a súa campaña galega, ancla os seus barcos a carón da illa. Do século VI é o primeiro convento, fundado disque por San Martín Dumicense, e logo desfeito polas incursións dos piratas normandos e máilas campañas árabes.

Logo da visita de Drake, a fins do século XVI, ocupan a illa os frades de Poio, que foxen da peste, e antre os beneditinos e os franciscanos comenza un longo pleito pola súa propiedade, que remata coa volta dos segundos, vellos habitantes do lugar. En 1746 volven a deixar estes a illa pra pasaren a vivir a Redondela. San Simón queda deserta deica os anos do XIX, que

se comenza a construír nela un lazareto.

PRISION CANDO A GUERRA

Cando o 36 e anos posteriores, moitos estiveron en San Simón, que foi prisión de políticos. Nela estivo, por exemplo, logo de ser colleito en terras portuguesas e acusado de espía, o filólogo galego Aníbal Otero, antre outros. De prisión pasou a ser fogar da Falanxe e residencia de nenos orfos do mar. Aínda se recorda ben, en Redondela, nos anos 50, cando a illa aínda era utilizada, a morte de 47 falanxistas ó naufraga-la embarcación que os levaba.

Hoxe a illa está abandonada. Máis de ún ten feito proxectos arredor dela (unha residencia pra nenos subnormais, centro sanitario ou de reposo, complexo hosteleiro, club de recreo pra ricos...). Cando en 1975 se inclúe a illa no Plan de Ordenación de Redondela, o Axuntamento de Vigo impugnou dito plan argumentando (non con moitas razóns) que a illa estaba baixo da xurisdicción municipal viguesa, cousa que os de Redondela non admiten de ningún xeito, tanto por razóns históricas (sempre estivo vencellada a Redondela ó longo de toda a súa inqueda existencia) coma por razóns xeográficas (a cen metros da praia de Cesantes e a tres kilómetros de Redondela. A uns 15 kilómetros de Vigo). Hai pouco, precisamente, que o Centro de Estudos Redondeláns fixo un completo informe encol do tema argumentando as razóns de Redondela.

Hoxe a illa é propiedade do Estado, dependente do Ministerio da Facenda. Non se pode ir a ela. E velahí. Illa pequena e doce. Illa antre tódalas illas dos mares mansos, mainos, arrecendentes. Illa interior, como ancorada na historia á beira do viaxeiro.



LLANOS

SAN SIMON, ILLA DO MAR INTERIOR
Vigo e Redondela andan en pleito pra ver de quen é



Diante das próximas eleccións, e porque xa hai tanto tempo que non votamos, e conveniente irse poñendo ó tanto do asunto. O noso, colaborador Basilio García Pérez, autor dos estudos técnicos publicados sobor da posíbel repercusión dunha Lei electoral en Galicia, describe, paseniño-paseniño, as variantes que pode presenta-lo sistema de votación proporcional

Diante das eleccións

Sistema p Escaños

LISTAS PECHADAS

O sistema proporcional caracterízase polo feito de que cada partido presenta unha *lista de candidatos* de número igual —normalmente— ó de deputados a eleixir polo distrito. Deses candidatos da lista saen deputados en número proporcional ós votos que recibe o partido.

Un exemplo: nunha provincia hai que eleixir vinte deputados. Entón, a porcentaxe necesaria pra sacar un deputado é $100/20 = 5$ por cento. O partido que teña do 5 ó 10 por cento ten un deputado; do 10 por cento deica o 15, dous, etcétera. Pra completa-lo sistema é preciso determinar: a) qué candidatos dentro da lista son os designados; b) a distribución dos escaños que quedan, a causa dos «restos» (porcentaxes que esceden do necesario pra sacar un número de deputados, sen chegar pró número seguinte. Por exemplo, na hipótese anterior, se un partido saca o 23 por cento correspóndenlle catro deputados seguros, e hai que ver se o seu *resto* do tres por cento dá pra un deputado máis ou non.

OS DOUS SISTEMAS

Pra escolle-los deputados dentro de cada lista hai dous sistemas fundamentais: voto preferente ou orde preferente. O voto preferente significa que o elector, ademáis de votar por unha lista determinada, dá o seu voto preferente a ún deles, ou ben os numera el mesmo. Asegun os votos preferentes obtidos, os candidatos que integran unha lista quedan *ordenados*. Os escaños son ocupados por ese orde: no exemplo anterior, serían deputados seguros os que por voto preferente quedarán nos *catro* primeiros postos.

No orde preestablecido, os candidatos xa están ordenados dentro da lista, por decisión do partido ou coalición que a presenta. O elector ten *un voto* que dá a unha lista, e con frecuencia na

papeleta nin sequera figuran os nomes dos candidatos senon o nome e insignia (en Venezuela, a «*color*»: sistema especial prós *analfabetos*) dos partidos a escoller.

Vese claro que o voto preferente significa unha máis grande incidencia do elector no resultado e fai entrar en xogo a «*simpatía*» persoal por un determinado candidato. O sistema de listas pechadas sen voto preferente non dá o elector outra incidencia cá posibilidade de escoller *un partido*.

ASIGNACION A VOTOS

Supoñamos que hai que eleixir 20 deputados (5% por deputado) e temos os seguintes resultados:

Partido A	33%
» B	27%
» C	23%
» D	12%
» E	4%
» F	1%

Polo reparto *enteiro* correspondíanlle:

partido A	6 deputados
» B	5 »
» C	4 »
» D	2 »
» E e F	ningún deputado

17 deputados (total)

Fallan por asignar 3 escaños e os *restos* son:

A	3%
B	2%
C	3%
D	2%
E	4%
F	1%

Agora pódese utiliza-lo sistema de *máis grande resto*. Corresponde un deputado o E (4%) e logo o A e C (3% pra cada un).

Caso de empate —por exemplo se sóo quedara un escaño sen cubrir— (e



dous restos iguais) asignaríase á lista con menor total.

Polo sistema de *máis grande media aritmética* é necesario compara-la porcentaxe media de votor por escano que correspondería a cada lista asegún que

escano a asignar se lle dea a ún ou a outro partido. Correspóndelle ó de maior medio. Así, no caso que estamos a ver, se depois de asigna-los 17 «Enteiros» lles damos un ós seis grupos, as medias respectivas serían:

Proporcional: segundo votos

partido	A	7 deputados	33% / 7 = 4,51%
»	B	6 »	27% / 6 = 4,50%
»	C	5 »	23% / 5 = 4,60%
»	D	3 »	12% / 3 = 4,00%
»	E	1 »	4% / 1 = 4,00%

O primeiro dos tres escanos a atribuír corresponde por este sistema a C e non a E, como no anterior.

O final a distribución é:

A	7 deputados	= media	4,51%
B	6 »	= »	4,50%
C	5 »	= »	4,60%
D	2 »	= »	6,00%
E	0 »	= »	—
F	1 »	= »	—

dado que se D tivera tres deputados a súa media pasaría a 4%, inferior as de A, B e C.

Vese, polo tanto, que o sistema de *máis grande media aritmética* favorece as listas maioritarias relativas, mentres que o de *máis grande resto* favorece ás minoritarias que rondan os límites inferiores.

No sistema de «parentamento de listas» estableceríase *coalicións* entre listas diferentes somentes pra distribución dos restos. No exemplo que estamos a ver, supoñamos que estiveran emparentados as listas E e F. Entón, os seus restos sumarían 5%, co cal lle correspondería un deputado a lista conxunta, e, polo tanto os escanos restantes serían somentes dous. Prá atribuí-

ción destas listas será novamente necesario utiliza-lo sistema de *máis grande resto*, ou de *máis grande media aritmética*.

O «parentamento de listas» permite facer *coalicións* e simultaneamente medi-la forza individual de cada partido. Ademais, a *coalición* apenas ten *costo marxinal*: votos perdidos a cousa de simpatizantes de cada partido que rexeitan a colación e que se calculan sumando os votos potenciais de cada partido, e achando a diferenza cos votos da *coalición* (normalmente, menos cá devandita suma).

O sistema de «listas rexionais» (e decir: de *máis grande amplitude* co distrito básico, que será a provincia) significaría suma-los restos de dos distintas provincias de cada lista e reparti-los escanos restantes (non atribuídos polo «reparto exterior») da «rexión» en proporción ós ditos restos. De novo, aparecería un «reparto enteiro rexional» e residuos; cumpríra, pra atribuír escanos sobranceiros, o sistema de *máis grande resto* ou de *máis grande media aritmética*.

Este sistema incrementa as posibilidades de representación parlamentaria dos partidos *máis minoritarios*. Na práctica, equivale a formación de distritos *máis amplos*. Dado que o sistema proporcional é tanto *máis auténtico* canto *máis grande* é o número de escanos por distrito (polo tanto: canto menor, a porcentaxe por deputado), vese claramente que a *amplitude* dos distritos fai *máis proporcional* o sistema proporcional.

LISTAS ABERTAS

No sistema de listas abertas incrementase a capacidade de incidencia do elector: pode introducir dentro dunha lista candidatos (en número limitado, normalmente) doutras listas. A súa aplicación é *máis complexa* ca tódolos casos devanditos. Non entramos na consideración das subdivisións deste sistema, por considerar moi improbable que sexa contemplado pola pendente Lei Electoral.

SISTEMA MAIORITARIO

Previsto pró Senado na Lei de Reforma Política os sistema maioritario admite variantes moi diferenciadas.

Distritos unipersonais. — E o caso *máis frecuente*: a unha volta en Inglaterra, a dúas voltas en Francia, a unha volta, con sistema proporcional pro restos (listas dos «Länder») en Alema-
nia.

No sistema maioritario a unha volta (distrito unipersonal) obtén o escano a partido que *máis votos saque*, aínda que sexan moi poucos. Se é a dúas voltas (o «*bolotage*» francés) sería necesaria a metade *máis un dos votos* pra saír na primeira volta. Caso de ninguén chegar, na segunda volta, somentes participarían os dous millores situados na primeira: un deles ten que sobrepasar

necesariamente a metade, aga empate absoluto.

O sistema maioritario a unha volta favorece o «*bipartidismo*»: caso inglés, co partido laborista e máilo conservador. Na monarquía española, o sistema maioritario non conduciría o bipartidismo: o motivo é a heteroxeneidade («*rexional*») que permite unha constelación de binomios, sumada o caciquismo que fai o sistema *máis versátil*.

O sistema maioritario a dúas voltas favorece a formación de *coalicións* sen fusión de partidos: estes definen o seu «*perfil*» e miden a forza relativa individual na primeira volta. Na segunda, presentáñse divididos en dous bloques antagónicos. E o caso francés, coa Unión da Esquerda por unha banda e a «*maioría presidencial*» pola outra.

Distritos pluripersonais. — Eiquí caben dúas posibilidades claramente antagónicas:

- Se cada elector ten tantos votos como senadores a eleixir e non llos pode dar a un mesmo candidato o sistema e propiamente maioritario.


Subdivídese, como no caso unipersonal, en a unha volta e a dúas. No primeiro (supoñendo catro senadores a eleixir por distrito), sacan a súa acta os catro candidatos de *máis votos*, por poucos que sexan. No segundo, hai distintas formas de limitala participación na segunda volta, pro as consecuencias políticas son as mesmas ca no caso unipersonal: bipartidismo a unha volta, dous bloques se é a dúas voltas.

- Se cada elector ten menos votos ca postos a cubrir ou ben se llos pode dar a mesmo candidato, o sistema ven sendo, na práctica, proporcional sempre que *cada partido* mida con acerto as súas posibilidades.

Supoñámolo caso concreto proposto por certas forzas da oposición respecto das eleccións pro Senado: voto único non transferíbel e catro senadores a eleixir por provincia.

O partido que calcule ter ou aproximarse a un cuarto do electorado, debe presentar un soio candidato; o que se aproxime á metade, dous candidatos, etc. As consecuencias son as mesmas se cada elector ten catro votos e llos pode dar a un, dous ou *máis* candidatos.

A aplicación deste sistema nas próximas eleccións o Senado favorecería as *minorías cualificadas* e evitaría a división electoral nun *bloque postfranquista* contra dun *bloque antifranquista*. Os beneficiarios fundamentais serían por tanto os partidarios de esquerda tal plantexo, e de falar millor de cousas coma dereita, centrodereita, centreesquerda e esquerda.



Paisanos

Doña Pilar:

Con ou sen quisquillas



Pilar Franco, seica, tamén prefire as quisquillas: vanlle millor cós langostinos en salsa tártara. E un detalle biográfico. Quén o diría: Os xestos, as sonrisas, un balbuceo ou a máis liviá gargallada desta muller —nada en Ferrol, a pesar de tódolos pesares— levaron de cabeza, ano a ano durante perto de corenta, ós pilares da «clase política» española en xeral. Tamén, aí, a máis dun xornalista, compañeiro de profesión. De cabeza por ver de lle atopar, nunha fraseciña, a última e insospetada decisión «inapelábel» do xeneral que ía morrer en 20 N tal que así: gris... Iluminada en Ferrol, doña Pilar é moi «española».

Agora, seica, non se repite tanto. Fai ben doña Pilar: Os feitos, as situacións, pasan á historia. Tenta-la súa repetición matemática noutras circunstancias, coma todo o mundo sabe, conleva o risco de caer na paisada. Con quisquillas ou sen elas.



De todo un pouco:

«Limiar» (Lugo)

Hai pouco tempo, en Lugo, abríuse un bar («Limiar») que pode marcar toda unha época. Cafetería, librería, sala de exposicións e de audições.

Se Lugo-capital non é a cidade galega con máis bares e tabernas, nun dos primeiros lugares estará colocada. Pro, hastra agora, todos eles se axustaban á antiga usanza: As tabernas un mostrador longo, uns pipotes ó fondo, fotos dalgún

equipo de fútbol e, se acaso, lembranzas dalgunha «peña». Nos bares e cafeterías máis modernidade: Xa non se chama mostrador, chámase «barra». Uns anaquéis con botellas, unhas mesas ó fondo e camareiros uniformados...

Pro «Limiar» é algo diferente. Está na rúa Nova, na calle do viño da capital lugués e é unha concepción de Antón Llanes Bustelo, un mozo nado en Vegadeo e galego por convicción. «Limiar», ademáis de bar, será sala de audições musicáis na banda traseira. Dende a mesma porta esponse pinturas e dibuxos coma exposición permanente que prestará atención especialmente ós novos valores que

Vegadeiro

vaian xurdindo. E, pra remate, librería na parte máis fonda do local.

Se ben a librería aínda non foi axeitada coma tal, agárdase que nun prazo de dous ou tres meses poida xa estar aberta ó público. Coidará deste aspecto a librería Darío Xohán Cabana —mozo lugués, que xa coñecen os nosos lectores, e un dos máis destacados poetas da Terra Chá—.

Dámola nosa benvinda a «Limiar», que pode ser precisamente eso: un limiar, o comenzo —como dí o noso corresponsal Xulio Xiz— pra unha xeración de bares novos nacemento dos bares.

Elemental que á xente do Partido Comunista Galego lles chamen «peixes» por aquilo de PC (peces) sen especificar se troitas ou xurelos que, seica, estes peixes sonlle tanto da mar coma do río. O fin e ó cabo as augas xúntanse, coma ven acontecendo dende que o mundo é mundo. Namentres Sandiola non diga o contrario e, polo visto, Sandiola atópase a gusto coas cousas como son. Certo.

Doutra banda, pasándose un chisco ó mundo máis perto dos paxaros, veñen a estar os «pepegallos» e máilos «upegallos» por afinidade cos nomes do Partido Popular Galego (PPG) e da Unión do Pobo Galego (UPG). Un, que na súa vida non veu aínda un urogallo, nin sabe moito destas cuestións, non se atrevería a definir con exactitude as semellanzas antre o paxaro e os devanditos. Pro, eso sí, o urogallo be-

Un chisco de zoopolítica

rra dun xeito peculiar. Todo dito sen mala intención. Certo.

Máis especializados, xunto xa da horta ou nas leiras dos caseríos, cando lle chegue o seu tempo teremos ocasión de lle bota-lo dente ós pesegos: Queremos dicir os pexegos das pexegueiras e non, coma calquer mal tencionado podería supoñer, ós militantes do Partido Socialista Galego (PSG) que é a quen, pola conta de certa familiaridade dalgún, lle tocóu o nome final de «peseço». Tamén é certo.

A xente do Partido Galego Socialdemócrata caúelles enriba o ronco dos motores que, home, é ben distinto do ronco da nosa gaita: «Pegasos Diesel» é o panfletario apelido que acompaña, nos miolos dos simpáticos, ó nome do PGSD.


O caso é que aínda non sabemos cántas marchas ten o camionazo pro, eso sí, polo de agora pódese afirmar que vai nunha que ben pode ser das largas. Claro que ún non sabe moito de motores é ó millor, non é do todo certo. Certo.

En fin, por un aquilo de non se sabe qué «maxicismo», á xente do Movemento Comunista Galego tocóulle o sambenito do «meço» que, coma todo o mundo sabe, é un xenio ben galego. Pra outros, pola contra, MC lémbrales aquilo de «moco» cun deixe fisiolóxico ou así... Finalmente certo. A fin de contas, a historia non remata ahí. E cousa de paciencia hastra que a xente —que estas cuestións veñen de abaixo, do pobo; non as inventamos nós— decida os apelidos dos que fallan.

CAITANO Por XAQUIN MARIN

SI OS PROBLEMAS DE GALICIA SON OS MESMOS DE ESPAÑA


FACEMOLO PARVO EN IR ALA



XOGAR

As cousas, coma quen dí, estánse quentando. Pouco a pouco, pro esto de xogar atopa xente e, quen máis quen menos, vai quecendo por un aquilo de quítame alá esas pallas, amiguiño.

Postas as cousas de tal xeito, velahí un novo crucigrama. Que prá próxima —ó millor— arrincamos por muiñeira pra falar dun viño... que teñen os de Cambados que xa, xa...




HORIZONTAIS:

1.— Patria, país. 2.— Froita con caguña. 3.— Especie de confitura catalá. 4.— Contracción. O revés, apedro, destrago. Que non ten nada dentro (femenino). 5.— Das abellas. Abeño de labranza. Parte da man. 6.— O revés, movíase. Ensina, mostra. 7.— O revés, entenda o escrito. Río, afluente do Ulla. 8.— Cutre, tacaño, agarrado. 9.— Quita parte das cousas pra deixar máis espaciadas as que quedan.

VERTICAIS:

1.— Mil. 2.— Derradeira comida do día. 3.— Rexión grega. 4.— Consonantes de «cines». O revés, secreción aceda. 5.— Posees. Oubear, botar aulidos. 6.— O revés, rosmare, protestare. Contracción. 7.— Porta de ferros soldados. Percibir cos ollos. 8.— Díse da poesía con rima. O revés, preposición. 9.— Apedra, aldraxa. Non mencione, esquizenza. 10.— Terminación do partic. pasivo. Parte do esqueleto. 11.— Delato, denuncia. 12.— Filla nova da ovella. 13.— Vocal.

Decíamos que ían quecendo as cousas e non mentimos. Porque, cando chegou o rapaz gañador do viño do Primeiro concurso, coma queiran que a pouco máis cóllo nos en coiros —nin viño nin cousa que semellara tiñamos na Redacción naquel momento—, non pasou un minuto pra decidir: O home levóu, coma soa, unha garrafa dunha ola cheiña de viño do Ulla. Foi o primeiro que atopamos á man e, a fin de contas, levóu máis do que se falara. Eran dezaseís litros de ouro líquido e fresquiño. Unha feira.



Así que a mandar. Ahí lles queda a solución das palabras cruzadas do número anterior e a ver... Entre tanto, damos conta dos premiados nos crucigramas das Revistas números 6 e 7 que, respectivamente, veñen a ser:

Número 6: Tucha Mirayo. c/. Pena Trevinca, 13-5º A. Ourense.

Número 7: María Xesús Gutiérrez Gutiérrez. c/. República de El Salvador, 33, 4º A. Santiago de Compostela.

Ou sexa, que se pasen pola Redacción pra recolle-las garrafas e bon proveito. O caso é ter saúde.

17/24 febreiro:

O tempo pró agro

Nestes días, lúa nova no Acuario ás 3 horas 37 minutos. Co cámbio da lúa vira o tempo, que se amosa máis soave ben que mollado pois chove cáseque arreo.

(Do «Mintireiro verdadeiro» pra 1977)

OUVIR

Quilapayún a Galicia

Cando estas liñas sexan publicadas, seguramente, terían xa lugar tres importantes recitais de Amancio Prada acompañado polo chelista E. Gattinioni. O Gran Teatro de Lugo, un cine da Puebla do Caramiñal e o Teatro García Barbón de Vigo, eran, en principio, os lugares elixidos polo cantante de acordo cas xestións do seu axente.

A outra noticia, a que soa a espectáculo de masas e peregrinación con arelas de liberdade, é a que fala dun próximo recital no noso país do grupo chileno Quilapayún. Un grupo afincado en Francia por aquilo das pezuñas afiadas do fascismo e das elevadas e sofisticadísimas técnicas represivas do réxime político instaurado polo dictador Pinochet. Cando a morte de Allende, cando a fin da liberdade naquel país de compañeiros, cando a masacre, Quilapayún atopábase na veciña terra francesa e alí ficou: escómenczaba o esilio e a memoria colectiva de todo un pobo, querida xente chilena, faciase mundial cunha denuncia permanente.

Polo demáis, a mesma produtora —«Xana-Produccións», de A Coruña— fala da posibilidade próxima da chegada dalgún conxunto rock catalán e, cicáis, do mesmísimo Lluís LLach. Carlos Puebla é seguro. Del falaremos noutras páxinas.

VER

O retorno de Patiño

Dende o pasado luns, está aberta na galería «Mestre Mateo», na

Coruña, unha mostra da pintura máis recente de Reimundo Patiño. Despóis dos «viaxes» polo comic xunto a Xaquín Marín —no que si-guen traballando—, nun libro que é considerado do millorciño que se fixo por estes arrabaldos, Reimundo volta dende o esilio madrileño, cuns cadros que van facer estralar penedos e brincar rascaceos. Senón, ó tempo. O ve-las obras, al-gúns falan da ficción de Clarke, outros da música de Stivell, dos signos célticos, mesmo algúns falan de experiencias psicodélicas... Reimundo escoita. Logo, volta a ollada prós bosques da Terra.

XANTAR

Xunqueira (Ourense): cociña familiar

Cociña e servizo ó cargo da dona do restaurante e dos seus irmáns. Hai mariscos do día e guisados dos que, de escoller, o de calamares e o de carne serían os preferidos. No tempo da caza, recoméndase darse unha volta pola casa, pois danlles ó coello e á perdiz un toque que non se atopa, así coma así, provincia adiante. O viño é da casa e ven ser algo máis acedo có do ribeiro por tamén un pouco máis entonado de grados. Unha auténtica delicia é o postre de leite fretida que prepara Cândida, postre que convén acompañar de café e caña do país.

E o precio do xantar de dúas persoas non pasa das seiscentas pesetas. O restaurante Xunqueira para pola Avenida de Bos Aires.

BEBER

A Laura (Santiago): cervexa na lareira

Dende 25 pesetas, consumición mínima, pódese beber un xerro de cervexa. De paso, aproveitando a lareira, a xente mata o frío a carón do lume. Entón, pode ser boa idea ler un chisco polas revistas e comics que a xente deixa por alí. Habendo todas estas cousas, raro sería que no bar non houbese música. Pois haina, e da boa. Escóitase música celta e moito rock planeador, un pouco menos de clásico, pró os minutos adicados á música medieval e renacentista son abondosos. A Laura está na rúa.

Da Conga, ¿ónde, senón?

Ribadeo: Outra desfeita

¿A quién lle interesa a nosa historia?



OS CIMENTOS AMOSARON XA AS PRIMEIRAS TUMBAS

Hai arredor de cinco mil castros en Galicia, a meirande parte deles aínda por catalogar. A habitación castreña (sobor da que se comen-zou a traballar arqueolóxicamente nos derradeiros anos do século XIX, principalmente estudiosos do Norte de Portugal) é unha das singularidades históricas da cultura galega. Moitas das nosas aldeas son herdeiras mesmo da estrutura do castro que as precedeu históricamente.

Hai pouco que Ana Romero Masiá publicou «*El habitat castreño (asentamientos y arquitectura de los castros en el N.O. de la península)*», editado polo Colexio de Arquitectos de Galicia. E a última bibliografía que saíu entre nós sobor do tema. Os homes da xeneración «Nós» centraron a súa actividade no eido da prehistoria e historia galegas, precisamente, arredor dos

Na parroquia de Devesa, axuntamento de Ribadeo, hai unha praia que lle chaman dende sempre a praia dos Castros. Alí hai ún destes recintos celtas, ocupado logo polos romanos, coñecido de todos e rexistrado mesmo no «Ribadeo antigo» de Francisco Lanza. Unha constructora, co permiso do axuntamento, está estragando todo. O negocio é o negocio.

A información e mailas fotografías (que falan soas) recibímolas de SUSO PEÑA.

castros como fonte fundamental e riquísima de coñecimento histórico, fonte aínda non ben traballada, pro abundantísima. O traveso da toponimia, a configuración mesmo de moitas das nosas aldeas e vilas, as lendas que falan de «lugar dos mouros», etc., pódese seguir a pista á presenza dos nosos devanceiros.

O CASTRO DA DEVESA

Hai quen non entende, sen embargo, absolutamente nada desto. A noticia ven de Ribadeo. O castro da praia de Devesa está rexistrado dende hai moito tempo, a toponimia («Praia dos Castros»), as características da zona, as lendas populares falan da súa presenza.

Asegún as nosas informacións a zona onde está o castro era non edificábel, polo feito de estar rente mesmo do mar. De feito, paisanos

TEIMA
CULTURAL

que fixeron casas por esta banda confirmábons o feito de que a eles lles obrigaron a retirar as súas edificacións. Hai un camiño que pasa uns 40 ou 50 metros alonxado do muro de defensa do castro. «Do camiño pró mar non deixaron construír», din os paisanos. O terreno, regado sempre polos salteiros do mar, pedregulento, non edificábel, non valía moito e o seu dono vendéuno ben vendido en medio millón de pesetas, xa que coidaba que non serviría máis que pra toma-lo sol ou chantar unhas tendas de campaña.

A cousa ven logo. O comprador parece que é persoa importante en Lugo e vencellada —din— ó Instituto da Vivenda. O caso é que un día apareceron por alí as paleadoras a traballar porque o novo propietario recibira (coidamos que do axuntamento de Ribadeo, que é a quen compre a autorización) permiso pra construír enriba do castro.

AS TUMBAS O DESCUBERTO

Xa na sinalización dos cimentos da casa apareceron as primeiras tumbas. Logo entrou a paleadora. De primeiras levouse por diante polo menos tres. Dúas delas tiñan restos humanos. Ninguén veu para-la desfeita.



VISTA XERAL

- 1 — Tumba 1B
- 2 — Tumba 2
- 3 — Tumba 3
- 4 — Tumba 4 calicata
- 5 — Tumba desfeita
- 6 — 2 tumbas superpostas
- 7 — Valo que dá ó mar





O NEGOCIO E O NEGOCIO. A INVESTIGACION NON E RENTABEL

¿E que non había xeito de construí-la casa noutro sitio, ou máis concretamente, que se fixera cargo o axuntamento desa zona dado o seu interés histórico? Recollémola noticia, con abundante material fotográfico, como unha anécdota, nada máis, do que está a pasar e de cómo se entenden as cousas antre nós. Antre a ignorancia e a caticada, a indiferencia oficial e o interés particular e privado, a paleadora leva por diante milleiros de anos de historia. O da parroquia de Devesá, en Ribadeo, é unha anécdota, nada máis, dunha actitude xeralizada e culpábel. ¿A quen se lle piden responsabilidades?



3 TUMBAS. A DO MEDIO TIÑA OUTRO ESQUELETE. A DA ESQUERDA (MAIS PEQUENA) PARECE DUN NENO

O remuíño

XAVIER MARIÑO

AMANCIO PRADA, que de cando en vez deixa Segovia, onde vive, e vense a Galicia a alimentar inspiracións, ten xa a piques de saír coma quen di, o seu álbum adicado a SAN JUAN DE LA CRUZ, «Cántico espiritual», en castelán, e no que ven traballando dende hai máis de sete anos. Poida que arredor do mes de maio estea xa en circulación. «Non, non é que deixe os temas galegos, pro tiña posta moita ilusión e moito traballo en San Juan de la Cruz, nos seus poemas espirituais, e agora podo proxectalo». O mesmo tempo, o cantante do Bierzo sigue a recoller material pra un novo álbum galego, outra vez arredor dos temas populares.

A unión fai a forza sempre. Maxino que saberán vostedes qué é un GALEUZCA, unha alianza ou pacto entre os tres pobos marxinados. Ese pacto, levado ó eido da música, produce resultados realmente interesantes de convivencia e enriquecemento. No País Vasco saben moito desto. Alí, sobor de todo nos meses de vran, cada vez que poden, organizan nunha vila, nunha aldea, nunha asociación de veciños un Galeuzca: representantes da canción vasca, catalá e galega xuntos no mesmo espectáculo. Poida que no mes de marzo teñamos eiquí o primeiro Galeuzca, en Vigo, organizado por unha sociedade cultural. Virán, se as cousas non se torcen, MIQUEL LABOA polo País Vasco, PI DE LA SERRA por Cataluña, FUXAN OS VENTOS e mailo MIRO CASABELLA.

Por certo que tódolos problemas do Miro co seu álbum (que tanto se fai esperar e a culpa xa nin sabemos quen a ten) parece que están agora nunha canción e na portada, que teñen problemas de censura. De calquera xeito o cantante ten esperanzas de que as cousas se resolvan nos prósi-

mos dous meses. Marzo e abril van ser días de novidades musicáis.

Hai uns números na nosa revista falábamnos do libro de dibuxos de XAQUIN MARIN, que vai editar XISTRAL. Pois ben. Non é o único. O noso compañeiro LOQUIS (de quen vostedes coñecen xa dibuxos publicados nestas mesmas páxinas) ten tamén o seu libro proxectado, editado seguramente por BARRAL en Barcelona. TVE, segundo as nosas informacións, ten a idea de levar adiante un programa enteiramente en galego, xa pro jollo á cousa!, van participar JUAN PARDO e o seu amigo ANTONIO D. OLANO, dabondo coñecidos pra que falemos outra vez deles, e o programa vai estar adicado, se alguén non lle pon remedio á cousa, a RAMON CABANILLAS. Eso corre por ahí. Logo da boa rentabilidade do «Galicia, miña señora dos dous mares» a cousa sigue. O mango da tixola teno quen o ten. E a vergonza non ten cancelas.

A última nova ven pola banda da literatura. NEIRA VILAS ten postas as súas esperanzas na novela que está cáseque no prelo (o orixinal, polo menos, está xa nas mans da editorial), novela apoiada outra vez en vivencias de neno, dun neno de fames e postguerras, de atrancos e medos, que se titulará «Aqueles anos do Moncho». ¿Novidade pró «Día das Letras Galegas» cicáis? Eso é cousa dos editores. En CASTRELOS, por outra banda andan a estudar dende hai pouco un texto realmente importante do que xa se falará nestas mesmas páxinas: a novela inédita e deica agora agachada de ANIBAL OTERO, novela chea de lembranzas acedas, inesquencibéis xa na historia, tráxicas, na cadea, sempre nas vísporas da morte, que se chamará «Esmoriz». Este, polo menos, é o nome que leva o manuscrito.



Camilo Otero en París

Por FERNANDO ARRABAL

OTERO: A NATURA E O PROFESOR

Tanto en arquitectura coma en pintura, a natura é o profesor máis xenial. Otero actúa coma a natura: en ámbolos dous, a terra, a madeira, o mármore e o bronce intégranse no sabio embeleñamento do Universo.

Cando o escultor traballa fisicamente (manualmente), unha alma matina no esencial, e outorga ós homes a intimidade máis minuciosa das nosas sustancias e das nosas secretas estruturas espirituais.

O mundo do artista é belo deantes de revelarse esacto; a súa obra é, primeiro, admirábel. En Otero todo é primitivo, é decir, onírico: hai que respetar e cultivá-las súas pantasma e os seus soños coma paixón alumeadora.

Otero multiplica os mitos de amortallamento, coma pra explicar-nos que a escultura é tamén sarte-go, ou sexa, ventre. Na súa obra a vida sobrepasa a morte, á vez que a resurrección triunfa sobor do soño de acougo protexido.

Se o cabalo de Troia é froito dun acto máxico, un rito relixioso que subxugóu ós espíritos máis ca un vulgar artefacto bélico, Otero enterra no fondo das súas masas a luz do templo. As súas pezas non son obras de arte, senón lugares provocadores de meditacións e de ceremonias.

Os alquimistas afirman que todo aquel que pon fóra o que está dentro e dentro o que está fóra, é o amo do mundo; o creador de moldes e de pegadas, de espacios en negativo, con móvenos. Otero dinos que no fondo de bermello hai un verde, que o leite é mouro coma a tinta china, e demóstranos que o escuro é victoria, e o vacío creación...


Un xurado no que figuraban Alicia Peñalba, Etienne Martin e Coutourir, entre outros, concedéulle o ano pasado o Premio Bourdelle de escultura, uns dos máis preciados de Europa.

Camilo Otero espón agora as súas obras no Museo Bourdelle. A súa mostra é un dos feitos culturais máis relevantes de París hoxe. Antes de chegar a esta consagración parisiña, Otero remendóu zapatos en Santiago de Compostela, onde nacéu en 1932. Estudióu nas Bellas Artes de Barcelona, e despóis en París, onde está afincado deste 1961.

No texto a seguir, Fernando Arrabal fala pra TEIMA das sensacións que lle produce a obra de Otero.

Posee tamén ese soño de intimidade que multiplica deica o infindo os detalles da estrutura, e esa violencia que se agacha no lecer e na docura. Os materiais de Otero (a terra e os seus elementos) son puros demáis coma pra suxerir unha subconversa, pra agacha-los secretos que a eternidade do pasado depositóu neles.

Otero identifícase a eses elementos. Lonxe da abella que voa pra crea-lo mel e da araña que tira das súas entranas os fíos do laberinto, é coma a toupa e o anxo: axeca dentro da materia coma a violencia e o amor ollan o interior do espírito.



«MON PERE»
Escultura en bronce

«MON PREMIER AMOUR»

Escolma / TEIMA

LIBROS

J. A. Durán. «AGRARISMO Y MOVILIZACION CAMPESINA EN GALICIA (1875-1912)». Siglo XXI Editores. Madrid, 1976. (ensaio).

O Durán está que non para. Dende que en 1972 pasou a soleira das editoriais, leva publicados cinco libros, unha chea de artigos, ten dous libros máis a piques de saír e outros tantos xa en perspectiva. O que comentamos agora é a primeira entrega dunha triloxía encol do agrarismo galego.

En «Agrarismo e mobilización...» fai un plantexamento previo do tema á percura dos antecedentes e problemas cos que, andando o tempo, terían que enfrentarse as manifestacións agrarias nos primeiros anos deste século: «solidarios» da Coruña, «antiforistas» de Teis, «Unión Campesina» da Coruña, etc., rematando cunha breve análise dos medios de expresión e prensa agraria.

A mor parte do libro xa a coñecemos. O autor tiña publicado en «Revista Española de la Opinión Pública», «Revista del Trabajo» e «La Voz de Galicia». A orixinalidade da súa metodoloxía (tan persoal) xógalle unha mala pasada: J. A. Durán é o autor máis citado do libro despois dos personaxes obxecto de estudo. Esplicase cicáis por esa «soledad específica» da que se queixa no limiar. L.O.

M.^a Carmen Kruckengerg Sanxurxo. «A SOMBRA ERGUEITA». Edit. Gráficas do Noroeste. Distribúe Editorial Castrelos. Vigo, 1976. (poesía).

M.^a Carmen Krusckenberg deuse a coñecer como poeta en galego con «Cantigas do vento» (Colección Alba, Vigo) en 1956. Dende entón ven utilizando de cando en vez a nosa lingua principalmente prá poesía. Outros libros seus en galego son «Canabas de ouro» (1962) e «Cantigas de amigo a Ramón González Sierra do «Papillón» (1972).

«A sombra ergueita» son 39 poemas nos que aparece o amor, o medo, unha gran dúbida ás veces sobor do papel do home, a loita pola identidade... Poemario íntimo, persoal, desacougado, en esquerter algunhas lampadas de preocupación social, colectiva.

«EL AÑO LITERARIO ESPAÑOL, 1976». Editorial Castalia. Col. Literatura y Sociedad. Madrid, 1976. 170 paxs. (crítica).

E o terceiro ano que a editorial Castalia adica un volume a recolleto feitos máis significativos do ano literario. E coma un resume, escolma ou testemuña do que foi. José Luis Abellán (ensaio), Andrés Berlanga (periodismo), Joaquín Marco (poesía), José Monleón (teatro), Darío Villanueva (novela) son os responsabéis das seccións. A literatura catalá ten un capítulo de Pere Gimferrer e a galega outro a cargo do profesor Alonso Montero. 16 páxinas práns letras galegas non dan pra moito máis ca pra unha paisaxe de urxencia.

DISCOS

The Chieftains. «CHIEFTAINS, 5» Polydor.

Os Chieftains van ó encontro do seu pobo, hoxe dividido e martirizado: Irlanda, creando unha música moi coidada instrumentalmente. Música cultista e erudita, pro moi na estética de hoxe tamén. Non son un grupo que entenda a música como arma política (pra eso hai outros coma os «Wolfetones», que apoian abertamente ó IRA, hoxe prohibidos eiquí), «Chieftains 5» é un disco interesante por ser, ademais, dos únicos documentos que se poden atopar antre nós da música irlandesa. X. S. C.

Rui Mingas. «CANCIONS DE ANGOLA». Edigsa.

Dentro da nosa preocupación por dar a coñecer dende a nosa ESCOLMA novas perspectivas musicáis que arriquezan o noso coñecemento e esperiencias, traemos agora a Rui Mingas. Coido que é o único disco en todo o Estado Español sobor de música angoleña. As cancións de Rui están claramente influenciadas polos ritmos e aires daquel país. Música rebordante de sentimento e emocións primarias, lonxe de refinamentos, fundamentalmente viva. X. S. C.

O libro da semá

Señores e campesinos na Galicia baixomedieval

LUCAS OROSA

A historia de Galicia, obra moitas veces de cronistas locais ou de vulgarizacións dos traballos de Murguía, López Ferreiro, etc., foi caíndo pouco a pouco nunha chea de lugares comúns, ideas esquemáticas e mitificacións xeralmente mal remoídas. Pro por fortuna, moitos deses feitos e mitos que se foron montando van empezando a ser analizados con rigor de xeito que deixen de ser atrancos pro progreso do coñecemento histórico. Tódalas etapas da historia galega están sendo, nefeuto, revisadas dun xeito vagaroso pro con criterios científicos e actuáis, abrindo eisí novos vieiros prá identificación dun pobo co seu pasado. Un dos últimos traballos adicados a esta laboura de renovación metodolóxica da historiografía galega é, sen dúbida, o libro da profesora M. X. Rodríguez Galdo (1), centrado nun dos períodos, os séculos XIV-XVI, que máis acordan á sensibilidade histórica do home galego: irmandiños, doma de Galicia, etc...

Pro non son estes feitos as claves explicativas do libro, senón que se tenta de facer unha síntese do funcionamento dunha sociedade en continua loita pola subsistencia e estruturada socialmente polo antagonismo entre señores e campesinos, entre explotadores e explotados. Noutras verbas, estúdiase o nivel de desenrolo das forzas productivas e as relacións de produción da sociedade mindoniense baixomedieval. Isto supuxo o emprego dunha plataforma teórica, recollida da economía política marxista, que servise de outeiro dende onde se poidese ve-lo desenrolo, as tensións, as crises e os axustes que nunha sociedade determinada se producen entre os diversos elementos que a compoñen. E, pois, en primeira instancia, un estudio de enfoque estrutural dunha sociedade precapitalista,

na que predomina a produción agrícola, o difícil equilibrio entre recursos e poboación e a apropiación xurídica do escedente por unha escasa capa social que emprega os seus ingresos en consumo improductivo en vez de reinvertilo no proceso productivo. Como pode verse, o esquema teórico utilizado está na liña de aplicación de autores coma Kula, Vilar, etc., o que supón unha creba metodolóxica con toda a historiografía precedente sobor do tema — como sinala a autora no limiar — anque haxa certas imprecisións doadamente subsanabéis.

O segundo paso a dar dentro deste análise é o de traspassalo enfoque sincrónico e realizar un parello estudio diacrónico dos tres séculos obxecto de estudio, problema abeirado pola autora nas páxinas finais do traballo. Bótase de menos, evidentemente, que esta segunda parte sexa un pouco esquiva sobor de todo tendo en conta que é o enfoque diacrónico o verdadeiro polrón de toda obra histórica. Cabe, nembargantes, a esperanza de que a autora, pertrechada con tan impecábel instrumental teórico, siga pescudando na realidade histórica baixomedieval galega, tencionando de tronza-lo esquema analítico empregado e tratar de construír un modelo teórico que sexa unha resposta — e non una aplicación — á realidade histórica da Edade Media galega, teimando, con P. Vilar, na busca dunha explicación diferente pra cada formación económico-social diferente. Sería a coroación dunha obra escomenzada con tan incitante e anovadora metodoloxía.

(1) M. X. RODRIGUEZ GALDO: *Señores y campesinos en Galicia. Siglos XIV-XVI*. Editorial Pico Sacro. Santiago de C. 1976. 318 páxns.

Contos infantís «O Facho»: X concurso

Patrocina a Caixa de Aforros da Coruña e Lugo e organiza a agrupación cultural coruñesa «O Facho». Trátase do concurso de contos que leva ese nome e neste ano chega á súa décima edición.

Con corenta mil pesetas en premios e tema libre, o certamen consta de dúas seccións: contos pra nenos e contos de nenos. Por outra banda, este segundo apartado subdivídese noutras dúas modalidades: pra nenos entre dez e quince anos e pra nenos de menos de dez.

A extensión de cada conto non deberá esceder dos seis folios e os orixinaís mandaránse por triplicado — baixo plica se así o desexa o concursante —, non mantendo a agrupación cultural correspondencia cos participantes.

O fallo darásese a conocer o dezasete de maio, Día das Letras Galegas. O prazo de admisión de orixinaís péchase o primeiro do mesmo mes.

AS LINGUAS GALEGAS

Señor Director de TEIMA: Escribille pra lembrarille (supoño que xa o sabrá) que a nosa lingua, o galego, presenta algunhas variantes idiomáticas. Polo que coído, que se TEIMA quere ser unha revista que reflexe a sociedade galega ten que dar cabida ás diversas variantes do linguaxe.

Pra esto pídlle cos artigos, enquisas... que esteñan escritos sobor dunha determinada zona do país, señan espresados no galego que ali fálase. Non vaia pensar a xente que decía hirmau ou hermao... (en vede hirmán) esteña mal dito.

E pra rematar, unha enhouraboa pola iniciativa de TEIMA.

Xesús Pereiras López
Monterroso (LUGO)

☆ ★ ☆

A LIÑA POLITICA DE «TEIMA»

Señor Director: Teño o honor de dirixirme a vosté e a todo o equipo de TEIMA pra felicitalos polo labor que a revista leva adiante de cara á normalización do noso idioma. Moitos pediremos unha millora nas partes técnicas, mais comprendo tódolos atrancos cos que se ten que atopar unha revista galega e en galego. A pesares, o importante é que a cousa se vaia metendo na xente pra que se dé conta de que tamén se pode informar en galego, pra que se decate de que o noso idioma sirve pra un desenrolo integral da personalidade diferenciada da nación galega no concerto mundial, e que é perfectamente axeitado pró estudio de tódalas ciencias. A liña política que está a seguir a revista non é que sexa de todo mala, paréceme que é todo o que se pode facer nun comenzo, pero o imparcialismo que tentades levar adiante, dendes do meu punto de vista, non me parece moi louvável, e non polo imparcialismo en si, senón porque parece que a consecución deste, parece resultarvos algo difícil. Así, deixando claro que o meu apartidismo no senso da miña non militancia en ningún, pero non na simpatía que eu poida ter por calquera, paréceme que lle dades máis facilidades aos partidos españolistas e sucursalistas que aos nacionalistas. A liberdade ten que ser pra todos igual e non pra os máis fortes. E unha revista galega débelle atender primeiro aos da casa que aos de fora.

Somentes é unha opinión persoal. Moitas veces faise o que se pode e non o que se quere.

Na esperanza de que asíña se poida todo, de que a liberdade sexa de todos e non duns poucos, por Galicia, que TEIMA siga adiante.

Atentamente, un saúdo,

Emilio González Legazpi.
Suscriptor número 506
Chantada, 26, 3º dta
LUGO

AS TRABALLADORAS DO PEIXE

Señor Director: No número seis de TEIMA aparece un traballo, bó por certo, sobor das traballadoras do peixe. Pro o primeiro que chama a atención ó lector son as dúas fotografías que ilustran o devandito traballo, onde aparece un fato de rapazas, bonitas por certo, moi engafadas —con gafas non moi propias pró peixe— con moito «Duçados» na man e na boca. Non sabía eu que éste era o tabaco preferido polas traballadoras do peixe. Velahí unha nova publicidade prá Tabacalera.

E tamén de notar que a pesares dos baixísimos salarios que teñen as traballadoras do peixe, non lles impide vestir coma nenas progres, con anorás, pull-over, etc., moi propios. Tamén deben de ir con frecuencia á peluquería a xuzgar polos peinados ou despeinados que amosan na foto, especialmente a que ten un pé que dí: «man de obra mansa e barata».

O mundo, en particular o mundo do peixe, é unha caixa de sorpresas «en conserva». O millor equivócome e as devanditas rapazas son «traballadoras discontinuas» do peixe ou de calquer outra cousa que termine en «G». Por aquí polo Norte, non se atopan traballadoras desas. Rogaríalle que me aclarara o asunto xa que eu esperaba ver nas fotos, caras enrugadas, mandilóns e ningún pitillo. ¿Sería cousa da máquina de retratar?

Xosé Ramón Porto Lista
Rúa de Santiago, 25, 3
Celeiro, Viveiro. (LUGO)

☆ ★ ☆

CRITICA E CRITICOS LITERARIOS

Querido Director: Vexo que a revista vai collendo corpo e que tamén aos seus lectores se lles da unha oportunidade de decir o que pensan. Graciñas por todo e que a boa ocasión non se perda.

O día 9 deste mes puiden ler nun dos suplementos dos domingos, e nun xornal feito en Galicia, a reseña dun novo libro de poemas feitos por un home que xa ten corpo nas nosas letras. I é o caso que o tal crítico (?) tomábanos o pelo a tódolos lectores galegos unha vez máis. Como coído que o tal señor o poida facer en TEIMA, por eso aviso. Explícome: no seu deber de comentar o libro comenta a persoa e logo déixase ver ás claras o seu xogo de pelotas e chaquetas sen ter reparos en dicir dun mesmo libro que é froxo e interesante, que se debe ter moi en conta e mais que non é o que o seu

autor tampouco é, etc. ¿Somos os galegos todos parvos?, ¿ónde está a seriedade da crítica, ónde está a farsa? E pra máis «teima» escribe sempre que pode decindo que a nosa poesía moza anda a imitar na «longa noite de pedra» e que esa «noite» do Ferreiro está en TODOS os novísimos (¿). Pedímoslle ao tal señor moita máis persoalidade e un meirande estudio comparativo.

Tamén quería aproveitar pra pedirille a González Garcés, que tan ouxetivo se confesa, que nos diga eiquí cáles foron as razóns polas que escolleu algúns poetas (¿) da posguerra, deixando de costas a nosa poesía moza. Coma leitor apaixonado de todos os versos que se fan na Galicia, coído que xente coma Sesto Novás, Vázquez Pintor, Margarita Ledo... deberían estar con máis merecemento que moitos que o Garcés tivo en gracia escolmar.

E xa pra rematar, ¿poderíame dicir vostede, señor director, se a nosa cultura é ou non é unha cultura de amigo?

F. RODRIGUEZ aclara

Señor Director: Agradeceríalle a publicación das seguintes aclaracións respecto da reprodución parcial, que non total, dunha conversa miña por teléfono co redactor da revista que vostede dirixe, señor Palmeiro. Efectivamente, pronunciei esas palabras, pro non sóio isas, senón que principiiei por esclarecer, ao meu interlocutor, que non tiña nada personal contra dil. A miña negativa á colaboración baséina en que a revista facía información sectariamente anti-UPG, engadindo —cousa que vostedes non publican— que estaba ao servizo do PSG, MCG, e APG, coa orquestación do PC. Eu, polo tanto, non podía prestar a miña colaboración a unha revista que terxiversa, minte ou oculta, **inda enriba en nome da independencia. Nada teño en contra das revistas de partido, non independentes, senón contra da deshonestidade informativa.** Nesta ocasión, vostedes volven dar unha nova proba de que é millor ocultar que contar verdades a medias. Por último, decirlle que a resposta do señor Palmeiro foi: «Boeno». Co que creo que non había lugar a máis diálogo. Pola contra, tal como vostedes redactan o acontecido, parez que fun eu quen cortou violentamente a conversa.

Cartas a Dirección

Agardemos que na TEIMA, ao menos, a seriedade se adiviñe máis á cima. Saúdalle.

Avelino Santos Castiñeiras
A Estrada

☆ ★ ☆

CASE UN TELEGRAMA

Sóio quérovos dicir catro verbas: Moitas gracias e «adiante irmaus».

Un ciudadano da nazón galega
Valentin G°
Escudero 6, 3º. Pontevedra.

Si deseian unha demostración do sectarismo a deshonestidade informativos que veñen empregando, podo facelo en calquera intre.

Francisco Rodríguez
Instituto Nacional de Bachillerato Mixto
Cangas. (Pontevedra)

N. da R.: TEIMA pediu ó señor Francisco Rodríguez unha opinión sobor da oficialidade do galego e sóio conseguiu en troques unha negativa, unha promesa de denuncia en público e unha xustificación por esa postura. Entendemos que bastaba con reproducilo esencial dunha conversa, que, lamentablemente, non poido ser recollida nunha cinta. Había pouco que decirlle ó cate-drático de Cangas, aparte de que todo eso era unha opinión súa que dende aquí podía escoitarse e publicarse, pro non compartirse. Así se lle dixo.

Entendamos e entendemos que con esa reprodución parcial as cousas podían estar claras pró lector. Recollemos agora as outras aclaracións e os plantexamentos do señor Rodríguez. E punto final. Dito esto, hai que engadir que TEIMA non está disposta a que se lle dean, dende agora, máis voltas a un feito, unha negativa que non as ten. Agradecemos, polo demais, a preocupación do señor Rodríguez pola liña informativa de TEIMA.

Se quiere seguir tendo
 unha **teima** independente,

¡¡suscríbese!!

NOME		
DOMICILIO		
POBOACION		
PROVINCIA	PAIS	

TARIFAS DE SUSCRICION A TEIMA (Semanal)		
	ANUAL	SEMESTRAL
PENINSULA IBERICA	1.872 Ptas.	936 Ptas.
EUROPA:		
CORREO ORDINARIO	2.080 Ptas.	1.040 Ptas.
CORREO AEREO	3.120 Ptas.	1.560 Ptas.
RESTO DO MUNDO		
CORREO ORDINARIO	2.080 Ptas.	1.040 Ptas.
CORREO AEREO	4.500 Ptas.	2.250 Ptas.

TALON ADXUNTO N.º
 XEITO DE PAGO: XIRO POSTAL N.º
 IMPOSTO EN DATA
 CONTRA REEMBOLSO



BOLETIN DE DOMICILIACION BANCARIA

Nome e apelidos

Sr. Director de

Axencia

SEÑORES:

Agradeceríalles que con carácter á miña conta-libreta n.º..... atendan o recibo que anualmente- semestralmente presentáralles Sociedade Galega de Publicacións, S. A. pró pago da miña suscripción á revista TEIMA. Atentamente,

NOME		
DOMICILIO		
POBOACION		
PROVINCIA	PAIS	

TARIFAS DE SUSCRICION A TEIMA (Semanal)		
	ANUAL	SEMESTRAL
PENINSULA IBERICA	1.872 Ptas.	936 Ptas.
EUROPA:		
CORREO ORDINARIO	2.080 Ptas.	1.040 Ptas.
CORREO AEREO	3.120 Ptas.	1.560 Ptas.
RESTO DO MUNDO		
CORREO ORDINARIO	2.080 Ptas.	1.040 Ptas.
CORREO AEREO	4.500 Ptas.	2.250 Ptas.

TALON ADXUNTO N.º
 XEITO DE PAGO: XIRO POSTAL N.º
 IMPOSTO EN DATA
 CONTRA REEMBOLSO



BOLETIN DE DOMICILIACION BANCARIA

Nome e apelidos

Sr. Director de


Axencia

SEÑORES:

Agradeceríalles que con carácter á miña conta-libreta n.º..... atendan o recibo que anualmente- semestralmente presentáralles Sociedade Galega de Publicacións, S. A. pró pago da miña suscripción á revista TEIMA. Atentamente,

PRA SERVILO ONDE VOSTEDE VIVE, E POR ONDE VOSTEDE PASA.....

"A Caixa" ten cen portas



PALACIOS-VIGO

Coa nosa rede de sucursales saímos ao seu encontro, onde queira que esteña, pra lle facilitar as operacións de ingresar ou retirar o seu diñeiro coa maior rapidez e sin outro trámite que presentar a libreta ou o talón de conta corrente, tal como o fai na oficina onde abriu a súa conta.

A meirande parte das nosas sucursales están conectadas, electrónicamente polo moderno sistema de Teleproceso; un servizo exclusivo pra lle evitar esperas e chamadas telefónicas. Calquera das «Cen portas» que «A Caixa» abriu na provincia permitiránlle entrar na «súa casa» e chegar á súa conta.



Caja de Ahorro Municipal de Vigo

DONDE MAS PERSONAS AHORRAN EN LA PROVINCIA

AUTORIZADO POR EL B. DE E. EN 15/10/76